



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de febreiro de 2021 (973/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (on line)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D. Carlos López Font
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dezanove de febreiro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admon. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, Sr. Escariz Couso, e a xefa do Servizo de Asesoramento da Asesoría Xurídica, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(102).- APROBACIÓN ACTAS:

Apróbese a acta da sesión extraordinaria e urxente do 8 de febreiro e ordinaria do 11 de febreiro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(103).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE R/. D. BOSCO E R/. VENEZUELA). EXPTE. 628/441.

Visto o informe de fiscalización de data 11/02/2021, dáse conta da proposta de data 11/02/2021 formulada pola Mesa de Contratación:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA RONDA DE DON BOSCO E A RÚA VENEZUELA" redactado Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS SESENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (565.243,95 €) con data da sinatura dixital de 17 de xullo de 2020 (expte. 4683/443).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 01.10.2020

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS SESENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (565.243,95 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 98.100,19 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.05 (HUMANZ.T. LEAL, D. BOSCO-VENEZUELA).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020: 350.000 Euros

2021: 215.243,95 Euros



Concello de Vigo

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de xaneiro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe do Servizo de Vías e Obras Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 22 e 25 de xaneiro de 2021

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	EXTRACO, S.A.	97,36
2	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	97,29
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	97,04
4	CONSTRUCCIONES OREGA	94,55
5	ORECO, S.A.U.	93,53
6	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	93,29
7	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	90,65
8	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	89,55
9	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	88,21
10	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	88,00
11	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	84,66

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXTRACO, S.A. (A-32.002.644), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXTRACO, S.A., o día 29 de xaneiro de 2021, que presenta a documentación requirida o 9 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de febreiro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EXTRACO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EXTRACO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 de decembro de 2020, e 22 e 25 de xaneiro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., mediante resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019) de data 28 de xaneiro de 2021, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada.*
2. *Adxudicar a EXTRACO, S.A. (A-32.002.644) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela” (628-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 423.536,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 73.506,30 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(104).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE E LIMPEZA DE BIOMASA VEXETAL EN FINCAS CON RISCO DE LUMES. EXPTE. 12747/446.

Visto o informe de fiscalización, dáse conta da proposta de data 08/02/2021, formulada pola Mesa de Contratación:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio (12.747-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio (12.747-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada do contrato de servizos de Desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendios, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 27 de xullo de 2020 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 25 de setembro de 2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 525.000,00€, que inclúe un IVE de 91.115,70€ , o cal se imputará á partida 1710.2279900 “PRESTACIÓNS DE SERVIZOS ESPECIALIZADOS”, que se distribuirá en dúas anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

Ano	Importe
2020	225.000,00€
2021	300.000,00€

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de xaneiro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Programa de análise e avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 20 de xaneiro de 2021:

1. SERVITEC MEDIOAMBIENTE, S.L.
2. UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS E CRUZVAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio (12.747-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L.	91,50
2	LAPATIÁN, S.L.	83,94
3	MURAT CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTO, S.L.U.	81,31
4	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	70,19
5	CONTRATAS ANCAR, S.L.	68,19
6	EMDESFOR 2002, S.L.	51,75

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L. (B-36.574.200), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L., o día 26 de xaneiro de 2021, que presenta a documentación requirida o 4 de febreiro, dentro do prazo concedido.



Concello de Vigo

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de febreiro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 11 de decembro de 2020 e 20 de xaneiro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de SERVITEC MEDIOAMBIENTE, S.L. e UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS E CRUZVAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L., mediante resolución da concelleira delegada de Contratación de data 25 de xaneiro de 2021 (resolución da Alcaldía do 18.06.2019 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 20.06.2019) por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para consideralas xustificadas.*
2. *Adxudicar a EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L. (B-36.574.200) o procedemento aberto para a contratación do servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio (12.747-446) por un prezo total de 525.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de*

91.115,70 euros e cun desconto único do 24,60% de aplicación a todos os prezos unitarios fixados no apartado 3G) do Anexo I -FEC- do PCAP .

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(105).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MESTRES GOLDAR DE CASTRELOS. EXPTE. 16774/332.

Visto o informe xurídico de data 04/02/2021 e o informe de fiscalización de data 08/02/2021, dáse conta do informe-proposta de data 22/01/2021, asinado pola xefa do servizo de Educación e polo concelleiro-delegado da Área de Educación, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 15 de marzo de 2016, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a Colegio Los Milagros SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expte 16774-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 10/04/2015 e a oferta presentada. No prego de cláusulas administrativas fíxase unha duración dos contratos de catro anos (periodo 08/04/2016 – 07/04/2020) e establecece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais.

Mediante escrito de data 23 de xaneiro de 2020, don José Luís Rey Parente como representante da entidade Colegio Los Milagros SL, manifesta a súa vontade e interese de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 2 de abril de 2020, acordou autorizar a prórroga do contrato para a xestión da Escola Infantil Municipal Mestres Goldar-Castrelos para o periodo comprendido entre o 08/04/2020 e o 07/04/2021.

Por último, mediante escrito de data 20 de novembro de 2020 (doc 200247484), don José Luís Rey Parente como representante da entidade Colegio Los Milagros SL, manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse á segunda e última prórroga do contrato por unha anualidade máis (periodo do 08/04/2021 ao 07/04/2022).

A prestación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos por parte da empresa actualmente adxudicataria (Colegio Los Milagros SL) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.



Concello de Vigo

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para a xestión da Escola Infantil Municipal Mestres Goldar-Castrelos (expte 16774-332) para o período comprendido entre o 08/04/2021 e o 07/04/2022, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer o importe da correspondente prórroga (181.572,72€) a favor de Colegio Los Milagros SL (EIM Mestres Goldar-Castrelos, expte 16774-332). A súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2021 (08/04/2021-31/12/2021)

128.201,03 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.14 (Escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos), e bolsa de vinculación.

Ano 2022 (01/01/2022-07/04/2022)

53.371,69 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.14 (Escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos), e bolsa de vinculación.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(106).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPTE. 3815/440.

Visto o informe xurídico de data 08/02/2021 e o informe de fiscalización de data 10/02/2021, dáse conta do informe-proposta de data 04/02/2021, asinado pola xefa do servizo de Educación, polo concelleiro-delegado da Área de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local, aprobou na sesión extraordinaria e urxente do 21 de outubro de 2016, o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a prestación dos SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO, o prego de prescricións técnicas particulares, o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación, así como, a autorización do gasto.

2.- Adxudicación.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 03 de febreiro de 2017, acordou adxudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (expediente 3815-440), por un prezo total do contrato de 11.323.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.965.180,00 euros.

3.- Formalización do contrato.- Con data 26 de abril de 2017 asinouse o contrato entre o Concello de Vigo e a mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., como empresa adxudicataria para a prestación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do Concello de Vigo, de conformidade co citado acordo de adxudicación, e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20-04-2017 de continuar coa

tramitación do expediente, unha vez resolto o recurso especial en materia de contratación interposto contra a devandita adxudicación.

4.- Prazo. O prazo do contrato é de 4 anos a contar dende o 1 de maio de 2017, estando contempladas dúas prorrogas de un ano cada unha.

5.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 4 de xullo de 2019 acordou aprobar a revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2018 a favor da mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U con CIF ESB15857220 como adxudicataria do contrato *SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO*, resultando tras a aplicación dos correspondentes criterios de revisión un novo prezo anual de **2.831.631,15 €** IVE incluído.

II.- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:

1º.- A cláusula 31 do **PCAP** establece que:

1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ao responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

2.- O importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.

O apartado 3.j) das FEC dispón que:

*A revisión do prezo do contrato realizarase a partir do primeiro ano da execución do contrato. O coeficiente de revisión do prezo aplicable será o **ÍNDICE DO SECTOR DE ACTIVIDADES DE LIMPEZA** (incluído no índice de prezos do sector *servizos_IPS*, publicado polo INE). Dito coeficiente será de aplicación ao Importe dos custes de execución do contrato (IEM). Este importe será igual o prezo de adxudicación do contrato excluíndo do mesmo os gastos xerais, o beneficio industrial e o IVE. O IEM deberá ser especificado polo licitador no orzamento desglosado axuntado co sobre C.*

Polo tanto, como queira que o contrato iniciouse o 1 de maio de 2017, tendo transcorrido o prazo sinalado no citado apartado 3.J. das FEC, e aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 04-07-2019 a primeira revisión de prezos, procedería a revisión de prezos para os seguintes períodos:

Segunda revisión dende o 1 de maio de 2019. – Para aplicar ao período de contrato do 1 de maio de 2019 a 30 de abril de 2020.

Terceira revisión dende o 1 de maio de 2020. – Para aplicar ao período de contrato do 1 de maio de 2020 a 30 de abril de 2021.

2º.- Cálculos para a revisión de prezos.

Índices.- Para o calculo da revisión téñense en conta os seguintes datos:

Índices de prezos do sector de servizos.

Índice Actividades de Limpeza:



Concello de Vigo

1er trimestre 2018	100,623
2do trimestre 2018	100,724
3er trimestre 2018	100,793
4to trimestre 2018	100,901
1er trimestre 2019	101,123
2do trimestre 2019	101,124
3er trimestre 2019	101,105
4to trimestre 2019	100,994
1er trimestre 2020	101,446
2do trimestre 2020	101,552

Cálculo do IEM

Oferta:	11.323.180,00 €
IVE	1.965.180,00 €
Importe sen IVE	9.358.000,00 €
Importe anual (sen IVE)	2.339.500,00 €
Gastos xerais e Beneficio industrial (4,22%)	94.757,30 €
Valor do Importe anual dos custes de execución do contrato (IEM)	2.244.760,30 €

Data de referencia para aplicación do índice (art. 89.4 TRLCSP)

A revisión de prezos farase respecto da data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de oferta, ou respecto da data en que termine dito prazo de tres meses si a adxudicación se produce con posterioridade.

Fin de presentación ofertas	02/12/2016
Tres meses	02/03/2017
Data de formalización	26/04/2017

Segunda revisión de prezos

		índices
Data inicial de referencia para 2ª revisión	Maio de 2018	100,724
Data final de referencia para 2ª revisión	Maio de 2019	101,124
Valor diferencial para revisión	$((101,124/100,724)-1)*100$	0,40%
Valor do Importe anual dos custes de execución do contrato (IEM)tras a 1ª revisión de prezos		2.245.433,73 €
Incremento do 0,40 %		8.981,73 €
NOVO PREZO (IEM)		2.254.415,46 €
GG+BI (4,22%)		95.136,33 €
Novo Importe anual sen IVE		2.349.551,79 €

	IVE (21%)	493.405,88 €
Novo importe anualidade para periodo 01/05/2019 ata 30/04/2020		2.842.957,67 €
	Novo importe mensual	284.295,77 €

Terceira revisión de prezos

		índices
Data inicial de referencia para 3ª revisión	Maio 2019	101,124
Data final de referencia para 3ª revisión	Maio de 2020	101,552
Valor diferencial para revisión	$((101,552/101,124)-1)*100$	0.42%
Valor do Importe anual dos custes de execución do contrato (IEM)tras a 2ª revisión de prezos		2.254.415,46 €
Incremento do 0,42 %		9.468,54 €
NOVO PREZO (IEM)		2.263.884,00 €
GG+BI (4,22%)		95.535,90 €
Novo Importe anual sen IVE		2.359.419,90 €
IVE (21%)		495.478,18 €
Novo importe anualidade para periodo 01/05/2020 ata 30/04/2021		2.854.898,08 €
	Novo importe mensual	285.489,81 €

3º.- Atrasos. En consecuencia co anteriormente exposto existen atrasos nos seguintes importes:

Atrasos segunda revisión de prezos do 1 de maio de 2019 a 30 de abril de 2020 (10 meses): **11.326,6 €**

Atrasos terceira revisión de prezos do 1 de maio de 2020 a 30 de xaneiro de 2021 (7 meses): **8.358,56 €**

III.- APLICACIÓN DOS CRÉDITOS MUNICIPAIS DA REVISIÓN DE PREZOS

O artigo 94 do TRLCSP establece que “O importe das revisións que procedan se fará efectivo, de oficio, mediante o abono ou o desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando podan incluírse nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

A cláusula 31 do Prego de Prescricións Administrativas Particulares establece que *o importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.*

Para poder afrontar o gasto indicado, detraerase esta obriga económica da partida 3230-2270000 “Limpeza colexios” e bolsa de vinculación, cedendo crédito a partida 3230-2270001.

IV.- COMPETENCIA E PROPOSTA.

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do



Concello de Vigo

Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Por razóns temporais son de aplicación a este contrato, adxudicado pola XGL o 3 de febreiro de 2017 e cuxo anuncio de licitación publicouse no DOUE o 26 de outubro do 2016, os arts. 89 e ss. do TRLCSP 3/2011 antes da súa modificación pola Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, en cuxa Disposición transitoria se establece que o réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos dentro do ámbito de aplicación do TRLCSP cuxo expediente de contratación se iniciase antes da entrada en vigor do Real Decreto de desindexación ó que se refiren os arts. 4.3 e 5 da Lei (03/02/2017) será o previsto nos Pregos correspondentes. A estes efectos, se entenderá que os expedientes de contratación foron iniciados si se tivese publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato.

A Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, é o órgano competente para adoptar o acordo de revisión de prezos (art. 127 LRBRL e Disposición Adicional segunda. apdo. 3 TRLCSP).

Previamente a remitir expediente á Secretaría da Xunta de Goberno Local, para a súa inclusión na orde do día, a Intervención Xeral deberá emitir informe de fiscalización favorable (art. 214 TRLRFL e Disposición Adicional segunda, apdo. 8 TRLCSP).

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2019 a favor da mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U con CIF *ESB15857220* como adxudicataria do contrato *SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO*, resultando tras a aplicación dos correspondentes criterios de revisión un novo prezo anual de **2.842.957,67 €** IVE incluído de acordo cos seguintes cálculos:

Valor do Importe anual dos custes de execución do contrato (IEM)tras a 1ª revisión de prezos	2.245.433,73 €
Incremento do 0,40 %	8.981,73 €
NOVO PREZO (IEM)	2.254.415,46 €
GG+BI (4,22%)	95.136,33 €
Novo Importe anual sen IVE	2.349.551,79 €
IVE (21%)	493.405,88 €
Novo importe anualidade para periodo 01/05/2019 ata 30/04/2020	2.842.957,67 €
Novo importe mensual	284.295,77 €

Segundo.- Aprobar a revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2020 a favor da mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U con CIF *ESB15857220* como adxudicataria do contrato *SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO*, resultando tras a aplicación dos correspondentes criterios de revisión un novo prezo anual de **2.854.898,08 €** IVE incluído de acordo cos seguintes cálculos:

Valor do Importe anual dos custes de execución do contrato (IEM)tras a 2ª revisión de prezos	2.254.415,46 €
Incremento do 0,42 %	9.468,54 €
NOVO PREZO (IEM)	2.263.884,00 €
GG+BI (4,22%)	95.535,90 €
Novo Importe anual sen IVE	2.359.419,90 €
IVE (21%)	495.478,18 €
Novo importe anualidade para periodo 01/05/2020 ata 30/04/2021	2.854.898,08 €
Novo importe mensual	285.489,81 €

Para a súa financiación aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria 3230-2270000 "Limpeza colexios" e bolsa de vinculación, cedendo crédito a partida 3230-2270001.

Terceiro.- Recoñecer en concepto de atrasos polos períodos comprendidos entre o 1 de maio de 2019 a a 30 de abril de 2020: **11.326,6 €** e o 1 de maio de 2020 a 30 de xaneiro de 2021: **8.358,56 €** , sendo a cantidade total de **19.685,16 €** a favor de MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(107).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 41785/444.

Visto o informe xurídico de data 05/02/2021 e o informe de fiscalización de data 10/02/2021, dáse conta do informe-proposta de data 03/02/2021, asinado pola enxeñeira industrial do Servizo de Electromecánicos, polo xefe do servizo Administrativo e Control orzamentario, polo xefe do servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de novembro de 2017, acordou aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación



Concello de Vigo

ordinaria e gasto anticipado, do SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 41785/444), así como o Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial, cos anexos do listado dos puntos de subministros de enerxía eléctrica actuais, asinados con data 7 de setembro de 2017 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 10 de novembro de 2017.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de xaneiro do 2018, acordou, "*Adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (41.785-444). Sendo o prezo total do contrato o de 11.778.593,26 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.044.218,66 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*".

3.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 26/02/2018, e consta na Cláusula cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos, contado a partir do 1 de marzo de 2018, estando previstas dúas prórrogas de un ano cada unha.

4.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2020, acordou "*Aprobar a prórroga dun ano de duración do contrato de SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 41785/444), formalizado coa entidade mercantil GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. polo período dun ano, comprendido dende o 1 de marzo de 2020 ata o 28 de febreiro de 2021.*"

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

1.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola normativa anterior en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas. Así mesmo de acordo coa "Disposición final decimosexta" a entrada en vigor desta Lei se produce os catro meses da súa publicación (09/11/2017), correspondéndose co 09/03/2018, e polo tanto en relación ao obxecto deste expediente, será de aplicación o RD lexislativo 3/2.011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

2.- O artigo 23 do RD lexislativo 3/2.011, de 14 de novembro, por el que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e a concorrência para a súa adxudicación realizárase tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos o período de prórroga. A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse o consentimento tácito das partes.

3.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de novembro de 2017, establece expresamente na Cláusula 7.3

que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista.

O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas cunha duración dun ano cada unha.

4.- Na actualidade o Concello de Vigo se atopa na fase de estudo de outras alternativas para a xestión das necesidades de subministro de enerxía eléctrica, e fundamentalmente en relación a proxectos para unha xestión máis sostible, tanto en relación os elementos xeradores de consumo, como así mesmo en relación a unha proposta sobre utilización de enerxías renovables. Esta proposta de estudo se atopa a día de hoxe pendentes das diferentes propostas que dende o Estado se están avanzando en relación a posibles axudas e incentivos vinculados os Fondos Europeos de Recuperación, así como ao novo ciclo dos Fondos FEDER 21/27. Así mesmo con data 29 de decembro o Concello de Vigo solicitou ao IDAE "Instituto para a Diversificación e aforro da Enerxía, 5 proxectos de investimento para a mellora do alumeadado publico viario, que de ser aprobadas posibilitará o desenvolvemento dun proxecto integral para a xestión do alumeadado público.

A continuidade desta situación, así como as novas expectativas sobre a posibilidade de incentivos económicos para o desenvolvemento dun proxecto integral sobre o alumeadado público, aconsellan propor unha continuidade do actual contrato de subministro de enerxía eléctrica, xa que o mesmo responde adecuadamente as condicións actuais do mercado en relación as prestacións obxecto do mesmo, é o funcionamento dos subministros durante este prazo de execución foi satisfactorio, e desta maneira, establécese un período para poder finalizar os estudos que se atopan en marcha sobre as propostas para mellorar a xestión dos consumos de enerxía eléctrica por parte do Concello de Vigo.

A vista destas consideracións considérase conveniente propor a prórroga do contrato de SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 41785/444) por un período dun ano.

5.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª.apartado 3 do TRLCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

6.- O período da segunda prórroga do contrato comprenderá dende o 1 de marzo de 2021 ao 28 de febreiro de 2022, sendo o prezo anual do contrato de cinco millóns oitocentos oitenta e nove mil douscentos noventa e seis euros con sesenta e tres céntimos (5.889.296,63 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de un millón vinte dous mil cento nove euros con trinta e tres céntimos (1.022.109,33 euros).

7.- O importe da prórroga imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria			2021	2022	Total
133 0	221.00.0 0	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	65.300,00 €	19.700,00 €	85.000,00 €
165 0	221.00.0 0	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	2.245.000,00 €	1.200.000,00 €	3.445.000,00 €



Concello de Vigo

171 0	221.00.0 0	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	54.300,00 €	15.700,00 €	70.000,00 €
323 0	221.00.0 0	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	325.000,00 €	225.000,00 €	550.000,00 €
342 0	221.00.0 0	subministro eléctrico - inst. deportivas	504.296,63 €	185.000,00 €	689.296,63 €
920 0	221.00.0 0	subministro eléctrico - dependencias municipais	735.000,00 €	315.000,00 €	1.050.000,00 €
Total			3.928.896,63 €	1.960.400,00 €	5.889.296,63 €

8.- Consta no expediente, a conformidade da mercantil *GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.*, sobre a presente proposta de prorroga.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a segunda prórroga dun ano de duración do vixente contrato de SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 41785/444), formalizado coa entidade mercantil *GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.* polo período dun ano, comprendido dende o 1 de marzo de 2021 ata o 28 de febreiro de 2022.

Segundo.- Autorizar o gasto do contrato de SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 41785/444) a favor da entidade mercantil *GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.* polo importe de cinco millóns oitocentos oitenta e nove mil douscentos noventa e seis euros con sesenta e tres céntimos (5.889.296,63 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de un millón vinte dous mil cento nove euros con trinta e tres céntimos (1.022.109,33 euros); todo isto de acordo cos prezos unitarios establecidos no acordo de adxudicación e as condicións recollidas no PCAP.

O gasto será de aplicación ás seguintes partidas orzamentarias, e segundo a seguinte distribución anual:

Aplicación orzamentaria			2021	2022	Total
133 0	221.00.0 0	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	65.300,00 €	19.700,00 €	85.000,00 €
165 0	221.00.0 0	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	2.245.000,00 €	1.200.000,00 €	3.445.000,00 €

171 0	221.00.0 0	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	54.300,00 €	15.700,00 €	70.000,00 €
323 0	221.00.0 0	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	325.000,00 €	225.000,00 €	550.000,00 €
342 0	221.00.0 0	subministro eléctrico - inst. deportivas	504.296,63 €	185.000,00 €	689.296,63 €
920 0	221.00.0 0	subministro eléctrico - dependencias municipais	735.000,00 €	315.000,00 €	1.050.000,00 €
Total			3.928.896,63€	1.960.400,00 €	5.889.296,63 €

Terceiro.- Notificar á mercantil GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(108).- PROPOSTA DE REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CONTRA A ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2020, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXPTE. 18017/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/02/2021, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo concelleiro-delegado de Cultura e Emprego; conformado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- No **DOG Núm. 22 do Mércores, 3 de febreiro de 2021**, consta publicada a **Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade**, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código do procedemento TR353A).



Concello de Vigo

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021-2022.

II. O **artigo 18 da ORDE do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade**, determina a *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*, indicando no seu apartado 2.f) :

“f) Se é o caso, certificado conxunto da Fegamp e da Xunta de Galicia, expedido con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, no que se acredite a proposta de habilitación do concello como «Concello Emprendedor-Concello Doing Business» ou diploma no que se acredita como «Concello Emprendedor-Concello Doing Business.»

II. O **Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA"**, ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "**Concellos Doing Business Galicia**".

- O procedemento de adhesión implica:

1º.- Manifestar o desexo de adhesión mediante adopción dun acordo de órgano colexiado ou decreto de Alcaldía

2º.- Unha vez que os concellos leven a pleno a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas e procedan á súa publicación no BOP, cómpre remitir á FEGAMP para favorecer o seguimento do expediente.

3º.- Remitir o acordo de aprobación definitiva das ordenanzas e a súa publicación no BOP.

4º.- Reunión da Comisión Técnica de Seguimento para análise da proposta de habilitación daqueles concellos que cumpran os requisitos.

5º.- Remisión do certificado “concello emprendedor” asinado polo presidente da FEGAMP e da Xunta de Galicia ao concello solicitante.

- O **Protocolo** asinado o **10 de outubro de 2017** entre o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da FEGAMP reflicte na súa **cláusula segunda** os compromisos dos Concellos para que poidan participar na iniciativa “Doing Business Galicia” mediante a adopción das seguintes medidas:

1.- Imposto sobre bens inmobles: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

2.- *Imposto sobre actividades económicas: aprobar mediante acuerdo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.*

3.- *Imposto sobre construcións, instalacións e obras: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.*

4.- *Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: aprobar mediante acordo plenario o establecemento á non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

5.- *Taxa pola apertura de establecementos: aprobar mediante acordo plenario o establecemento á non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

6.- *Compromiso de resolver as solicitudes de licenzas de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou un autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.*

7.- *En materia de solo empresarial, aqueles concellos que sexan titulares deste tipo de solo, adoptan o compromiso de fixar prezos competitivos das parcelas establecendo bonificacións sobre os mesmos que variarán segundo a zona do territorio onde estean ubicados.*

Así mesmo, comprométense a incorporar e ofrecer ás empresas a posibilidade de acudir á figura xurídica do dereito de superficie nos termos regulados no artigo 53.1 do Real Decreto



Concello de Vigo

Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

8.- En relación coa bonificación potestativa de ata o 95% no IBI; IAE ou ICIO para supostos declarados en especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, estableceranse os seguintes tramos:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballos*
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballos*
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballos*

9.- As medidas de carácter fiscal comprometidas deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios.”

*A **cláusula terceira** do Protocolo adicada aos compromisos da Xunta de Galicia dispón:*

Os concellos que se acollan á iniciativa “Doing Business Galicia” veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:

1.- A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.

2.- Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.

3.- Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de “Concello Doing Business Galicia”, o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e indentificará os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.

*A **cláusula quinta** establece o réxime xurídico do Protocolo , indicando que se limita a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obrigacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente.*

- Con data **13 de decembro de 2017** foi asinada unha **Addenda ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP** para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA", logo de que a FEGAMP, en reunión ordinaria da súa Comisión Executiva celebrada o 15 de novembro de 2017, acordase solicitarlle á Xunta de Galicia que a adopción dos acordos por parte de cada Concello derivados do disposto nos apartados 4 e 5 da cláusula segunda anteriormente transcrita teñan carácter voluntario, así como facer extensiva a posibilidade de incluír nos mesmos "os beneficios fiscais que sexan aplicables" a maiores dos supostos de non suxeición xa mencionados.

E polo exposto, acordan que a redacción dos apartados 4 e 5 da cláusula segunda Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Bussines Galicia" quede como segue:

"4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

5.- Taxa pola apertura de establecementos: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

O resto das cláusulas mantéñense invariables."

III.- No artigo 24 da ORDE do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, establécense os **Criterios de valoración** dos proxectos:

"1. Na valoración dos proxectos de obradoiros duais de emprego teranse en consideración os seguintes criterios:

a) Que o proxecto conteña actividades relacionadas co fomento das TIC e a economía dixital, ata un máximo de 10 puntos. O total dos puntos dividirase entre o número de especialidades impartidas. Os puntos que corresponden a cada especialidade outorgaranse cando o seu obxecto principal estea comprendido no ámbito das TIC ou da economía dixital. Se esta dedicación so afecta a parte da formación da especialidade, distribuiranse en función das horas que correspondan a ditas materias.

b) Accións formativas dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade, ata 8 puntos, de acordo cos seguintes criterios:



Concello de Vigo

– Impartición de todos os módulos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade nivel 1: un certificado (1 punto), por dous ou máis certificados (3 puntos).

– Impartición de todos os módulos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade nivel 2: un certificado (3 puntos), por dous ou máis certificados (5 puntos).

– Impartición de todos os módulos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade nivel 3: un certificado (5 puntos), por dous ou máis certificados (8 puntos).

c) Calidade do proxecto, atendendo ás actuacións que se van a realizar e a súa adecuación para a cualificación e adquisición de experiencia profesional do alumnado-traballador e dos beneficios sociais que se prevexa xerar, ata 6 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

– Proxectos considerados de baixa calidade: 0 puntos.

– Proxectos considerados de calidade media: ata 3 puntos.

– Proxectos considerados de alta calidade: ata 6 puntos.

d) Programa de incentivos á contratación laboral temporal do colectivo participante á finalización dos obradoiros. Valorarase que as entidades promotoras desenvolvan un programa de inserción laboral das persoas participantes que rematen o obradoiro con resultado de apto/a, a través da publicación dunha convocatoria de incentivos á contratación laboral temporal por conta allea durante un mínimo de 3 meses a xornada completa en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego. Porase a disposición na sede electrónica un anexo V como modelo orientativo de convocatoria. Valorarase cun máximo de 20 puntos, en función dos compromisos de solicitude de incentivos á contratación temporal asinados por parte do tecido empresarial directamente relacionado co ámbito de formación do obradoiro dual de emprego, seguindo o modelo do anexo IV. Cada persoa solicitada nos compromisos de solicitude valorarase con 1 punto.

e) Proxectos promovidos por un concello resultante da fusión de dous ou máis nos 10 anos anteriores á data de publicación da orde: 30 puntos.

f) Proxectos promovidos por dous ou máis concellos agrupados: 10 puntos. A puntuación deste criterio é incompatible coa indicada no punto anterior.

g) Para concellos que concorran agrupados valórase a media do paro rexistrado no ano natural inmediatamente anterior ao da convocatoria no conxunto do ámbito territorial dos concellos agrupados de acordo coa seguinte escala:

– Media de paro entre 1.500 e 3.000 persoas: 3 puntos.

– Media de paro entre 3.001 e 4.500 persoas: 6 puntos.

– Media de paro de mais de 4.500 persoas: 10 puntos.

A puntuación deste criterio é incompatible coa indicada no punto e).

h) Concellos que teñan a condición de «Concello Emprendedor-Concello Doing Business Galicia» acreditado segundo o disposto no artigo 18.2.f) (20 puntos). No caso de que a solicitude estea presentada conxuntamente por agrupación de concellos baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, ...) outorgarase a puntuación en función da porcentaxe de concellos que teñan tal condición.

i) Achegas da entidade promotora ou doutras entidades colaboradoras, que deberán estar certificadas pola persoa titular da intervención ou cargo equivalente da entidade promotora, especialmente cando estas achegas diminúan a subvención que poida conceder a Consellería de Emprego e Igualdade, ata 3 puntos. Para ese efecto, terase en conta o esforzo investidor en cada caso, de acordo coa seguinte escala:

– Proxectos nos que a achega económica das promotoras estea comprendida entre 5.000 e 20.000 euros: 1 punto.

– Proxectos nos que a achega económica das promotoras estea comprendida entre 20.001 e 45.000 euros: 2 puntos.

– Proxectos nos que a achega económica das promotoras sexa superior a 45.000 euros: 3 puntos.

j) Entidades solicitantes que non promovesen proxectos de obradoiros de emprego durante os catro anos inmediatamente anteriores: 3 puntos.

2. Para o caso de que se produza un empate nas puntuacións obtidas, terán preferencia aquelas solicitudes nas que se utilice a lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos. No caso de que se manteña o empate concederase a axuda atendendo á orde de presentación da solicitude.

3. O número máximo de alumnado para a formación e prácticas profesionais dos obradoiros duais de emprego que se financien con cargo á presente orde de convocatoria será de 20. Así mesmo, o número máximo de incentivos á contratación laboral por obradoiro dual de emprego a financiar con cargo á presente orde de convocatoria será de 20.”

IV. Cualificación do Concello de Vigo coma “CONCELLO EMPRENDEDOR”:

Documéntanse a continuación as medidas desenvolvidas polo Concello de Vigo coma “**Concello Emprendedor**” por mor da súa implicación de xeito directo no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia dende hai case dúas décadas:



Concello de Vigo

1º.- O Concello-Pleno, a proposta da Concellería de Emprego, na súa sesión de data **5 de xuño de 2000**, aprobou o Plan Municipal de Emprego 2000-2003. Dito plan contemplaba, entre outras medidas, as axudas á creación de empresas, ben a través de subvención directa ou ben a través de bonificacións en determinados impostos municipais, e recollía o concepto de *Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM)*.

2º.- A Comisión de Goberno, en sesión do **04 de setembro de 2000**, acordou a incorporación ás Ordenanzas Fiscais para o ano 2001 de bonificacións fiscais en determinados *impostos e taxas municipais*, para aqueles proxectos declarados de interese municipal (proxectos PEIM), independentemente da súa forma xurídica, que teñan domicilio no ámbito territorial do Concello de Vigo.

3º.- O Plan Municipal de Emprego 2008-2011, aprobado en sesión plenaria da Corporación Municipal de data **29 de abril de 2008**, segue a contemplar o apoio municipal aos Proxectos Empresariais de Interese Municipal (PEIM).

4º.- A **Xunta de Goberno Local**, na sesión ordinaria do **14/03/2011**, aprobou as **Bases reguladoras para a cualificación dos proxectos empresariais de interese municipal-PEIM** (expte. 8053/77), nas que se delimitan as características, requisitos e procedemento de cualificación desta figura, en liña coas Iniciativas Locais de Emprego da Xunta de Galicia, pero exclusivamente xeradas e apoiadas economicamente no ámbito municipal (artigo 2.b) do capítulo I, do Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas locais de emprego)

- De acordo co disposto no artigo 1 das bases reguladoras:

Poderán te-la consideración de proxectos PEIM, aqueles proxectos empresariais, independentemente da súa forma xurídica, co seu domicilio fiscal e social no ámbito territorial do Concello de Vigo, e que teñan por obxecto:

- 1-Fomentar a posta en marcha de actividades consideradas innovadoras, emerxentes ou novos filóns de emprego, ou ben,*
- 2-O autoemprego de colectivos específicos que se constituán como empresarios, como un dos medios mais axeitados para a súa integración laboral.*

- Os referidos proxectos empresariais, para que poidan ser cualificados como de interese municipal, deberán cumprir-los seguintes requisitos (artigo 2):

- 1-Proxectos empresariais que reúnan as condicións de viabilidade e que xeren cando menos un posto de traballo estable.*
- 2-Que se trate de empresas privadas de nova creación ou empresas xa constituídas que incorporen aspectos innovadores na súa actividade ou nunha nova actividade.*
- 3-Que os seus promotores pertencen algún dos colectivos especificados no artigo 3º, ou ben que o obxecto da iniciativa empresarial estea comprendido nalgunha das actividades indicadas no artigo 4º das presentes bases.*
- 4-Que vaian desenvolver-la súa actividade maioritariamente no ámbito territorial do Concello de Vigo, e teñan o seu domicilio fiscal e social no mesmo.*
- 5-Acadar a puntuación mínima requirida, segundo os criterios de avaliación que se especifican no artigo 5º.*

- O artigo 5º reflicte os Criterios de avaliación:

Todos aqueles proxectos susceptibles de ser cualificados como proxectos PEIM, terán que acadar unha puntuación mínima de 70 puntos (condición necesaria, aínda que non suficiente para poder ser cualificado como proxecto PEIM), unha vez aplicada a táboa de valoración indicada, ó aplicar os seguintes criterios:

- 1-Colectivo/s ó/s que pertence/n o/s promotor/es do proxecto ou os socios e no caso das empresas xa constituídas relevancia na industria local.*
- 2-Actividade ou obxecto social da nova empresa e no caso de empresas xa constituídas as novas actividades que van a desenvolver. Neste ámbito valorarase as actividades vencelladas a sectores emerxentes ou novos filóns de emprego.*
- 3-Situación de desemprego dos promotores (tempo de permanencia nesta situación, segundo certificado de vida laboral) da nova empresa e de ser unha empresa xa constituída terase en conta a situación e tempo de permanencia no Concello.*
- 4-Natureza innovadora do proxecto, que optimicen os recursos infrautilizados ou ociosos no ámbito territorial no que van desenvolver-la súa actividade.*
- 5-Número de empregos estables creados e colectivos que se vaian contratar, tanto a xornada completa como a tempo parcial, por un período mínimo de 2 anos, valorándose especialmente a contratación de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. No caso das empresas xa constituídas valorarase as novas contratacións sempre e cando se produza un aumento da plantilla estable respecto o ano anterior.*
- 6-Interese do proxecto para a dinamización socio-económica da zona, tendo en conta así mesmo a ubicación do seu domicilio social (actividades turísticas ou de outro ámbito, que requiran un impulso para o seu fomento).*
- 7-Forma xurídica da empresa cualificada como proxecto "PEIM", dándolle prioridade ás empresas de economía social, co obxecto de incentivar e fomentar as mesmas e, por ende, o asociacionismo laboral.*
- 8-Contía do investimento que se vai levar a cabo no seu conxunto, e máis en concreto en activo fixo. No financiamento do mesmo terase en conta o ratio financiamento alleo fronte a financiamento propio. No caso de ser empresas xa constituídas terase en conta a contía do investimento necesario para a implantación da/s nova/s actividade/s.*
- 9-Experiencia laboral e formación dos promotores no sector no que van desenvolver a actividade, e que vai constitui-lo obxecto social da súa empresa. No caso de ser empresas xa constituídas valorarase os coñecementos e a experiencia dos socios nesa/s nova/s actividade/s.*

*Os criterios 1) e 2) valorarase de 0 a 20 puntos.
O criterio 5) valorarase de 0 a 15 puntos.*



Concello de Vigo

Os criterios 4), 6) e 8) valoraranse de 0 a 10 puntos.

Os criterios 3), 7) e 9) valoraránse de 0 a 5 puntos.

5º.- As vixentes **Ordenanzas Fiscais do 2021**, coas últimas modificacións publicadas no BOPPO número 233, do mércores, 2 de decembro de 2020, contemplan as seguintes medidas para fomento da implantación e fixación de empresas no territorio (https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?idt=concellodixital11&lang=ga):

- Ordenanza Fiscal nº 4 Reguladora do Imposto de Actividades Económicas:
 - *artigo 5.1: “Están exentos do imposto: (...)*
 - b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, a partir do un de xaneiro de 2003, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.*
 - *- artigo 6.1: “Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio dunha actividade empresarial cualificada polo Concello como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM), e tributen por cota municipal, gozarán, trala exención regulada no artigo 5.1.b) desta Ordenanza, durante os cinco exercicios seguintes dunha bonificación na cota do 50%”.*
 - *- artigo 6.5: “Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10%, ou porcentaxe superior, o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido nos seus centros de traballo no municipio de Vigo, durante o período impositivo anterior, terán unha bonificación do 35% na cota do Imposto”.*

- Ordenanza Fiscal nº 5 Reguladora do Imposto sobre construción, instalacións e obras:
 - *artigo 3.6. “As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) entenderáse de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2a) do RDL 2/2004. (...)”.*

- Ordenanza Fiscal nº 50 Reguladora dos dereitos e Taxas pola concesión de Licenzas de construcións, obras e instalacións e outros servizos urbanísticos:
 - *artigo 5.6: “Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”.*

- Ordenanza Fiscal nº 51 Reguladora das Taxas por Licenzas de Actividades e Instalacións:
 - *artigo 6: “As cotas relativas á taxa de licenza de actividades e instalacións calculadas segundo o artigo 5 desta Ordenanza gozarán dunha bonificación do 75% cando a licenza solicitada corresponda a un proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”.*

6º.- Segundo consta na aplicación informática da Xestión Municipal de Expedientes, a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo tramita as comunicacións previas e as solicitudes de licenzas presentadas de acordo ao réxime legalmente establecido no *Capítulo II do Título VI de “Intervención na edificación e uso do solo” da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)* - dacordo co procedemento de outorgamento do artigo 143 LSG e dentro dos prazos legalmente establecidos – tendo tramitado, en concreto, os seguintes Proxectos Empresariais Cualificados de Interese Municipal (PEIM) **nun prazo máximo de 30 días naturais** a contar desde que consta a documentación completa no rexistro do Concello:

- **“Residencia ASPANAEX”**: proxecto presentado pola *“Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra”* (ASPANAEX, G36605905), para a creación dunha residencia que dea resposta ás crecentes demandas de servizos de apoio á mellora da vida cotiá ás persoas con discapacidade intelectual, cualificado coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **8 de febreiro de 2018**, en expte. 14804-77.

A licenza de obras de reforma de residencia e centro de día solicitada o 06/02/2018, foi tramitada en expte. 95158/421, que logo da subsanación da documentación achegada foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais en data 24/04/2018 e pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia autorizando o centro en data 30/07/2018. E consta autorizada en data 09/08/2018,

- O **CENTRO LOXISTICO PORTO DE VIGO SOCIEDAD LIMITADA** (B27846773) achegou proxecto cualificado coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **27 de decembro de 2018** (Expte. 15783-77) para dar servizo ás diferentes empresas que traballan no sector do peixe conxelado no Norte de España e Portugal, téndose tramitado as comunicacións previas achegadas con nº de expediente 97392-421 e 100471-421.

- A **Residencia para persoas maiores** achegada por Thor Private Equistyspain S.L. (THOR SPAIN; B24583197) para dar servizo en función das necesidades das persoas maiores baixo o concepto de residencia activa, medio integrador entre a terceira idade e as xeracións precedentes dentro da área urbana de implantación, foi cualificada coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **15 de novembro de 2019**, en expte. 16.310/77.

A licenza de obras de derruba e de edificación, tramitada en exp. 97033/421, foi solicitada o 19/07/2018 e logo de sucesivas notificacións para subsanar a documentación achegada (finalmente achegada o 21/11/2018) foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais en datas 22/11/2018 e 26/11/2018. E en data 05/12/2018 consta autorizada a licenza de obras.

V. Os datos anteriormente reflectidos serán comunicados á Consellería de Emprego e Igualdade xunto coa solicitude que se presente para participar na convocatoria co código de procedemento TR353B da ORDE do 31 de decembro de 2020, achegando un Documento Anexo denominado **“ACREDITACIÓN DA CUALIFICACIÓN COMO CONCELLO-EMPREENDEDOR (art. 23.h)”**, aos efectos da puntuación establecida no artigo 23.1.h), en recoñecemento ao Concello de Vigo da súa cualificación coma Concello Emprendedor por mor da súa labor de fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos compromisos esixidos na **cláusula segunda** polo **Protocolo** asinado o **10 de outubro de 2017** e a súa posterior Addenda do **13 de decembro de 2017**.



Concello de Vigo

VI. Pero ademais do anterior, son **outras as medidas adoptadas polo Concello de Vigo para o fomento da implantación e fixación de empresas no seu territorio**, que exceden das estritamente esixidas pola cláusula segunda do Protocolo de Actuación para que os concellos poidan participar na iniciativa “Doing Business Galicia”, e das que cómpre destacar as seguintes:

1º.- AXUDAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS (cunha dotación orzamentaria anual de **200.000 €**):

O Concello de Vigo dando continuidade á súa actividade de fomento de emprego, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, ven desenvolvendo o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas desde o ano 2000, co obxecto de reforzar as medidas de apoio ao emprendemento e fomento da implantación e fixación de empresas no seu territorio.

Poden concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional constituídas no período comprendido na convocatoria que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Esta convocatoria incrementada no vixente exercicio nun importe de 130.000 euros, con respecto ao período anterior, pretende colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais outorgando especial atención á situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral, e a creación de emprego, por conta propia ou allea.

2º.- SUBVENCÍONS PARA FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (cunha dotación orzamentaria anual de **35.000 €**):

Subvencións dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas que se veñen convocando desde o ano 2016, para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

3º.- SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPRENDEDORES VIGO EMPRENDE:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 1 de febreiro de 2018 acordou aprobar o expediente de “Prestación de servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da Estratexia “DUSI Vigo Vertical”, *VIGO EMPRENDE*, adxudicado en data 31 de maio de 2018 por un prezo total de **179.080 €**, tendo unha duración dun ano e sete meses sen posibilidade de prórroga.

O servizo Vigo Emprende ten por obxecto realizar tarefas de información, asesoramento, formación e apoio a emprendedores e pequenas e medianas empresas (PEMES). Con este servizo trátase tanto de promover novas iniciativas empresariais, encauzando os proxectos

a través de información e formación, como de mellorar a través do asesoramento e formación a competitividade e sostenibilidade das pequenas e medianas empresas de carácter local que xa se atopan establecidas a fin de acadar as cotas de competitividade necesarias.

Debido á demanda das persoas usuarias do programa e á necesidade de seguir prestando un servizo de asesoramento e información a PEMES e emprendedores sustentada nos datos que reflicten os indicadores na cidade de Vigo, cunha tendencia claramente en ascenso, que tende a incrementarse mes a mes, e que ten acadado un alto nivel de satisfacción entre os seus usuarios (cunha nota media de 8,6 sobre 10), o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá ordenou en setembro de 2019 iniciar o expediente para a contratación dos servizos de Asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da Estratexia DUSI (Vigo Vertical), mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, o cal foi adxudicado por un prezo total de **300.793,90 €** para un período de execución de dous anos e unha posible prórroga de un ano.

4º.- AXUDAS Á CONTRATACIÓN (cunha dotación orzamentaria anual de 100.000 €):

A convocatoria do programa de axudas á contratación que se veñen convocando polo Concello de Vigo desde o ano 2000 teñen por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación de persoas desempregadas, e en concreto, as "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" ven promovendo a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo desde o ano 2014, para favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grao de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

· Requirimento previo de anulación/revogación (art. 44 LRXCA):

Contra a ORDE do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, procede interpoñer no prazo de dous meses a contar desde a súa publicación, requirimento potestativo fronte ao mesmo órgano que ditou a resolución, consonte ao previsto no artigo 44 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo coas seguintes consideracións xurídicas:

PRIMEIRO.- O Protocolo de Actuación carece de base legal para esixir os compromisos requiridos na súa cláusula segunda.

Tal e como o propio documento reflicte na súa *cláusula quinta* adicada ao *régime xurídico*, o Protocolo límitase "a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obrigacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente".



Concello de Vigo

En materia tributaria (e de bonificacións tributarias) rexe un estrito principio de reserva de lei. Así, o artigo 8 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, establece que "Se regularán en todo caso por Ley:(...) d) El establecimiento, modificación, supresión y prórroga de las exenciones, reducciones, bonificaciones, deducciones y demás beneficios o incentivos fiscales.(...)" establecendo o artigo 14 que " No se admitirá la analogía para extender más allá de sus términos estrictos el ámbito del hecho imponible, de las exenciones y demás beneficios o incentivos fiscales."

A tenor do réxime xurídico contemplado na cláusula quinta do Protocolo de Actuación, os compromisos exixidos na cláusula segunda para poder adquirir a cualificación de "Concello Doing Bussines Galicia" carecerían de base legal en aplicación dun estrito principio de reserva de lei.

Tras recoñecer a autonomía de Municipios e Provincias para a xestión dos seus respectivos intereses (artigos 137, 140 e 141), a Constitución Española (en diante CE) establece que as Facendas locais deben dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe aos Entes Locais, debendo nutrirse fundamentalmente de tributos propios e de participacións nos do Estado e das Comunidades Autónomas (art. 142). Establécese así o principio de suficiencia financeira, que pode caracterizarse, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, como orzamento ou garantía da autonomía local (véxanse, en tal sentido, as sentenzas do TC 104/2000, de 13 de abril e 48/2004, de 25 de marzo, nas que pode atoparse un detallado repaso á súa doutrina sobre o principio de suficiencia financeira das Facendas Locais).

En suma, aínda que suficiencia financeira non equivale a autofinanciación, a Constitución si que garante autonomía na decisión sobre os seus ingresos tributarios dentro dos límites establecidos na lei estatal, vetando ao regulador autonómico calquera intervención inxustificada sobre os mesmos.

O respecto a esta autonomía veta ao regulador autonómico da posibilidade de limitar pola vía dunha menor puntuación a aqueles concellos que non decidan adherirse a unha iniciativa autonómica que impón como requisito unha evidente limitación á autonomía local (de feito, o protocolo FEGAMP-Xunta establece como obriga da Xunta discriminar aos Concellos que non se adhiran). As medidas que se estiman adecuadas para promover a instalación de empresas no término municipal de Vigo véñense exercendo ininterrompidamente por este Concello (e non só pola vía dos beneficios fiscais) desde hai case vinte anos, non aceptándose a intromisión inxustificada do regulador autonómico na configuración ou cuantificación das mesmas.

É por iso polo que consideramos que o outorgamento de 20 puntos aos concellos coa cualificación de "Concello Doing Bussines Galicia" e de 0 puntos aos concellos que carezan de dita acreditación, en aplicación do criterio de valoración do artigo 24.1.h) da convocatoria non poden, baixo ningún suposto, ser aplicados.

SEGUNDO.- O criterio de valoración do artigo 24.1.h) da dita Orde provoca un efecto distorsionador da concorrencia respecto dos concellos que participan na convocatoria pública, que resulta claramente lesivo por provocar discriminación entre as entidades concorrentes e que atentaría aos principios xerais do artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

*A **cláusula terceira** do Protocolo adicada aos compromisos da Xunta de Galicia dispón que: Os concellos que se acollan á iniciativa “Doing Business Galicia” veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

E en concreto: 1.- A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.” (O subliñado é noso)

En aplicación da referida cláusula, o criterio de valoración do artigo 24.1.h) da Orde impugnada confire unha vantaxe aos Concellos adheridos á iniciativa Doing Business outorgando 20 puntos sobre un total de 100 aos Concellos cualificados pola administración autonómica coa “marca” creada no ano 2017 como “Concello Emprendedor- Concello Doing Business Galicia”. E outorga 0 puntos aos que non dispoñan de dito título, polo que lonxe “de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” o que determina é unha clara discriminación, que non atende a ningunha finalidade lexítima e que non pondera o esforzo ou grao de implicación das entidades municipais en acadar o obxectivo de dita iniciativa Doing Business, senón da vontade de sometemento aos ditados da Administración autonómica para esixir uns compromisos en virtude dun mero Protocolo de Actuación sen base legal e que vulneran a autonomía local garantida constitucional e legalmente para tomar decisións sobre as súas políticas de ingresos e gastos.

Polo exposto, o criterio de valoración do artigo 24.1.h) da Orde resulta claramente lesivo por provocar discriminación entre as entidades concorrentes e atentaría aos principios xerais do artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) de concorrencia competitiva, obxectividade e igualdade á hora de distribuír os fondos públicos.

E así mesmo vulneraría o esixido pola propia normativa aprobada pola Xunta de Galicia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia cuxo ámbito de aplicación abrangue as subvencións establecidas ou xestionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia.

A este respecto o artigo 3.2 da dita Lei autonómica dispón que serán de aplicación os principios de xestión contidos no artigo 5.2 da dita lei e os de información á que fai referencia o artigo 16 ás aportacións dinerarias sen contraprestación que realicen os demais entes vinculados ou dependentes da Xunta de Galicia e das entidades locais galegas. En todo caso, as aportacións gratuítas terán relación directa co obxecto da actividade contido na norma de creación ou nos seus estatutos. A concesión destas aportacións haberá de axustarse ás normas de procedementos elaboradas polas entidades en aplicación dos citados principios.

En identidade co establecido pola normativa estatal, o artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño indica que a xestión das subvencións á que se refire a presente lei se realizará de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.



- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A sentenza 264/2018, do 20 de febreiro (Rec. 3635/2015) ditada pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo sinala o seguinte: << *Por otro lado, alega la parte actora alega el trato desigual establecido por la disposición entre sus beneficiarios, favoreciendo a las organizaciones empresariales en detrimento de los sindicatos, lo que a su juicio provoca discriminación y contraría los principios comúnmente aceptados en un proceso de concurrencia competitiva. Por ello sostiene que se vulneran los principios de concurrencia competitiva, objetividad, e igualdad, a la hora de distribuir el presupuesto entre entidades empresariales (60%) y sindicales (40%).*

A su juicio, ello vulneraría el [artículo 8. 3 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones](#) :

Artículo 8 Principios generales

(.....)

3. *La gestión de las subvenciones a que se refiere esta ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:*

- a) *Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.*
- b) *Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.*
- c) *Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos .*

El derecho a la igualdad, en su perspectiva de igualdad en la aplicación de la ley, tal como ha sido interpretado por el Tribunal Constitucional y el Tribunal Supremo, en doctrina pacífica y constante, proscribte el tratamiento desigual de situaciones idénticas -dentro de la legalidad-, a menos que exista una justificación objetiva y razonable en la que fundamentar esa desigualdad de trato.

Por ello, para poder apreciar la existencia de ese trato discriminatorio injustificado es imprescindible: 1) que el recurrente ofrezca un término de comparación idéntico, no simplemente semejante o análogo; 2) que la desigualdad de trato carezca de una justificación objetiva y razonable; 3) que, siempre y en todo caso, la actuación administrativa ofrecida como término de comparación sea legalmente irreprochable."

A STC 10.11.88 (Pte. Sr. Truyol Serra) sinala que: "Sobre las exigencias que la igualdad impone en la creación del Derecho - igualdad en la ley- existe una muy amplia doctrina de este Tribunal, que puede sintetizarse ahora recordando que para que las diferenciaciones normativas pueden considerarse no discriminatorias "resulta indispensable que exista una justificación objetiva y razonable, de acuerdo con criterios y juicios de valor generalmente aceptados, cuya exigencia deba aplicarse en relación con la finalidad y efectos de la medida considerada, debiendo estar presente, por ello, una razonable relación de proporcionalidad entre los medios empleados y la finalidad perseguida, y dejando en definitiva al legislador, con carácter general, la apreciación y tratar desigualmente"(STC [75/1983](#), f. j. 2º).

Neste sentido, se ben a medida para fomento da implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma pode considerarse lexítima, obxectiva e razoable, o que non é razoable é a inexistencia de toda relación de proporcionalidade nos medios empregados e a

finalidade perseguida, porque a Iniciativa Doing Bussines Galicia non pondera as medidas adoptadas polas entidades municipais coma Concellos Emprendedores, senón unicamente se ditas entidades teñen implementado os compromisos esixidos por un mero Protocolo de Actuación, que determina o outorgamento, de ser o caso, dun certificado ou diploma coa cualificación de Concello Doing Bussines Galicia; documento que determina automaticamente o outorgamento ás ditas entidades concorrentes á convocatoria de subvencións, de 20 puntos sobre un total de 100 en aplicación do criterio de valoración do artigo 24.1.h).

Polo exposto, consideramos lesiva aos intereses municipais a Orde obxecto da presente impugnación porque tan contraria ao principio de igualdade é a norma que diversifica por un mero voluntarismo selectivo como aquela outra que, atendendo á consecución dun fin lexítimo, configura un suposto de feito, ou as consecuencias xurídicas que se lle imputan, en desproporción patente con aquel fin, ou sen atención ningunha a esa necesaria relación de proporcionalidade.

Isto é, trátase dunha cuestión de razoabilidade e proporcionalidade en relación coa finalidade da iniciativa aprobada.

Neste sentido, a *discriminación positiva* establecida pola Xunta de Galicia a favor *daqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100 do total*, resulta claramente discriminatorio e desproporcionado, porque unicamente persigue premiar a aqueles concellos que asumisen os compromisos esixidos pola Xunta de Galicia para acadar a súa “marca”, pero non ten en conta nin garda proporción ningunha coa baremación que, de ter en conta outras medidas para acadar a mesma finalidade, poderían acadar en tal concepto outros Concellos coma Vigo, pola súa labor de fomento do emprendemento e implantación de empresas no seu territorio.

CONCLUSIÓN:

En síntese, a fundamentación do presente requirimento se podería sintetizar nos seguintes motivos esencialmente:

1º.- A documentación esixida polo artigo 18.2.f) da Orde que resulta necesaria para acadar a puntuación do artigo 24.1.h), provoca unha transmutación dun mero distintivo ao que calquera concello podería acollerse voluntariamente nun requisito determinante para acadar a subvención, toda vez que outorga case a cuarta parte da puntuación total, producindo unha clara distorsión da concorrencia competitiva.

2º.- A iniciativa “Doing Bussines Galicia” - estranxeirismo innecesario, que non emprega ningún dos idiomas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia nin engade valor ningún - atenta ao debido respecto que esixen as relacións interadministrativas no lícito exercicio por cada unha das administracións para desenvolver libremente as súas competencias, sen ter que soportar inxerencias doutros entes na autonomía garantía constitucionalmente para



Concello de Vigo

desenvolver as súas políticas públicas, na que cabería encadrar a dita iniciativa “Doing Bussines Galicia” pola que a Xunta de Galicia considera a imposición dun ou doutro tipo tributario como mérito ou demérito para outorgar unha vantaxe aos concellos adheridos.

Polo exposto, o alcance da revogación se limitaría ao art. 24.1.h) da Orde impugnada, e non á súa totalidade, considerando que é este precepto o que introduce un factor discriminatorio que vulnera o art. 14 da CE e os principios xerais do artigo 8 da LXS e 5 da LSG, desde a perspectiva da prohibición de discriminación que, neste caso, se produce entre os concellos concorrentes á convocatoria e que carecen do certificado ou diploma de “Concello Emprendedor-Concello Doing Bussines Galicia”.

Polo que, na súa virtude, se require que se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 24.1.h) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de “Concello emprendedor-Concello Doing Business”, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ao presente requirimento.

É competente para formular este requirimento a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que correspóndelle a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

En base ao exposto, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

ÚNICO: Interpoñer, consonte ao disposto no art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO contra a ORDE do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código do procedemento TR353A) e, na súa virtude, se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 24.1.h) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de “Concello emprendedor-Concello Doing Business”, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ao presente requirimento.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(109).- PROPOSTA DE REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CONTRA A ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2020, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA OS PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA

NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (FORMACIÓN E APRENDIZAXE) NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXPTE. 18016/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/02/2021, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo concelleiro-delegado de Cultura e Emprego; conformado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- No **DOG Núm. 21. do Martes, 2 de febreiro de 2021**, consta publicada a **ORDE do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade**, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR353B).

Esta convocatoria enmárcase dentro do Programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020, número CCI2014ES05M90P001, cofinanciado cunha porcentaxe do 91,89 % pola Iniciativa de emprego xuvenil e o Fondo Social Europeo, en particular:

– Eixe 5. Integración sustentable no mercado de traballo das persoas mozas que non se atopan empregadas, nin participan en actividades de educación e formación, en particular no contexto da garantía xuvenil.

– Prioridade de investimento 8.2. Integración sustentable no mercado de traballo das persoas mozas que non se atopan empregadas, nin participan en actividades de educación nin formación, así como a mocidade que corre o risco de sufrir exclusión social e a procedente de comunidades marxinadas, en particular no contexto da garantía xuvenil.

– Obxectivo específico 8.2.2. Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación.

– Medida 8.2.2.5. Programa escolas obradoiro e casas de oficios e programas mixtos de emprego-formación.

II. O **artigo 17 da ORDE do 31 de decembro da Consellería de Emprego e Igualdade**, determina a *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*, indicando no seu apartado 2.e) :

“e) Se é o caso, documentación acreditativa de adhesión ao convenio “Doing Business Galicia”: certificado conxunto da Fegamp e da Xunta de Galicia, expedido con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, no que se acredite a proposta de habilitación do concello como “Concello Emprendedor-Concello Doing Business” ou diploma no que se acredita como “Concello Emprendedor-Concello Doing Business”. “

II. O **Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa**



Concello de Vigo

"CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA", ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa **"Concellos Doing Business Galicia"**.

- O procedemento de adhesión implica:

1º.- Manifestar o desexo de adhesión mediante adopción dun acordo de órgano colexiado ou decreto de Alcaldía

2º.- Unha vez que os concellos leven a pleno a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas e procedan á súa publicación no BOP, cómpre remitir á FEGAMP para favorecer o seguimento do expediente.

3º.- Remitir o acordo de aprobación definitiva das ordenanzas e a súa publicación no BOP.

4º.- Reunión da Comisión Técnica de Seguimento para análise da proposta de habilitación daqueles concellos que cumpran os requisitos.

5º.- Remisión do certificado "concello emprendedor" asinado polo presidente da FEGAMP e da Xunta de Galicia ao concello solicitante.

- O **Protocolo** asinado o **10 de outubro de 2017** entre o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da FEGAMP reflicte na súa **cláusula segunda** os compromisos dos Concellos para que poidan participar na iniciativa "Doing Business Galicia" mediante a adopción das seguintes medidas:

1.- Imposto sobre bens inmobles: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

2.- Imposto sobre actividades económicas: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

3.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan

declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: aprobar mediante acordo plenario o establecemento á non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

5.- Taxa pola apertura de establecementos: aprobar mediante acordo plenario o establecemento á non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

6.- Compromiso de resolver as solicitudes de licenzas de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou un autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.

7.- En materia de solo empresarial, aqueles concellos que sexan titulares deste tipo de solo, adoptan o compromiso de fixar prezos competitivos das parcelas establecendo bonificacións sobre os mesmos que variarán segundo a zona do territorio onde estean ubicados.

Así mesmo, comprométense a incorporar e ofrecer ás empresas a posibilidade de acudir á figura xurídica do dereito de superficie nos termos regulados no artigo 53.1 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

8.- En relación coa bonificación potestativa de ata o 95% no IBI; IAE ou ICIO para supostos declarados en especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, estableceranse os seguintes tramos:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballos*
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballos*
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballos*

9.- As medidas de carácter fiscal comprometidas deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios."



Concello de Vigo

*A **cláusula terceira** do Protocolo adicada aos compromisos da Xunta de Galicia dispón:*

Os concellos que se acollan á iniciativa "Doing Business Galicia" veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:

1.- A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.

2.- Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.

3.- Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de "Concello Doing Business Galicia", o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e indentificará os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.

*A **cláusula quinta** establece o réxime xurídico do Protocolo , indicando que se limita a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obrigacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente.*

- Con data 13 de decembro de 2017 foi asinada unha **Addenda ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP** para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA", logo de que a FEGAMP, en reunión ordinaria da súa Comisión Executiva celebrada o 15 de novembro de 2017, acordase solicitarlle á Xunta de Galicia que a adopción dos acordos por parte de cada Concello derivados do disposto nos apartados 4 e 5 da cláusula segunda anteriormente transcrita teñan carácter voluntario, así como facer extensiva a posibilidade de incluír nos mesmos "os beneficios fiscais que sexan aplicables" a maiores dos supostos de non suxeición xa mencionados.

E polo exposto, acordan que a redacción dos apartados 4 e 5 da cláusula segunda Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Business Galicia" quede como segue:

“4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

5.- Taxa pola apertura de establecementos: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación “a posteriori” para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

O resto das cláusulas mantéñense invariables.”

III.- No artigo 23 da ORDE do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade establécense os seguintes Criterios de valoración dos proxectos:

“1. Na valoración dos proxectos destes programas de emprego teranse en consideración os seguintes criterios:

a) Que o proxecto conteña actividades relacionadas co fomento das TIC e a economía dixital, ata un máximo de 14 puntos. O total dos puntos dividirase entre o número de especialidades impartidas. Os puntos que corresponden a cada especialidade outorgaranse cando o seu obxecto principal estea comprendido no ámbito das TIC ou da economía dixital. Se esta dedicación so afecta a parte da formación da especialidade, distribuiranse en función das horas que correspondan as ditas materias.

b) Accións formativas dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade, ata 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Impartición de todos os módulos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade nivel 1: un certificado (1 punto), por dous ou máis certificados (3 puntos).*

- Impartición de todos os módulos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade nivel 2: un certificado (3 puntos), por dous ou máis certificados (5 puntos).*

- Impartición de todos os módulos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade nivel 3: un certificado (5 puntos), por dous ou máis certificados (10 puntos).*

c) Calidade do proxecto, atendendo ás actuacións que se van realizar e a súa adecuación para a cualificación e adquisición de experiencia profesional do alumnado-traballador e dos beneficios sociais que se prevexa xerar, ata 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Proxectos considerados de baixa calidade, 0 puntos.*



Concello de Vigo

- *Proxectos considerados de calidade media, ata 5 puntos.*

- *Proxectos considerados de alta calidade, ata 10 puntos.*

d) Participación no proxecto do tecido empresarial existente no territorio no que se implantará. Xustificárase documentalmente que a formación e experiencia laboral previstas se axustan ás necesidades das empresas indicando expresamente a viabilidade da inserción laboral (6 puntos).

e) Proxectos promovidos por un concello resultante da fusión de dous ou máis nos 10 anos anteriores á data de publicación da orde (30 puntos). Cando resulte de aplicación o presente criterio non serán de aplicación os recollidos nos dous apartados seguintes referidos a agrupación de concellos.

f) Proxectos promovidos por dous ou máis concellos agrupados: 10 puntos.

g) Para concellos que concorran agrupados valórase o número de persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito territorial dos concellos agrupados no que se desenvolva o proxecto o último día do mes anterior a data de publicación do extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, ata 10 puntos de acordo coa seguinte escala:

- *Proxectos promovidos por unha agrupación de concellos que teña entre 0 e 10 persoas mozas inscritas, 0 puntos.*

- *Proxectos promovidos por unha agrupación de concellos que teña entre 11 e 25 persoas mozas inscritas, 3 puntos.*

- *Proxectos promovidos por unha agrupación de concellos que teña entre 26 e 50 persoas mozas inscritas, 5 puntos.*

- *Proxectos promovidos por unha agrupación de concellos que teña entre 51 e 100 persoas mozas inscritas, 8 puntos.*

- *Proxectos promovidos por unha agrupación de concellos que teña máis de 100 persoas mozas inscritas, 10 puntos.*

h) Concellos que teñan a condición de “Concello emprendedor-Concello Doing Business” Galicia acreditado segundo o disposto no artigo 17.2.e) (20 puntos). No caso de que a solicitude estea presentada conxuntamente por agrupación de concellos baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade,...) outorgárase a puntuación en función da porcentaxe de concellos que reúnan tal condición.

i) Achegas da entidade promotora ou doutras entidades colaboradoras, que deberán estar certificadas pola persoa titular da intervención ou cargo equivalente da entidade promotora, especialmente cando estas achegas diminúan a subvención que poida conceder a

Consellería de Emprego e Igualdade, ata 5 puntos. Para tal efecto, terase en conta o esforzo investidor en cada caso, de acordo coa seguinte escala:

- *Proxectos nos que a achega económica das promotoras estea comprendida entre 5.000 e 20.000 €: 1 punto.*
- *Proxectos nos que a achega económica das promotoras estea comprendida entre 20.001 e 45.000 €: 3 puntos.*
- *Proxectos nos que a achega económica das promotoras sexa superior a 45.000 €: 5 puntos.*

j) Entidades solicitantes que non promoveran Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil ou Obradoiros de emprego para persoas mozas, financiados con fondos POEX, durante os catro anos inmediatamente anteriores: 5 puntos.

2. Para o caso de que se produza un empate nas puntuacións obtidas terán preferencia aquelas solicitudes nas que se utilice a lingua galega na execución dos proxectos. No caso de que se mantéña o empate concederáse a axuda atendendo á orde de presentación da solicitude.

3. O número máximo de alumnado dos programas que se concedan con cargo á presente orde será de 16 e non se concederá a axuda para programas de menos de 10.”

IV. Cualificación do Concello de Vigo coma “CONCELLO EMPRENDEDOR”:

Documéntanse a continuación as medidas desenvolvidas polo Concello de Vigo coma “**Concello Emprendedor**” por mor da súa implicación de xeito directo no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia dende hai case dúas décadas:

1º.- O Concello-Pleno, a proposta da Consellería de Emprego, na súa sesión de data **5 de xuño de 2000**, aprobou o Plan Municipal de Emprego 2000-2003. Dito plan contemplaba, entre outras medidas, as axudas á creación de empresas, ben a través de subvención directa ou ben a través de bonificacións en determinados impostos municipais, e recollía o concepto de *Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM)*.

2º.- A Comisión de Goberno, en sesión do **04 de setembro de 2000**, acordou a incorporación ás Ordenanzas Fiscais para o ano 2001 de bonificacións fiscais en determinados *impostos e taxas municipais*, para aqueles proxectos declarados de interese municipal (proxectos PEIM), independentemente da súa forma xurídica, que teñan domicilio no ámbito territorial do Concello de Vigo.

3º.- O Plan Municipal de Emprego 2008-2011, aprobado en sesión plenaria da Corporación Municipal de data **29 de abril de 2008**, segue a contemplar o apoio municipal aos Proxectos Empresariais de Interese Municipal (PEIM).



Concello de Vigo

4º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **14/03/2011**, aprobou as **Bases reguladoras para a cualificación dos proxectos empresariais de interese municipal-PEIM** (expte. 8053/77), nas que se delimitan as características, requisitos e procedemento de cualificación desta figura, en liña coas Iniciativas Locais de Emprego da Xunta de Galicia, pero exclusivamente xeradas e apoiadas economicamente no ámbito municipal (artigo 2.b) do capítulo I, do Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas locais de emprego)

- De acordo co disposto no artigo 1 das bases reguladoras:

Poderán te-la consideración de proxectos PEIM, aqueles proxectos empresariais, independentemente da súa forma xurídica, co seu domicilio fiscal e social no ámbito territorial do Concello de Vigo, e que teñan por obxecto:

- 2-Fomentar a posta en marcha de actividades consideradas innovadoras, emerxentes ou novos filóns de emprego, ou ben,*
- 2-O autoemprego de colectivos específicos que se constituán como empresarios, como un dos medios mais axeitados para a súa integración laboral.*

- Os referidos proxectos empresariais, para que poidan ser cualificados como de interese municipal, deberán cumprilos seguintes requisitos (artigo 2):

- 6-Proxectos empresariais que reúnan as condicións de viabilidade e que xeren cando menos un posto de traballo estable.*
- 7-Que se trate de empresas privadas de nova creación ou empresas xa constituídas que incorporen aspectos innovadores na súa actividade ou nunha nova actividade.*
- 8-Que os seus promotores pertencen algún dos colectivos especificados no artigo 3º, ou ben que o obxecto da iniciativa empresarial estea comprendido nalgunha das actividades indicadas no artigo 4º das presentes bases.*
- 9-Que vaian desenvolver-la súa actividade maioritariamente no ámbito territorial do Concello de Vigo, e teñan o seu domicilio fiscal e social no mesmo.*
- 10-Acadar a puntuación mínima requirida, segundo os criterios de avaliación que se especifican no artigo 5º.*

- O artigo 5º reflicte os Criterios de avaliación:

Todos aqueles proxectos susceptibles de ser cualificados como proxectos PEIM, terán que acadar unha puntuación mínima de 70 puntos (condición necesaria, aínda que non suficiente para poder ser cualificado como proxecto PEIM), unha vez aplicada a táboa de valoración indicada, ó aplicar os seguintes criterios:

- 10-Colectivo/s ó/s que pertence/n o/s promotor/es do proxecto ou os socios e no caso das empresas xa constituídas relevancia na industria local.*
- 11-Actividade ou obxecto social da nova empresa e no caso de empresas xa constituídas as novas actividades que van a desenvolver. Neste ámbito valorarase as actividades vencelladas a sectores emerxentes ou novos filóns de emprego.*

- 12-Situación de desemprego dos promotores (tempo de permanencia nesta situación, segundo certificado de vida laboral) da nova empresa e de ser unha empresa xa constituída terase en conta a situación e tempo de permanencia no Concello.
- 13-Natureza innovadora do proxecto, que optimicen os recursos infrautilizados ou ociosos no ámbito territorial no que van desenvolver-la súa actividade.
- 14-Número de empregos estables creados e colectivos que se vaian contratar, tanto a xornada completa como a tempo parcial, por un período mínimo de 2 anos, valorándose especialmente a contratación de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. No caso das empresas xa constituídas valorarase as novas contratacións sempre e cando se produza un aumento da plantilla estable respecto o ano anterior.
- 15-Interese do proxecto para a dinamización socio-económica da zona, tendo en conta así mesmo a ubicación do seu domicilio social (actividades turísticas ou de outro ámbito, que requiran un impulso para o seu fomento).
- 16-Forma xurídica da empresa cualificada como proxecto "PEIM", dándolle prioridade ás empresas de economía social, co obxecto de incentivar e fomentar as mesmas e, por ende, o asociacionismo laboral.
- 17-Contía do investimento que se vai levar a cabo no seu conxunto, e máis en concreto en activo fixo. No financiamento do mesmo terase en conta o ratio financiamento alleo fronte a financiamento propio. No caso de ser empresas xa constituídas terase en conta a contía do investimento necesario para a implantación da/s nova/s actividade/s.
- 18-Experiencia laboral e formación dos promotores no sector no que van desenvolver a actividade, e que vai constituí-lo obxecto social da súa empresa. No caso de ser empresas xa constituídas valorarase os coñecementos e a experiencia dos socios nesa/s nova/s actividade/s.

Os criterios 1) e 2) valorarase de 0 a 20 puntos.

O criterio 5) valorarase de 0 a 15 puntos.

Os criterios 4), 6) e 8) valorarase de 0 a 10 puntos.

Os criterios 3), 7) e 9) valorarase de 0 a 5 puntos.

5º.- As vixentes **Ordenanzas Fiscais do 2021**, coas últimas modificacións publicadas no BOPPO número 233, do martes, 2 de decembro de 2020, contemplan as seguintes medidas para fomento da implantación e fixación de empresas no territorio (https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?idt=concellodixital11&lang=ga):

➤ Ordenanza Fiscal nº 4 Reguladora do Imposto de Actividades Económicas:

➤ artigo 5.1: "Están exentos do imposto: (...)

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, a partir do un de xaneiro de 2003, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.



Concello de Vigo

- - *artigo 6.1: “Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio dunha actividade empresarial cualificada polo Concello como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM), e tributen por cota municipal, gozarán, trala exención regulada no artigo 5.1.b) desta Ordenanza, durante os cinco exercicios seguintes dunha bonificación na cota do 50%”.*
- - *artigo 6.5: “Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10%, ou porcentaxe superior, o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido nos seus centros de traballo no municipio de Vigo, durante o período impositivo anterior, terán unha bonificación do 35% na cota do Imposto”.*

- Ordenanza Fiscal nº 5 Reguladora do Imposto sobre construción, instalacións e obras:
 - *artigo 3.6. “As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) entenderáse de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2a) do RDL 2/2004. (...)”.*

- Ordenanza Fiscal nº 50 Reguladora dos dereitos e Taxas pola concesión de Licenzas de construcións, obras e instalacións e outros servizos urbanísticos:
 - *artigo 5.6: “Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”.*

- Ordenanza Fiscal nº 51 Reguladora das Taxas por Licenzas de Actividades e Instalacións:
 - *artigo 6: “As cotas relativas á taxa de licenza de actividades e instalacións calculadas segundo o artigo 5 desta Ordenanza gozarán dunha bonificación do 75% cando a licenza solicitada corresponda a un proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”.*

6º.- Segundo consta na aplicación informática da Xestión Municipal de Expedientes, a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo tramita as comunicacións previas e as solicitudes de licenzas presentadas de acordo ao réxime legalmente establecido no *Capítulo II do Título VI de “Intervención na edificación e uso do solo” da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)* – de acordo co procedemento de outorgamento do artigo 143 LSG e dentro dos prazos legalmente establecidos – tendo tramitado, en concreto, os seguintes Proxectos Empresariais Cualificados de Interese Municipal (PEIM) **nun prazo máximo de 30 días naturais** a contar desde que consta a documentación completa no rexistro do Concello:

- **“Residencia ASPANAEX”:** proxecto presentado pola “Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra” (ASPANAEX, G36605905), para a creación dunha residencia que dea resposta ás crecentes demandas de servizos de apoio á mellora da vida cotiá ás persoas con discapacidade intelectual,

cualificado coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **8 de febreiro de 2018**, en expte. 14804-77.

A licenza de obras de reforma de residencia e centro de día solicitada o 06/02/2018, foi tramitada en expte. 95158/421, que logo da subsanación da documentación achegada foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais en data 24/04/2018 e pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia autorizando o centro en data 30/07/2018. E consta autorizada en data 09/08/2018,

- O **CENTRO LOXÍSTICO PORTO DE VIGO SOCIEDAD LIMITADA** (B27846773) achegou proxecto cualificado coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **27 de decembro de 2018** (Expte. 15783-77) para dar servizo ás diferentes empresas que traballan no sector do peixe conxelado no Norte de España e Portugal, téndose tramitado as comunicacións previas achegadas con nº de expediente 97392-421 e 100471-421.

- A **Residencia para persoas maiores** achegada por Thor Private Equistyspain S.L. (THOR SPAIN; B24583197) para dar servizo en función das necesidades das persoas maiores baixo o concepto de residencia activa, medio integrador entre a terceira idade e as xeracións precedentes dentro da área urbana de implantación, foi cualificada coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **15 de novembro de 2019**, en expte. 16.310/77. A licenza de obras de derruba e de edificación, tramitada en exp. 97033/421, foi solicitada o 19/07/2018 e logo de sucesivas notificacións para subsanar a documentación achegada (finalmente achegada o 21/11/2018) foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais en datas 22/11/2018 e 26/11/2018. E en data 05/12/2018 consta autorizada a licenza de obras.

V. Os datos anteriormente reflectidos serán comunicados á Consellería de Emprego e Igualdade xunto coa solicitude que se presente para participar na convocatoria co código de procedemento TR353B da ORDE do 31 de decembro de 2021, achegando un Documento Anexo denominado “ACREDITACIÓN DA CUALIFICACIÓN COMO CONCELLO-EMPREENDEDOR (art. 23.h)”, aos efectos da puntuación establecida no artigo 23.1.h), en recoñecemento ao Concello de Vigo da súa cualificación coma Concello Emprendedor por mor da súa labor de fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos compromisos esixidos na cláusula segunda polo Protocolo asinado o 10 de outubro de 2017 e a súa posterior Addenda do 13 de decembro de 2017.

VI. Pero ademáis do anterior, son **outras as medidas adoptadas polo Concello de Vigo para o fomento da implantación e fixación de empresas no seu territorio**, que exceden das estritamente esixidas pola cláusula segunda do Protocolo de Actuación para que os concellos poidan participar na iniciativa “Doing Business Galicia”, e das que cómpre destacar as seguintes:

1º.- AXUDAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS (cunha dotación orzamentaria anual de **200.000 €**):

O Concello de Vigo dando continuidade á súa actividade de fomento de emprego, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, ven desenvolvendo o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas desde o ano 2000, co obxecto de reforzar as medidas de apoio ao emprendemento e fomento da implantación e fixación de empresas no seu territorio.



Concello de Vigo

Poden concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional constituídas no período comprendido na convocatoria que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Esta convocatoria incrementada no vixente exercicio nun importe de 130.000 euros, con respecto ao período anterior, pretende colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais outorgando especial atención á situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral, e a creación de emprego, por conta propia ou allea.

2º.- SUBVENCÍONS PARA FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (cunha dotación orzamentaria anual de **35.000 €**):

Subvencións dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas que se veñen convocando desde o ano 2016, para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

3º.- SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPRENDEDORES VIGO EMPRENDE:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 1 de febreiro de 2018 acordou aprobar o expediente de "Prestación de servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da Estratexia "DUSI Vigo Vertical", *VIGO EMPRENDE*, adxudicado en data 31 de maio de 2018 por un prezo total de **179.080 €**, tendo unha duración dun ano e sete meses sen posibilidade de prórroga.

O servizo Vigo Emprende ten por obxecto realizar tarefas de información, asesoramento, formación e apoio a emprendedores e pequenas e medianas empresas (PEMES). Con este servizo trátase tanto de promover novas iniciativas empresariais, encauzando os proxectos a través de información e formación, como de mellorar a través do asesoramento e formación a competitividade e sostenibilidade das pequenas e medianas empresas de carácter local que xa se atopan establecidas a fin de acadar as cotas de competitividade necesarias.

Debido á demanda das persoas usuarias do programa e á necesidade de seguir prestando un servizo de asesoramento e información a PEMES e emprendedores sustentada nos datos que reflicten os indicadores na cidade de Vigo, cunha tendencia claramente en ascenso, que tende a incrementarse mes a mes, e que ten acadado un alto nivel de satisfacción entre os seus usuarios (cunha nota media de 8,6 sobre 10), o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá ordenou en setembro de 2019 iniciar o expediente para a contratación dos servizos de Asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da Estratexia DUSI (Vigo Vertical), mediante procedemento aberto

suxeito a regulación harmonizada, o cal foi adxudicado por un prezo total de **300.793,90 €** para un período de execución de dous anos e unha posible prórroga de un ano.

4º.- AXUDAS Á CONTRATACIÓN (cunha dotación orzamentaria anual de 100.000 €):

A convocatoria do programa de axudas á contratación que se veñen convocando polo Concello de Vigo desde o ano 2000 teñen por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación de persoas desempregadas, e en concreto, as "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" ven promovendo a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo desde o ano 2014, para favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grao de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

· Requirimento previo de anulación/revogación (art. 44 LRXCA):

Contra a ORDE do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade procede interpoñer no prazo de dous meses a contar desde a súa publicación, requirimento potestativo fronte ao mesmo órgano que ditou a resolución, consonte ao previsto no artigo 44 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa ou ben directamente recuso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo coas seguintes consideracións xurídicas:

PRIMEIRO.- O Protocolo de Actuación carece de base legal para esixir os compromisos requiridos na súa cláusula segunda.

Tal e como o propio documento reflicte na súa *cláusula quinta* adicada ao réxime xurídico, o Protocolo límitase *"a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obrigacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente"*.

En materia tributaria (e de bonificacións tributarias) rexe un estrito principio de reserva de lei. Así, o artigo 8 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, establece que "Se regularán en todo caso por Ley:(...) d) El establecimiento, modificación, supresión y prórroga de las exenciones, reducciones, bonificaciones, deducciones y demás beneficios o incentivos fiscales.(...)" establecendo o artigo 14 que " No se admitirá la analogía para extender más allá de sus términos estrictos el ámbito del hecho imponible, de las exenciones y demás beneficios o incentivos fiscales."

A tenor do réxime xurídico contemplado na cláusula quinta do Protocolo de Actuación, os compromisos esixidos na cláusula segunda para poder adquirir a cualificación de "Concello



Concello de Vigo

Doing Bussines Galicia” carecerían de base legal en aplicación dun estrito principio de reserva de lei.

Tras recoñecer a autonomía de Municipios e Provincias para a xestión dos seus respectivos intereses (artigos 137, 140 e 141), a Constitución Española (en diante CE) establece que as Facendas locais deben dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe aos Entes Locais, debendo nutrirse fundamentalmente de tributos propios e de participacións nos do Estado e das Comunidades Autónomas (art. 142). Establécese así o principio de suficiencia financeira, que pode caracterizarse, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, como orzamento ou garantía da autonomía local (véxanse, en tal sentido, as sentenzas do TC 104/2000, de 13 de abril e 48/2004, de 25 de marzo, nas que pode atoparse un detallado repaso á súa doutrina sobre o principio de suficiencia financeira das Facendas Locais).

En suma, aínda que suficiencia financeira non equivale a autofinanciación, a Constitución si que garante autonomía na decisión sobre os seus ingresos tributarios dentro dos límites establecidos na lei estatal, vetando ao regulador autonómico calquera intervención inxustificada sobre os mesmos, máxime nun suposto coma o presente, no que xestiona fondos comunitarios e ningún condicionante sobre o particular puxeron as institucións europeas respecto dos beneficiarios de devanditos fondos.

O respecto a esta autonomía veta ao regulador autonómico da posibilidade de limitar pola vía dunha menor puntuación nos procedementos para concorrer a subvencións financiadas con fondos europeos a aqueles concellos que non decidan adherirse a unha iniciativa autonómica que impón como requisito unha evidente limitación á autonomía local (de feito, o protocolo FEGAMP-Xunta establece como obriga da Xunta discriminar aos Concellos que non se adhiran). As medidas que se estiman adecuadas para promover a instalación de empresas no término municipal de Vigo véñense exercendo ininterrompidamente por este Concello (e non só pola vía dos beneficios fiscais) desde hai case vinte anos, non aceptándose a intromisión inxustificada do regulador autonómico na configuración ou cuantificación das mesmas.

É por iso polo que consideramos que o outorgamento de 20 puntos aos concellos coa cualificación de “Concello Doing Bussines Galicia” e de 0 puntos aos concellos que carezan de dita acreditación, en aplicación do criterio de valoración do artigo 23.1.h) da convocatoria non poden, baixo ningún suposto, ser aplicados.

SEGUNDO.- O criterio de valoración do artigo 23.1.h) da dita Orde provoca un efecto distorsionador da concorrencia respecto dos concellos que participan na convocatoria pública, que resulta claramente lesivo por provocar discriminación entre as entidades concorrentes e que atentaría aos principios xerais do artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

*A **cláusula terceira** do Protocolo adicada aos compromisos da Xunta de Galicia dispón que: Os concellos que se acollan á iniciativa “Doing Business Galicia” veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

E en concreto: 1.- A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos

idos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrència competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.” (O subliñado é noso)

En aplicación da referida cláusula, o criterio de valoración do artigo 23.1.h) da Orde impugnada confire unha vantaxe aos Concellos adheridos á iniciativa Doing Business outorgando 20 puntos sobre un total de 100 aos Concellos cualificados pola administración autonómica coa “marca” creada no ano 2017 como “Concello Emprendedor- Concello Doing Business Galicia”. E outorga 0 puntos aos que non dispoñan de dito título, polo que lonxe “de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” o que determina é unha clara discriminación, que non atende a ningunha finalidade lexítima e que non pondera o esforzo ou grao de implicación das entidades municipais en acadar o obxectivo de dita iniciativa Doing Business, senón da vontade de sometemento aos ditados da Administración autonómica para esixir uns compromisos en virtude dun mero Protocolo de Actuación sen base legal e que vulneran a autonomía local garantida constitucional e legalmente para tomar decisións sobre as súas políticas de ingresos e gastos.

Polo exposto, o criterio de valoración do artigo 23.1.h) da Orde resulta claramente lesivo por provocar discriminación entre as entidades concorrentes e atentaría aos principios xerais do artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) de concorrència competitiva, obxectividade e igualdade á hora de distribuír os fondos públicos - cofinanciados cunha porcentaxe do 91,89 % pola Iniciativa de emprego xuvenil e o Fondo Social Europeo, xerando unha distorsión da concorrència.

E así mesmo vulneraría o esixido pola propia normativa aprobada pola Xunta de Galicia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia cuxo ámbito de aplicación abrangue as subvencións establecidas ou xestionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia.

A este respecto o artigo 3.2 da dita Lei autonómica dispón que serán de aplicación os principios de xestión contidos no artigo 5.2 da dita lei e os de información á que fai referencia o artigo 16 ás aportacións dinerarias sen contraprestación que realicen os demais entes vinculados ou dependentes da Xunta de Galicia e das entidades locais galegas. En todo caso, as aportacións gratuítas terán relación directa co obxecto da actividade contido na norma de creación ou nos seus estatutos. A concesión destas aportacións haberá de axustarse ás normas de procedementos elaboradas polas entidades en aplicación dos citados principios.

O apartado 3 do citado artigo engade que as subvencións establecidas pola Unión Europea, o Estado ou outro ente público, cuxa xestión corresponda, total ou parcialmente, á Administración da Comunidade Autónoma, así como a financiación complementaria de ditas subvencións que poida outorgar esta administración, rexeranse polo réxime xurídico do ente que as estableza, sen prexuízo da aplicación das normas de organización e procedemento propios da Administración da Comunidade Autónoma. En calquera caso, a presente lei se aplicará con carácter supletorio respecto á normativa reguladora das subvencións financiadas pola Unión Europea.



Concello de Vigo

En identidade co establecido pola normativa estatal, o artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño indica que a xestión das subvencións á que se refire a presente lei se realizará de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A sentenza 264/2018, do 20 de febreiro (Rec. 3635/2015) ditada pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo sinala o seguinte: << *Por otro lado, alega la parte actora alega el trato desigual establecido por la disposición entre sus beneficiarios, favoreciendo a las organizaciones empresariales en detrimento de los sindicatos, lo que a su juicio provoca discriminación y contraría los principios comúnmente aceptados en un proceso de concurrencia competitiva. Por ello sostiene que se vulneran los principios de concurrencia competitiva, objetividad, e igualdad, a la hora de distribuir el presupuesto entre entidades empresariales (60%) y sindicales (40%).*

A su juicio, ello vulneraría el [artículo 8. 3 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones](#) :

Artículo 8 Principios generales

(.....)

3. La gestión de las subvenciones a que se refiere esta ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:

- a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.*
- b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.*
- c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos .*

El derecho a la igualdad, en su perspectiva de igualdad en la aplicación de la ley, tal como ha sido interpretado por el Tribunal Constitucional y el Tribunal Supremo, en doctrina pacífica y constante, proscrib e el tratamiento desigual de situaciones idénticas -dentro de la legalidad-, a menos que exista una justificación objetiva y razonable en la que fundamentar esa desigualdad de trato.

Por ello, para poder apreciar la existencia de ese trato discriminatorio injustificado es imprescindible: 1) que el recurrente ofrezca un término de comparación idéntico, no simplemente semejante o análogo; 2) que la desigualdad de trato carezca de una justificación objetiva y razonable; 3) que, siempre y en todo caso, la actuación administrativa ofrecida como término de comparación sea legalmente irreprochable."

A STC 10.11.88 (Pte. Sr. Truyol Serra) sinala que: "Sobre las exigencias que la igualdad impone en la creación del Derecho - igualdad en la ley- existe una muy amplia doctrina de este Tribunal, que puede sintetizarse ahora recordando que para que las diferenciaciones normativas pueden considerarse no discriminatorias "resulta indispensable que exista una justificación objetiva y razonable, de acuerdo con criterios y juicios de valor generalmente aceptados, cuya exigencia deba aplicarse en relación con la finalidad y efectos de la medida considerada, debiendo estar presente, por ello, una razonable relación de proporcionalidad

entre los medios empleados y la finalidad perseguida, y dejando en definitiva al legislador, con carácter general, la apreciación y tratar desigualmente"(STC [75/1983](#), f. j. 2º).

Neste sentido, se ben a medida para fomento da implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma pode considerarse lexítima, obxectiva e razoable, o que non é razoable é a inexistencia de toda relación de proporcionalidade nos medios empregados e a finalidade perseguida, porque a Iniciativa Doing Bussines Galicia non pondera as medidas adoptadas polas entidades municipais coma Concellos Emprendedores, senón unicamente se ditas entidades teñen implementado os compromisos esixidos por un mero Protocolo de Actuación, que determina o outorgamento, de ser o caso, dun certificado ou diploma coa cualificación de Concello Doing Bussines Galicia; documento que determina automaticamente o outorgamento ás ditas entidades concorrentes á convocatoria de subvencións, de 20 puntos sobre un total de 100 en aplicación do criterio de valoración do artigo 23.1.h).

Polo exposto, consideramos lesiva aos intereses municipais a Orde obxecto da presente impugnación porque tan contraria ao principio de igualdade é a norma que diversifica por un mero voluntarismo selectivo como aqueloutra que, atendendo á consecución dun fin lexítimo, configura un suposto de feito, ou as consecuencias xurídicas que se lle imputan, en desproporción patente con aquel fin, ou sen atención ningunha a esa necesaria relación de proporcionalidade.

Isto é, trátase dunha cuestión de razoabilidade e proporcionalidade en relación coa finalidade da iniciativa aprobada.

Neste sentido, a *discriminación positiva* establecida pola Xunta de Galicia a favor *daqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100 do total*, resulta claramente discriminatorio e desproporcionado, porque unicamente persigue premiar a aqueles concellos que asumisen os compromisos esixidos pola Xunta de Galicia para acadar a súa "marca", pero non ten en conta nin garda proporción algunha coa baremación que, de ter en conta outras medidas para acadar a mesma finalidade, poderían acadar en tal concepto outros Concellos coma Vigo, pola súa labor de fomento do emprendemento e implantación de empresas no seu territorio.

CONCLUSIÓN:

En síntese, a fundamentación do presente requirimento se podería sintetizar nos seguintes motivos esencialmente:

1º.- A documentación esixida polo artigo 17.2.e) da Orde que resulta necesaria para acadar a puntuación do artigo 23.1.h), provoca unha transmutación dun mero distintivo ao que calquera concello podería acollerse voluntariamente nun requisito determinante para acadar a subvención, toda vez que outorga case a cuarta parte da puntuación total, producindo unha clara distorsión da concorrencia competitiva.



Concello de Vigo

2º.- A iniciativa “Doing Bussines Galicia” - estranxeirismo innecesario, que non emprega ningún dos idiomas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia nin engade valor ningún - atenta ao debido respecto que esixen as relacións interadministrativas no lícito exercicio por cada unha das administracións para desenvolver libremente as súas competencias, sen ter que soportar inxerencias doutros entes na autonomía garantía constitucionalmente para desenvolver as súas políticas públicas, na que cabería encadrar a dita iniciativa “Doing Bussines Galicia” pola que a Xunta de Galicia considera a imposición dun ou doutro tipo tributario como mérito ou demérito para outorgar unha vantaxe aos concellos adheridos.

Polo exposto, o alcance da revogación se limitaría ao art. 23.1.h) da Orde impugnada, e non á súa totalidade, considerando que é este precepto o que introduce un factor discriminatorio que vulnera o art. 14 da CE e os principios xerais do artigo 8 da LXS e do artigo 5 da LSG, desde a perspectiva da prohibición de discriminación que, neste caso, se produce entre os concellos concorrentes á convocatoria e que carecen do certificado ou diploma de “Concello Emprendedor-Concello Doing Bussines Galicia”.

Polo que, na súa virtude, se require que se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 23.1.h) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de “Concello emprendedor-Concello Doing Business”, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento».

É competente para formular este requirimento a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que correspóndelle a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

En base ao exposto, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

ÚNICO: Interpoñer, consonte ao disposto no art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO contra a ORDE do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR353B) e, na súa virtude, se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 23.1.h) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de “Concello emprendedor-Concello Doing Business”, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento».

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(110).- ACEPTACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN VIDA DIGNA, Á SUBVENCIÓN OUTORGADA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DAS “SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, ANO 2020”. EXPTE. 17199/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 11/02/2021, asinado pola técnica de Xestión, pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo concelleiro-delegado de Cultura e Emprego, que di o seguinte:

Con data 18/08/2020, a Xunta de Goberno Local acordou, en relación co procedemento de “**OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. ANO 2020. EXPTE. 17040/77**” outorgar á ASOCIACIÓN VIDA DIGNA (CIF: G36884708) unha subvención por importe total de **16.989,71 €**:

PROGRAMA	PUNTOS	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
PROGRAMA II (ENTIDADES SOCIAIS E ASISTENCIAIS)	15,75	16.989,71 €	16.989,71 €

Con data 22/01/2021, a Asociación Vida Digna (CIF: G36884708), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, achega a comunicación da renuncia á subvención concedida (número documento: 210010720) no que se declara, de xeito expreso, a renuncia á subvención outorgada para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro, no ano 2020 (expte. núm. 17199/77)

Conforme ao establecido na Base Décimo Segunda das bases que rexen a convocatoria da subvención “**Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada**” [...]

Ademais e segundo o disposto no apartado 13 da Base Décimo Segunda “*A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, no vindeiro exercicio orzamentario*”

De conformidade co anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020 , elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**:



Concello de Vigo

PRIMEIRO: ACEPTAR A RENUNCIA presentada pola Asociación Vida Digna (CIF: G36884708), á subvención outorgada pola Xunta de Goberno Local con data 18/08/2020, ao abeiro da convocatoria das “Subvencións para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro, ano 2020”, dentro do **Programa II. Entidades Sociais e Asistenciais**, por un importe **16.989,71 €**.

SEGUNDO: NOTIFICAR o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(111).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DO 26 DE NOVEMBRO DE 2020, DE ACTUALIZACIÓN DOS ORGANIGRAMAS E DIRECTORIOS DE PERSOAL DAS NORMAS DE EXPLOTACIÓN E DO PLAN DE EMERXENCIA DA PRESA DE EIRAS, E NOMEAMENTO DO DIRECTOR DE EXPLOTACIÓN E DO PLAN DE EMERXENCIA. EXPTE. 728/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 10/02/2021, asinado polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento; conformado pola titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

1º. O concello de Vigo é titular, desde o ano 1962, dunha concesión administrativa do Estado para captar auga do río Oitaven, con destino ao abastecemento da cidade, mediante a construción dun embalse regulador, así como para a explotación, mantemento e conservación da presa a construír, correspondendo ao Estado a inspección e vixianza das obras e instalacións durante a explotación do aproveitamento.

2º. Por Real Decreto 2792/1986, de 30 de decembro, a Administración do Estado traspasou á Comunidade Autónoma os dereitos e obrigas que á primeira correspondían en relación coa presa de Eiras, isto é a súa posición de concedente da captación de augas e da explotación da presas e as súas funcións de inspección e vixianza da presa; a condición de concesionario da captación de auga e da explotación da presa permaneceu no concello de Vigo.

3º. O concello de Vigo adxudicou no ano 1991 FCC Aqualia Vigo UTE a concesión da xestión do servizo integral de augas de Vigo, que inclúe a explotación da presa de Eiras e a dita mercantil ven operando e explotando a presa, por conta do concello de Vigo, desde o

inicio da concesión ata agora. Así o veu recoñecendo, sen discusión algunha, a Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia. Sirvan de exemplo os escritos de febreiro e de agosto de 1996, de don Agustín Hernandez Fernández, como subdirector xeral de infraestruturas hidráulicas, nos que recoñece ao concello de Vigo a condición de explotador da presa de Eiras; escritos, cuxa copia consta no expediente.

4º Daquela, o concello de Vigo é o actual posuidor da presa de Eiras, como concesionario da captación de auga do encoro e como concesionario da explotación da presa, outorgada ao Concello en 1962, sen que o Real Decreto de transferencias modificara nin xuridicamente a súa condición de concesionario da explotación nin, tampouco, de feito, a posesión da presa por esta Administración municipal para a súa explotación, conservación e mantemento.

5º. A virtude do contrato de concesión da xestión do servizo de augas de Vigo, adxudicado a FCC Aqualia Vigo, UTE, esta mercantil ostenta, por atribución do concello de Vigo, a posesión inmediata da presa tanto para a captación de auga como para a súa explotación, conservación e mantemento; permanecendo no concello de Vigo, como titular da concesión para a captación e a explotación da presa, a posesión mediata do encoro aos mesmos fins.

As Normas de Explotación do encoro, aprobadas pola presidenta de Augas de Galicia, con data 12 de maio de 2010, recoñecen este feito —a explotación do encoro polo concello de Vigo, a través da súa concesionaria do servizo de augas, FCC Aqualia Vigo UTE—, se ben nomea director de explotación ao Xefe de Servizo de Execución e Planificación de Sistemas, de Augas de Galicia.

Así, o apartado 1º —Datos administrativos— do Capítulo II, das ditas Normas de Explotación, di textualmente:

«El Pleno del Excelentísimo Ayuntamiento de Vigo reunido en sesión extraordinaria el día 25 de octubre de 1990, adjudicó a Seragua FCC Vigo UTE la concesión para la explotación del Servicio Municipal de Aguas de Vigo por un periodo de veinticinco años. A finales de 2002, Seragua pasó a denominarse Aqualia, gestión integral del agua. Desde entonces, la gestión de la explotación del embalse Eiras depende de la empresa Aqualia».

O Capítulo IX das Normas de Explotación da presa de Eiras, canto á «DESCRIPCIÓN Y ORGANIZACIÓN DEL EQUIPO TÉCNICO DE LA EXPLOTACIÓN», sinala que:

El organigrama del personal de explotación de la Presa se estructura en:

Equipo técnico:

Director de Explotación

Ingeniero Jefe de la Unidad Operativa, que es Jefe de Explotación

Jefe de Instalaciones

El personal auxiliar de explotación está integrado por:

Vigilantes de la presa

Oficial electricista

Oficial de mantenimiento

Además, la auscultación y vigilancia de la presa la realiza una empresa externa, que tiene adjudicado un contrato de asistencia técnica para realizar dichas tareas».

O apéndice 3 das mesmas Normas de explotación identifica e localiza o persoal arriba referido:

«PERSONAL DE AUGAS DE GALICIA

- Servicios Centrais de Augas de Galicia



Concello de Vigo

Praza Camilo Díaz 7-9 15781 Santiago de Compostela
Telef: 981 545 381
Fax: 981 544 988

Director de Explotación (Director del Plan de Emergencia): Xefe de Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas.

Demarcación Sur de Augas de Galicia
R/San Salvador, nº 2-4º 36201 Vigo
Telf: 986 817 141
Fax: 986 817 155

Representante Local del Director del Plan: Xefe de Demarcación Territorial Galicia-Sur

PERSONAL DE AQUALIA

Oficinas de Aqualia en Vigo
R/Cantabria s/n 36206 Vigo
Telf: 986 371 178
Fax: 986 266 505

Jefe de Explotación: José Luis Cividanes Matos

Jefe de Instalaciones: Eugenio Arjones Rodríguez

Asistencia Técnica: Francisco Cañada Fernández
Oficina de la Presa de Eiras

Oficial de Mantenimento : Ismael Durán Ferro
Oficial Electricista: Antonio Sanmartín Blanco

Vigilantes: Manuel Vidal Cal
Manuel Casqueiro Casqueiro
Manuel Domínguez Sánchez».

As mesmas previsións se conteñen no Plan de Emerxencia da presa de Eiras.

6º. Augas de Galicia ven reclamando do Concello de Vigo o pago do canon de regulación pola captación de augas do encoro de Eiras desde o ano 2014 —ano no que esta taxa se comezou a aplicar— con fundamento en que a explotación do encoro de Eiras é realizada pola Administración hidráulica de Galicia e con fundamento, tamén, na realización por esta de obras na presa; obras identificadas coa clave OH.136.906 «Mellora e automatización da presa de Eiras. Concello de Fornelos de Montes e Pontecaldelas (Pontevedra)» e OH.136.906C1 «Complementario nº 1 do contrato de mellora e automatización da presa de Eiras»; obras que foron adxudicadas por un importe total de 1.168.290 euros e cofinanciadas pola Unión Europea, nunha porcentaxe dun oitenta por cento (80 %).

7º. O concello de Vigo ven opoñéndose ao pago do dito canon de regulación pola razón de que é o Concello de Vigo, a través da súa concesionaria, e non Augas de Galicia, quen

realiza a explotación, conservación, mantemento da presa de Eiras, o que exclúe a devindicación do canon por inexistencia do feito *impoñible*.

8º. Os argumentos que aduce Augas de Galicia para soste a súa condición de explotador da presa son o Real Decreto de transferencias de 1986, que —afirma— lle atribúe tal condición de explotador e o feito de figurar como Director de Explotación nas Normas de Explotación do encoro, o Xefe de Servizo de Execución e Planificación de Sistemas, de Augas de Galicia, sendo así que, este último ten nas Normas de Explotación do encoro as funcións de superior vixianza, inspección e coordinación propias da Administración hidráulica competente nas bacías intracomunitarias, pero non propiamente funcións de explotación, que as propias Normas recoñecen a Aqualia.

Canto ao Real Decreto de Transferencias, vai dito xa que a Administración do Estado transpasou á Comunidade Autónoma os dereitos e obrigas que á primeira correspondían en relación coa presa de Eiras, entre os que so se contaba a cualidade de concedente da captación de auga e da explotación da presa e a inspección e vixianza da presa, pero non a súa explotación, mantemento e conservación, que correspondía ao Concello de Vigo.

Tan é así, que de Augas de Galicia que invoca o Real Decreto de transferencias para reclamar a titularidade da explotación da presa de Eiras, se desentende, sen embargo, completamente da estación potabilizadora de augas do Casal, en Vigo, cando as dúas infraestruturas hidráulicas están en idéntica situación no Decreto de transferencias. Así, o apartado E, do Anexo I do Real Decreto 2792/1986, de 30 de decembro, sobre traspaso de servizos da Administración do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de obras hidráulicas di:

«E) Bienes, derechos y obligaciones de la Administración del Estado que se traspasan.

Se traspasan los bienes inmuebles que se detallan en la relación número 1.1 y los vehículos que figuran en la relación 1.2 de titularidad estatal.

La Comunidad Autónoma de Galicia se subroga en los derechos y obligaciones del Estado en relación con las obras e instalaciones que se incluyen en la relación 1.3 y que se entregan a la Comunidad Autónoma de Galicia para la efectividad de dicha subrogación».

Pois ben, na relación 1.3 figuran tanto a Estación de tratamento de augas potables de Vigo —El Casal—, como o embalse de Eiras, para abastecemento de auga a Vigo.

9º. No seo desta controversia sobre a procedencia ou non da devindicación do devandito canon de regulación, Augas de Galicia remitiu ao concello de Vigo, no pasado ano 2019, unha proposta de convenio, redactada nos mesmos termos que os do convenio asinado no seu día por Augas de Galicia e o concello de A Coruña, a virtude do cal o Concello de Vigo pasaría a asumir a explotación da presa de Eiras. Esta proposta de convenio deu lugar a distintas reunións técnicas na sede de Augas de Galicia, en Santiago de Compostela.

10º. Porén, a situación da presa de Eiras non é a mesma que a de Cecebre, en A Coruña: a presa de Cecebre, ata o decreto de transferencias de 1986, era explotada e conservada polo Estado, pasando a corresponder a explotación de mesma, a partir do dito decreto, a Administración autonómica; pola contra o encoro de Eiras, a virtude do título concesional,



Concello de Vigo

sempre foi explotado, conservado e mantido polo Concello de Vigo, directamente primeiro e a través da súa concesionaria do servizo a partires de 1991.

11º. Así as cousas e como queira que esta situación non se recollía na proposta de convenio remitida por Augas de Galicia, o Concello introduciu no texto remitido por Augas de Galicia as modificacións precisas para reflectir tal situación; modificacións en virtude das cales a Administración municipal non asumiría a condición de explotadora do encoro de Eiras —que xa ten—, senón que a Administración hidráulica de Galicia lle recoñecería tal condición, coas consecuencias fiscais que tal recoñecemento implica, e lle atribuiría as tarefas de auscultación da presa que Augas de Galicia se ten reservado.

12º. Non obstante, durante as conversas que se viñan mantendo entre o Concello e Augas de Galicia sobre á dita proposta de convenio, Augas de Galicia aprobou, en outubro de 2019, o expediente para a contratación do servizo de «explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións». O contrato foi adjudicado por Augas de Galicia á mercantil Ain Active Om, S.L. o 9 de xullo de 2020 e contra o mesmo se segue recurso contencioso-administrativo, co número 7156/2020, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, interposto polo concello de Vigo, por canto o obxecto das prestacións da contratista consisten na súa meirande parte nas prestacións relativas a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras, que corresponden e ven realizando o concello de Vigo, por medio da súa concesionaria de augas, en virtude do título concesional de referencia.

13º. Con data 30 de outubro seguinte, Augas de Galicia remitiu ao Concello un novo texto do proxecto do convenio no que non so se rexeitan as modificacións propostas por esta Administración municipal senón que obriga ao concello de Vigo a que se faga cargo da empresa Ain Active Om, S.L. contratada por Augas de Galicia.

14º. Finalmente, nun paso máis no propósito de Augas de Galicia de despozar ao concello de Vigo da posesión que, en virtude do título concesional de 1962 e a través da súa concesionaria de augas, ostenta da presa de Eiras para a súa explotación, conservación e mantemento, a directora de Augas de Galicia, con data 26 de novembro de 2011, resolveu modificar os organigramas en Explotación Ordinaria, en Explotación de Avenida, e do Plan de Emerxencia incorporados nas Normas de Explotación e Plan de Emerxencia da presa de Eiras, substituíndo nas Normas de Explotación da Presa e no Plan de Emerxencias da mesma ao persoal de FCC Aqualia Vigo UTE, que ven desenvolvendo, por conta do concello de Vigo, os traballos de explotación, mantemento e conservación da presa de Eiras polo persoal de Ain Active On, S.L. contratada por Augas de Galicia para continuar coa explotación da presa en substitución de Aqualia e materializar a expulsión do concello de Vigo e da súa concesionaria da posesión da explotación da presa.

A dita resolución da directora de Augas de Galicia, de 26 de novembro de 2011, notificada coa mesma data a esta Administración municipal, dispón:

- «1. Actualizar o organigrama en Explotación Ordinaria e Organigrama en Explotación de Avenida e Organigrama do Plan de Emerxencia incorporados nas Normas de Explotación e Plan de Emerxencia da presa de Eiras, nos termos que se establecen no Anexo I da presente proposta; 2. Designar como director de Explotación e director do Plan de Emerxencia da presa de Eiras a D. José Ares Espiñeira, enxeñeiro de camiños, canais e portos, colexiado núm. 18008 revocándose calquera outro nomeamento anterior; 3. Actualizar o directorio incluído no Apéndice 3 do Tomo II das

Normas de Explotación da Presa de Eiras, nos termos que constan no Anexo II á presente proposta; 4. Actualizar os directorios incluídos nos Apéndices 2,3 e 4 do Tomo I do Plan de Emerxencia da Presa de Eiras, nos termos que figuran no Anexo III á presente proposta; 5. Os Anexos I, II e III, unha vez aprobada a presente proposta, incorporaranse ás Normas de Explotación e ao Plan de Emerxencia, do que formarán parte integrante; e 6. Notificar esta resolución á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pertencente á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza, ao Concello de Vigo e ao resto de interesados no procedemento».

15º. A Xunta de Goberno Local en sesión de 11 de decembro de 2020 acordou interpoñer recurso de alzada contra a anterior resolución e solicitar que para o caso de que se considerase este improcedente, en aplicación do artigo 44 LRXCA, se considerase o dito escrito como requirimento de anulación do citado artigo da Lei xurisdiccional.

16º. O dito recurso ou no seu caso, requirimento, foi formulado ante Augas de Galicia o día 23 de decembro de 2020, sen que Augas de Galicia teña notificado a este concello de Vigo, a esta data acto resolutorio do mesmo.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primeira.- A resolución da directora de Augas de Galicia, de 26 de novembro de 2020, cuxa impugnación en vía xurisdiccional se propón, pola que se pretende modificar os organigramas en Explotación Ordinaria, en Explotación de Avenida, e do Plan de Emerxencia é consecuencia da adxudicación por Augas de Galicia a mercantil Ain Active Om, S.L. do contrato de servizos para a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras, en Fornelos de Montes; contrato de servizos que esta Administración municipal impugnou ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso contencioso administrativo número 7156/2020, por ser a esta Administración local á que corresponde e a que ven realizando a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e non Augas de Galicia, o que determina a súa nulidade.

No dito procedemento, a representación do concello de Vigo solicitou a suspensión da executividade do acordo de adxudicación no que se refire ás prestacións en materia de explotación, mantemento e conservación da presa de Eiras que corresponden e veñen sendo realizadas polo concello de Vigo, a través da súa cooncesionaria do servizo de augas FCC Aqualia Vigo, U.T.E.. A dita solicitude atópase aínda pendente de resolución xurisdiccional.

Segundo.- O que pretende a devandita resolución da directora de Augas de Galicia, de 26 de novembro de 2020, é substituír o persoal da concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, dedicado a explotación, mantemento e conservación do encoro de Eiras, polo persoal da mercantil Ain Active Om, S.L., adxudicataria do contrato de servizos para a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras, en Fornelos de Montes, e, daquela, expulsar ao concello de Vigo da posesión que —a través da súa concesionaria do servizo de augas— ostenta da presa de Eiras aos efectos da súa explotación, conservación e mantemento e asumir así, de feito, a explotación da presa que corresponde e ven desenvolvendo o concello de Vigo desde os anos setenta e a partires de 1991 a través da concesionaria do servizo Aqualia FCC Vigo UTE, tal e como se reflicte na exposición de feitos que precede.



Concello de Vigo

Terceira.- A execución do contrato de servizo para a Explotación, conservación e mantemento do encoro de Eiras e dos seus equipos auxiliares, de clave OH.736.1117, e a substitución do persoal de Aqualia polo persoal de Aon Active In, S.L. para a explotación da presa supón despozar sen título algún ao concello de Vigo da posesión que ostenta sobre o encoro para a súa explotación, tratando de prevalerse torticeramente, para tal despoxo, da facultade de autotutela administrativa, sendo así que si ben o artigo 58 LPAP establece que as Administracións públicas poderán recuperar en vía administrativa a posesión dos seus bens demaniais, tal facultade require a previa declaración de extinción ou caducidade do título —no caso que nos ocupa da concesión do concello de Vigo de 1962— que outorgaba a Administración municipal o dereito á posesión da infraestrutura hidráulica de dominio público, para a súa explotación, conservación e mantemento, e que esta declaración, así como os pronunciamentos que resultaran pertinentes en relación coa liquidación da correspondente situación posesoria e a determinación da indemnización que, no seu caso, fora procedente, se efectuarán en vía administrativa, previa instrución do pertinente procedemento, no que se deberá dar audiencia ao interesado.

Cuarta.- Como queira que en ningún momento se ten declarado a extinción da concesión do concello de Vigo para a explotación da presa de Eiras —o Real Decreto de Transferencias de 1986 non o fai—, nin tampouco se ten seguido procedemento administrativo algún, con audiencia de esta Administración municipal, para declarar extinguida a súa concesión nin, tampouco, para modificar a situación posesoria da presa de Eiras a efectos da súa explotación, conservación e mantemento e, daquela, desafiuzar ao concello de Vigo da posesión da presa, procede concluír que o acordo de Augas de Galicia, cuxa impugnación en vía xurisdiccional se propón, en canto pretende substituír ao persoal de Aqualia que explota a presa polo persoal contratado por Augas de Galicia, implica despozar ao concello de Vigo da posesión que a virtude da concesión de 1962 que ostenta da explotación da presa, o que constitúe unha grave desviación de poder, á vez que, na súa execución material, unha vía de feito, proscritas polo Ordenamento xurídico.

Quinta.- Nin a resolución da Directora de Augas de Galicia cuxa impugnación se propón nin o escrito de notificación da mesma expresan os recursos procedentes contra a mesma. Os Estatutos da dita entidade establecen, no seu artigo 36, que «Os actos administrativos da Dirección da entidade poderán ser recurridos enalzada ante a Presidencia, excepto que foran ditados por delegación desta»; porén o artigo 44 LRXCA establece que: «1. En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante, cuando una Administración interponga recurso contencioso-administrativo contra otra, podrá requerirla previamente para que derogue la disposición, anule o revoque el acto, haga cesar o modifique la actuación material, o inicie la actividad a que esté obligada. (...)», por tal razón na impugnación en vía administrativa da dita resolución, se ben se consideraba que estamos aquí no caso do artigo 44 LRXCA, a fin de evitar a obxección de falta de esgotamento da vía administrativa, por cautela procesual, acordouse interpoñer recurso de alzada e, para o caso de resultar este improcedente, ter por formulado requirimento de anulación contra a resolución da directora de Augas de Galicia, de 26 de novembro de 2020, que nos ocupa.

Agora ben, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada é de tres meses, mentres que o prazo para entender desestimado, por parte de Augas de Galicia, o requirimento do artigo 44 LRXCA é dun mes —prazo dun mes que xa transcurriu—, de xeito que, de resultar improcedente a alzada e de esperar ao prazo de tres meses para entender

desestimada esta por silencio, podería ter transcorrido o prazo de dous meses para interpoñer o recurso contencioso administrativo contra o rexeitamento do requirimento por silencio, que debe entenderse producido o 26 de xaneiro de 2021; prazo de dous meses que a xurisprudencia do Tribunal Supremo considera de aplicación no caso de rexeitamento por silencio do requirimento do artigo 44 LRXCA.

Así as cousas, por cautela procesual e a fin de evitar unha posible indefensión do concello de Vigo na vía xurisdiccional na impugnación da resolución da directora de Augas de Galicia de 26 de novembro de 2020 de tratamos, propónse a adopción do acordo que se propón

Sexta.- Coa interposición do recurso xurisdiccional que se propón, propónse, tamén, a solicitude da medida cautelar de suspensión da executividade do acto impugnado, por canto a execución da resolución da Dirección de Augas de Galicia, de 26 de novembro de 2020, en canto ten como efecto a expulsión do persoal de Aqualia que explota a presa de Eiras e a súa substitución polo persoal de Ain active Om, S.L., e, daquela, provoca, tamén, o despoxo da posesión que o concello de Vigo ostenta da explotación da presa, sen o pertinente procedemento ao efecto, constituiría unha vía de feito, respecto da cal o artigo 136 LRXCA establece que a medida cautelar se adoptará salvo que se aprecie con evidencia que non se dan las situacións previstas no dito artigo ou que a medida ocasiona unha perturbación grave dos intereses xerais ou de terceiro, que o Xuíz ponderará en forma circunstanciada.

Pois ben, a explotación, conservación e mantemento do encoro de Eiras ven sendo desenvolvida pola concesionaria do servizo de Augas desde o ano 1991, sen que o concello de Vigo, titular da concesión da explotación da presa, teña recibido, en ningún momento, comunicación, advertencia ou requirimento de Augas de Galicia relacionado coa seguridade da presa. As cuestións relativas á explotación da presa xorden soamente cando o concello de Vigo se nega a pagar o canon de explotación, por ser este a través da súa concesionaria quen a explota, o que exclúe a devindicación do feito imponible.

Non existe, pois, perigo algún na seguridade da presa e así o ten recoñecido augas de Galicia, a quen corresponde a superior vixianza e inspección da presa. Por tanto, a permanencia do concello de Vigo e dos traballadores da súa concesionaria na explotación do encoro, iniciada en 1991, non supón ningún prexuízo aos interese xerais: o único prexuízo que a continuación da explotación da presa por Aqualia provoca é a necesidade de Augas de Galicia de indemnizar á Aon Active In, S.L. que, con evidente mala fe procesual, foi contratada por Augas de Galicia, durante a negociación coa Administración municipal do convenio sobre a explotación do encoro; empresa que executaría materialmente a usurpación que pretende Augas de Galicia da explotación da presa da que é titular o concello de Vigo.

Sétima.- Aínda que a Área de Fomento e Servizos conta co servizo xurídico que desempeña o asinante do presente informe proposta, habida conta da importancia do asunto, remítese o expediente á titular da Asesoría Xurídica para que manifeste, no seu caso, a súa conformidade co mesmo.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano competente en materia de contratación (disposición adicional 2ª LCSP), a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución da directora de Augas de Galicia, de 26 de novembro de 2020, pola que se aproba: 1. Actualizar o organigrama en Explotación Ordinaria e Organigrama en Explotación de Avenida e



Concello de Vigo

Organigrama do Plan de Emerxencia incorporados nas Normas de Explotación e Plan de Emerxencia da presa de Eiras, nos termos que se establecen no Anexo I da presente proposta; 2. Designar como director de Explotación e director do Plan de Emerxencia da presa de Eiras a D. José Ares Espiñeira, enxeñeiro de camiños, canais e portos, colexiado núm. 18008 revocándose calquera outro nomeamento anterior; 3. Actualizar o directorio incluído no Apéndice 3 do Tomo II das Normas de Explotación da Presa de Eiras, nos termos que constan no Anexo II á presente proposta; 4. Actualizar os directorios incluídos nos Apéndices 2,3 e 4 do Tomo I do Plan de Emerxencia da Presa de Eiras, nos termos que figuran no Anexo III á presente proposta; 5. Os Anexos I, II e III, unha vez aprobada a presente proposta, incorporaranse ás Normas de Explotación e ao Plan de Emerxencia, do que formarán parte integrante; e 6. Notificar esta resolución á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pertencente á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza, ao Concello de Vigo e ao resto de interesados no procedemento».

Segundo.- Solicitar coa interposición do recurso contencioso administrativo a suspensión da executividade da resolución impugnada, polas razóns consignadas na parte expositiva do presente acordo.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(112).- SOLICITUDE DE REVISIÓN DE OFICIO DO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD. EXPTE. 615/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/02/2021, asinado polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º. O Pleno do Concello de Vigo, con data 17 de maio de 1989, aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. co obxecto de regular a utilización por esta entidade deportiva do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos e dos campos de fútbol de Barreiro e a Madroa; convenio que foi obxecto dunha primeira modificación en sesión do Concello-Pleno, de 28 de maio de 1992, que deu lugar ao texto refundido do mesmo, e dunha segunda novación modificativa, aprobada o 20 de febreiro de 2009, na que se fixou o prazo de vixencia do convenio para a utilización das ditas instalacións ata o ano 2034.

O convenio ten por obxecto, no que agora importa, autorizar ao Real Club Celta de Vigo para que o seu primeiro equipo utilice o Estadio Municipal de Balaídos para a celebración de encontros deportivos oficiais, mailos amistosos ou trofeos que conveñan, durante o prazo e cos dereitos e obrigas para o Real Club Celta de Vigo que se estipulan no convenio e na súa novación modificativa de 2009.

A virtude do convenio, o Concello de Vigo autoriza, segundo vai dito, ao Real Club Celta de Vigo a utilización do Estadio Municipal de Balaídos para a celebración de encontros deportivos oficiais polo seu primeiro equipo, os encontros amistosos e os trofeos que se conveñan. O Real Club Celta de Vigo asume no convenio como principais obrigas as de mantemento e conservación ordinaria do estadio (barandillas, portas, vestuarios, servizos públicos, pintura, etc.) —permanecendo baixo a responsabilidade do Concello de Vigo a execución das obras de grande mantemento que afecten á estrutura do estadio (voladizos, cubertas, gradas etc.)— así como a de satisfacer os gastos de enerxía eléctrica, auga e calesquera outros servizos que sean consecuencia da utilización do estadio polo Real Club Celta.

2º. A antigüidade e inadecuación das instalacións do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos ás necesidades actuais determinaron ao Concello de Vigo, no ano 2014, a iniciar o necesario proceso de transformación deste co fin de modernizar e adaptar as súas instalacións a unha concepción actual, funcional e operativa, das mesmas, así como a transformar a imaxe obsoleta do recinto e proporcionar ás instalacións unha imaxe formal conxunta e identificativa do estadio. Este proceso de transformación foi iniciado dende a Área de Fomento, Transportes e Contratación, co encargo da redacción ao arquitecto don Pedro de la Puente Crespo, en setembro de 2014, do “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Balaídos”, en base as propostas realizadas polo Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, como usuario das instalacións. O Plan Director contempla a súa execución por fases en relación a cada unha das catro gradas do estadio: “Rio”, “Tribuna”, “Marcador” e “Gol” e foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 15 de decembro de 2014 cun orzamento estimado total de 29.453.535,80 euros.

3º. Tras coñecer o Real Club Celta, S.A.D. o propósito municipal de acometer a remodelación e modernización do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos, a dita entidade deportiva manifestou ao Concello de Vigo o seu desexo de colaborar na execución e financiamento do dito proxecto, toda vez que —afirma o Real Club Celta de Vigo na parte expositiva do convenio— dada a súa condición de «entidade especialmente beneficiada polas obras previstas no devandito Plan Director, como usuaria do Estadio e responsable do seu mantemento en virtude do convenio anteriormente referido, non pode deixar de participar e colaborar na execución e financiamento deste proxecto». A colaboración ofrecida polo Real Club Celta de Vigo plasmou na sinatura, o 28 de xaneiro de 2015, do convenio de colaboración ao que se refire a solicitude que da lugar ao presente expediente.

4º. O obxecto do dito convenio, tal e como dispón a cláusula primeira da súa parte dispositiva, é «o desenvolvemento de parte do proxecto de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos na cidade de Vigo, que se contén no “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos”, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 15 de decembro de 2014.

5º. Os termos da colaboración entre ambas entidades no convenio se concretan na asunción por cada unha delas das obrigas que figuran nas cláusulas seguintes.

As obrigas que o Real Club Celta de Vigo asumiu no convenio foron, en síntese, as que seguen:

En primeiro lugar:



Concello de Vigo

Poñer «ao servizo do Concello de Vigo e da Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula cuarta do convenio, o persoal especializado con que esta entidade deportiva conta en cada unha das áreas concernidas para a execución do plan director de remodelación e modernización do estadio e de cada un dos proxectos nos que se concreta».

En segundo termo:

«Contratar, executar e pagar, ata a cantidade máxima de 2.000.000,00 euros (dous millóns de euros), os estudos, proxectos, obras e demais actuacións complementarias, necesarias para a execución do “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos”.

As concretas actuacións a executar e financiar por parte do Real Club Celta de Vigo, S.A.D. serán parte das contempladas no “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos” para os anos 2014 e 2015, en relación coa remodelación e modernización das gradas de Río, Tribuna ou Preferencia e, dentro destas, as que a Comisión de Seguimento determine, a vista da proposta de plan de actuación que el Club le presente, trala sinatura do presente convenio; e que conterà de maneira detallada as actuacións propostas e a súa cuantificación económica.

Entre as obras e actuacións inclúense como prestacións desta entidade deportiva a imputar á dita cantidade máxima de 2.000.000,00 euros, a execución das obras do proxecto de reparación de gradas, substitución de barandillas e asentos na grada de Tribuna do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 29 de agosto de 2014, co número de expediente 13344/333, e a de executar previa aprobación del correspondiente proxecto técnico polo Concello de Vigo, as obras do proxecto de “Primeira fase”, “Grada de Preferencia”, e unha “Segunda Fase”, “Grada de Tribuna e Cuberta”. Dito proxecto será contratado directamente polo Real Club Celta de Vigo, SAD. Tamén a execución da primeira fase do proxecto “Grada de Preferencia”, para o cal seleccionará a mellor proposta económica entre un mínimo de tres ofertas de empresas construtoras, debendo comunicar ao Concello de Vigo as actuacións desenvoltas antes do inicio das obras. Na execución das mesmas deberán cumprirse todos os requisitos técnicos esixidos pola Lei de Edificación e o PXOM de Vigo.

A execución desta primeira fase das obras da “Grada de Preferencia”, terá un prazo máximo de 4 meses, contados dende a data da autorización do seu inicio polo Concello de Vigo.

Cando as obras derivadas deste compromiso sexan recibidas polo Concello o Real Club Celta de Vigo, SAD, deixará de ter responsabilidade de calquera tipo, presente nin futura (derivada da Lei de ordenación de edificación, nin de outra normativa, civil, mercantil, administrativa ou de calqueira indole).

A cambio o Real Club Celta SAD, se obriga a integrar na dirección facultativa da obra a un técnico competente que designe o Concello para velar pola correcta execución das obras (...).

E, por último, a obriga recollida na cláusula terceira do convenio, relativa á xustificación das actuacións realizadas:

«1.- O Real Club Celta de Vigo S.A.D., deberá presentar ao Concello de Vigo unha memoria xustificativa de cada unha das actuacións realizadas e o seu custe, coa xustificación documental dos gastos do investimento, mediante a achega de copia compulsada das facturas orixinais e, nos casos de execución de obras, da certificación final da obra executada.

Finalizada a obra o Real Club Celta, SAD, deberá entregar ó Concello de Vigo un documento final de obra en formatos papel e dixital, que recolla como mínimo: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e certificación final da obra, xustificando as posibles desviacións respecto ao presuposto do proxecto aprobado.

2.-O Concello recibirá as obras só cando contén co informe favorable dos servizos técnicos municipais».

Pola súa parte, o Concello de Vigo asumiu no convenio as obrigas que seguen:

«— Colaborar e asistir o Real Club Celta a través do seu persoal técnico, para o mellor e máis adecuado cumprimento por esta entidade deportiva das obrigas asumidas a virtude do presente convenio e realizar o seguimento da execución das actuacións aprobadas, certificando a execución final das mesmas.

— Recepcionar as obras da fase “grada de preferencia” dentro do prazo máximo de 15 días dende a comunicación por parte do Real Club Celta, SAD.

Se as obras se atopan en bo estado e con arranxo ás prescricións previstas, no proxecto contratado, o Concello de Vigo daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando a contar o prazo de garantía estipulado no proceso de contratación das obras por parte da empresa adxudicataria das obras.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas, farase constar así na acta e a dirección facultativa das mesmas sinalará os defectos observados e impartirá as instrucións precisas, fixando o prazo para subsanalas. Se transcorrido o devandito prazo, o contratista non o efectuara, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable.

— Asumir todas as responsabilidades inherentes a súa condición de titular do inmovible “Estadio Municipal de Balaidos”, unha vez asinada a acta de recepción favorable en relación coas obras da fase “Grada de Preferencia”.

— Inspeccionar que se axustan os correspondentes proxectos, ordeando as modificacións necesarias no seu caso.

— Desenvolver as xestións oportunas con outras Institucións ou Entidades publicas ou privadas, co obxecto de atopar propostas de colaboración económica para o cofinanciamento das actuacións necesarias para o desenvolvemento xeral do Plan



Concello de Vigo

Director, e de forma expresa en relación a este convenio, para a execución da Fase “Grada de Tribuna”, para a que se establece como prazo máximo de referencia, o inicio da tempada deportiva 2015/16».

6º. Polo que atinxe ao prazo de vixencia do convenio de colaboración, a cláusula quinta do mesmo dispón que:

«O presente convenio surtirá efectos desde a data da súa sinatura e continuará en vigor ata a total execución do “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos”, fixando as partes como data límite o 30 de xuño de 2017».

7º. O primeiro dos proxectos ao que se imputarían os dous millóns de euros, comprometidos polo Real Club Celta de Vigo no convenio de 28 de xaneiro de 2015, para colaborar coa execución das actuacións previstas no Plan director de remodelación e modernización do estadio municipal de Balaídos, foi o de reparación de gradas, substitución de barandillas e asentos na grada de Tribuna; proxecto que fora xa aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 29 de agosto de 2014, co número de expediente 13344/333, cun orzamento de 355.738,81 € e cuxa execución polo Real Club Celta de Vigo autorizouse no mesmo acordo.

O segundo dos proxectos a cuxa execución se imputaría a devandita cantidade comprometida polo Real Club Celta de Vigo a virtude do convenio, previa aprobación do correspondente proxecto técnico polo Concello de Vigo, é o proxecto de obras “Primeira fase, grada de Preferencia”, cuxa execución foi rematada o 20 de maio de 2015, cun custe de 913.242,82 euros, segundo figura na copia da acta de recepción das obras que consta no expediente.

A última das actuacións que especificamente se identifica no convenio como actuación a sufragar polo Real Club Celta de Vigo é a redacción do proxecto “Segunda fase, Grada de Tribuna e Cuberta”. O proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 17 de abril de 2015, foi redactado polo arquitecto don Pedro de la Puente Crespo por encargo da sociedade anónima deportiva, sen que se teña acreditado por esta o seu custe e pago. As obras obxecto do mesmo foron contratadas polo Concello de Vigo e recibidas pola Administración municipal con data 5 de abril de 2017.

Non obstante, non constan no expediente do convenio, respecto das ditas actuacións a xustificación das mesmas, nos termos esixidos pola cláusula terceira do convenio, arriba transcrita.

O resto das actuacións a executar e financiar polo Real Club Celta de Vigo, SAD ata a cantidade dos dous millóns de euros comprometidos por este no convenio ,o serían, tal e como dispón a cláusula segunda A 2:

«parte das contempladas no “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos” para os anos 2014 e 2015, en relación coa remodelación e modernización das gradas de Río, Tribuna ou Preferencia» e, dentro destas, «as que a Comisión de Seguimento determine, a vista da proposta de plan de actuación que el Club le presente, trala sinatura do presente convenio; e que conterà de maneira detallada as actuacións propostas e a súa cuantificación económica».

8º. Con data 23 de outubro de 2018, o concelleiro delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza dirixiu escrito ao Real Club Celta de Vigo nos termos que seguen:

«En relación co seu escrito nº documento 180091363 no que se indica unha serie de obras realizadas na grada de Tribuna polo Real Club Celta de Vigo cabe indicarlles o seguinte:

1º.- O Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Clube Celta de Vigo para a execución de actuacións incluídas no plan director de remodelación e modernización do Estadio Municipal de Balaídos asinado por ambas partes indica na súa cláusula 2ª entre as obrigacións do Real Clube Celta de Vigo:

“(…) contratar, executar e pagar, ata a cantidade máxima de 2.000.000,00 euros (dous millóns de euros), os estudos, proxectos, obras e demais actuacións complementarias, necesarias para a execución do “Plan Director de remodelación e modernización do Estadio Municipal de Balaídos.

As concretas actuacións a executar e financiar por parte do Real Clube Celta de Vigo SAD serán parte das contempladas no “Plan director de remodelación e modernización das gradas de Río, Tribuna ou Preferencia e, dentro destas, as que a Comisión de seguimento determine, a vista da proposta de plan de actuación que o Club lle presente, trala sinatura do presente convenio; e que conterà de maneira detallada as actuacións propostas e a súa cuantificación económica”

2º.- Actualmente, tan só figuran aprobadas na Comisión de Seguimento e pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo as “obras do proxecto de reforma 1ª fase da grada de preferencia-tribuna do Campo municipal de Fútbol de Balaídos en Vigo” por un importe de 913.242,82 euros -ao que se lle debe engadir os custes de redacción e dirección de obra-.

3º.- Na cláusula 3ª do devandito convenio establécese a forma de xustificación das actuacións realizadas sen que a data de hoxe a única actuación aprobada con cargo aos 2 millóns da obriga do Real Clube Celta fose xustificada como é preceptivo.

4º.- En base ao exposto e tal e como se lles informou na comisión de seguimento do citado convenio en data 17.10.2018 así como noutras con anterioridade deben aportar:

- Xustificación da actuación “obras do proxecto de reforma 1ª fase da grada de preferencia-tribuna do Campo Municipal de Fútbol de Balaídos en Vigo”, por un importe de 913.242,82 euros, segundo o establecido na cláusula 3ª do convenio.

- No caso de querer imputar as obras que sinalan no seu escrito nº 180091363 debe remitir solicitude nese sendo para o seu estudio e posterior acordo, de ser o caso, no marco da comisión de seguimento do convenio.

- Plan de actuación proposto polo Real Clube Celta de Vigo para o resto do importe ao que teñen obriga de aportar segundo o citado convenio ata chegar ao importe de 2 millóns de euros».



Concello de Vigo

9º. Con data 28 de xullo de 2020 o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. solicitou a incoación de expediente de revisión de oficio, por causa de nulidade, do convenio de que tratamos de 28 de xaneiro de 2015 e, subsidiariamente, a resolución anticipada do dito convenio por incumprimento municipal.

Nos antecedentes do seu escrito, a entidade deportiva reclamante, tras expoñer as obrigas asumidas no convenio polas partes asinantes, fai referencia ao prazo do convenio e ás obras que prevé o Plan Director, e remata afirmando que «Al día de la fecha las obras cuya ejecución y costeamiento asumió el Club están finalizadas (lo estuvieron en los plazos comprometidos en el convenio); pero, por el contrario, la ejecución del resto de las obras contempladas en el Plan director hasta el completamiento del mismo están muy lejos de estar concluída».

Xa en sede de Fundamentos de dereito, basea a reclamante a nulidade do convenio en ter este o obxecto propio dun contrato administrativo: «no basta —dise no escrito— la denominación de "convenio" para excluir del ámbito de la LCSP un determinado acuerdo de voluntades entre una Administración y una persona de derecho privado. Hay que justificar que su contenido no es el propio de alguno de los contratos regulados en dicha ley, pues, si lo fuera, como lo es en este caso, sería aplicable la normativa correspondiente, sin posibilidad de acudir al convenio».

O argumento que se aduce en xustificación da nulidade do convenio se contén nos seguintes parágrafos:

«Los convenios no podrán tener por objeto prestaciones propias de los contratos. En tal caso, su naturaleza y régimen jurídico se ajustará a lo previsto en la legislación de contratos del sector público.

La ejecución de obras de competencia de una entidad pública (en nuestro caso, el Concello de Vigo) podía (en rigor, debía) en enero de 2015 ser objeto de un contrato de obras o de un contrato de concesión de obras públicas, dependiendo del modo de financiación. Por tanto, las obras de remodelación del estadio de Balaídos no podían ser objeto de un convenio porque su objeto estaba comprendido en el de los contratos regulados en la LCSP (Texto Refundido de 2011). Por ello, era preceptiva la observancia de las reglas establecidas en dicha legislación para la preparación y adjudicación del contrato.

No ocurrió así en nuestro caso, pues, en virtud del convenio de 2015 el Club asumió el compromiso de "contratar, ejecutar y pagar, hasta la cantidad máxima de 2 millones de euros, estudios, proyectos y actuaciones complementarias necesarias para la ejecución del Plan de remodelación" (en concreto, las previstas en el plan de remodelación para los años 2014 y 2015 en relación con la modernización de las gradas de Río, Tribuna y Preferencia) (Cláusula 2a, A.2). Una vez recibidas las obras, el Concello asumiría las responsabilidades inherentes a su condición de titular del inmueble (cláusula 2a, B.2 y 3). Esto confirma que se trataba de obras de competencia municipal y no de obras privadas del Club.

Si el Club se hubiera comprometido a contribuir a las obras de remodelación del estadio "hasta la cantidad máxima de 2 millones de euros", se habría podido salvar la validez del convenio, con el argumento de que su objeto no era el de un contrato, sino la aportación de una cantidad a la financiación de obras municipales, que, por razones obvias, también interesan al Club».

A continuación cita a reclamante abundante xurisprudencia en apoio da nulidade aducida.

Subsidiariamente, o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. solicita a resolución do contrato porque entende que a virtude do mesmo o Concello de Vigo obrigouse a rematar as actuacións previstas no Plan Director de Remodelación e Modernización do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos no ano 2017 e como queira que estas non están aínda rematadas o incumprimento municipal determina a resolución do convenio a instancia do Real Club Celta de Vigo, con indemnización dos danos e prexuízos causados a este.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primeira.- Da inadmisibilidade, por carencia manifesta de fundamento, da solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito do convenio, formulada polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D..

A solicitude de nulidade de pleno dereito do convenio que nos ocupa, formulada polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. carece manifestamente de fundamento e debe ser, daquela, inadmitida.

A solicitante confunde e identifica o o que é o obxecto dunha obriga co que é o obxecto dun contrato: o obxecto das obriga son as prestacións, que poden consistir en dar, facer ou non facer algunha cousa (artigo 1.088 do Código Civil); porén, o obxecto do contrato son todas as obrigas que por el se constitúen —no seu caso, e como sucede nos contratos administrativos típicos, reciprocamente causalizadas—, as cales teñen, cada unha, por obxecto unha prestación que consistirá en dar, facer ou non facer algunha cousa.

Cando se afirma que os convenios no poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos administrativos, o que se está a dicir é que o seu contido, isto é as obrigas reciprocamente causalizadas que se constitúen a virtude do convenio, non poden ser as propias dalgún dos contratos regulados na Lei de Contratos do Sector Público, porque se o fora, sería esta mesma norma a reitora do seu réxime xurídico e non a normativa propia do convenios administrativos e é neste punto no que incide a xurisprudencia que aduce a reclamante.

O artigo 2.1 da Lei de Contratos do Sector Público establece que: «1. Son contratos del sector público y, en consecuencia, están sometidos a la presente Ley en la forma y términos previstos en la misma, los contratos onerosos, cualquiera que sea su naturaleza jurídica, que celebren las entidades enumeradas en el artículo 3» e que «Se entenderá que un contrato tiene carácter oneroso en los casos en que el contratista obtenga algún tipo de beneficio económico, ya sea de forma directa o indirecta».

Así, no contrato administrativo de obras, o contratista asume a obriga de executar a obra e a entidade adxudicante a de pagar o prezo pactado. Nos contratos administrativos de concesión de obra e de concesión de servizo, a contratista asume a obriga de executar a obra e prestar o servizo, respectivamente, recibindo da entidade adxudicante como contraprestación onerosa o dereito de explotar a obra ou o servizo ou ben o dito dereito acompañado do de percibir un prezo.

Porén a estrutura obligacional do convenio de que tratamos non se corresponde coa dun contrato oneroso: atendendo a súa finalidade ou título, os contratos divídense pola doutrina científica en onerosos e gratuitos. Os primeiros son aqueles nos que cada unha das partes



Concello de Vigo

aspira a procurarse unha vantaxe, mediante un equivalente ou compensación; os segundos, chamados tamén lucrativos, son aqueles nos que un dos contratantes se propón proporcionar ao outro unha vantaxe sen equivalente algún.

O artigo 1274 do Código Civil, en relación coa causa dos contratos, distingue, dentro dos gratuítos dúas categorías, ao establecer que: «En los contratos onerosos se entiende por causa, para cada parte contratante, la prestación o promesa de una cosa o servicio por la otra parte; en los remuneratorios, el servicio o beneficio que se remunera, y en los de pura beneficencia, la mera liberalidad del bienhechor».

Os contratos remuneratorios son, pois, aqueles nos que o beneficio que obtén unha parte está encaminado a compensar a esta por algunha prestación xa realizada libremente pola remunerada, sen que a parte que proporciona o beneficio estea xuridicamente obrigada a retribuír aquela prestación e sen que o beneficio proporcionado sexa xuridicamente esixible.

Exemplo de tales contratos é a doazón remuneratoria do primeiro parágrafo do artigo 619 do Código Civil «Es también donación la que se hace a una persona por sus méritos o por los servicios prestados al donante, siempre que no constituyan deudas exigibles».

Pois ben, o convenio que nos ocupa responde na súa estrutura obligacional á dos contratos remuneratorios e non á dos contratos onerosos, porque, dunha parte, as obrigas que no convenio de referencia asume o concello de Vigo non constitúen contraprestación onerosa das obrigas que no mesmo asume o Real Club Celta de Vigo, S.A.D.. As obrigas que o concello de Vigo asume no convenio, arriba recollidas textualmente, limítanse a colaborar e asistir o Real Club Celta, a través do seu persoal técnico, para o mellor e máis adecuado cumprimento por esta entidade deportiva das obrigas asumidas por esta a virtude do presente convenio e a recibir as prestacións, obxecto das ditas obrigas: as obras e os proxectos comprometidos polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D.; o que, certamente, non constitúe ningunha contraprestación onerosa por parte do concello de Vigo das obrigas asumidas no convenio por parte da entidade deportiva reclamante, cuxo importe económico ascende a dous millóns de euros; doutra, porque na propia parte expositiva do convenio o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. recoñece a natureza gratuíta, e non onerosa, do convenio cando fai constar que dada a súa condición de «entidade especialmente beneficiada polas obras previstas no devandito Plan Director, como usuaria do Estadio e responsable do seu mantemento en virtude do convenio anteriormente referido, non pode deixar de participar e colaborar na execución e financiamento deste proxecto».

Polo demais, esta fora de toda dúbida que as Administracións públicas poden adquirir bens e dereitos a título gratuíta, polo que o concello de Vigo pode adquirir a título gratuíta tanto o diñeiro necesario para executar unha determinada obra de interese público como a obra mesma.

O artigo 106.3 LPACAP dispón que: «El órgano competente para la revisión de oficio podrá acordar motivadamente la inadmisión a trámite de las solicitudes formuladas por los interesados, sin necesidad de recabar Dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo de la Comunidad Autónoma, cuando las mismas no se basen en alguna de las causas de nulidad del artículo 47.1 o carezcan manifiestamente de fundamento, así como en el supuesto de que se hubieran desestimado en cuanto al fondo otras solicitudes sustancialmente iguales».

Habida conta do arriba razoado, procede, ao abeiro do precepto transcrito, a inadmisión a trámite da solicitude de nulidade de pleno dereito do convenio de que tratamos por carencia manifesta de fundamento.

Segunda.- Do incumprimento do convenio polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. e da esixibilidade do cumprimento do mesmo por equivalente económico.

Inadmitida que sexa a trámite a solicitude de nulidade de pleno dereito do convenio que nos ocupa, a Xunta de goberno Local deberá pronunciarse sobre a petición subsidiaria de de resolución do mesmo por incumprimento municipal no prazo fixado no convenio.

A tal fin procede informar que o concello de Vigo non estaba obrigado a rematar no ano 2017 as obras comprendidas no citado Plan Director, nin asumiu tal obriga no convenio. O prazo que se establece na cláusula quinta do convenio é un prazo que rexe para o cumprimento das obrigas asumidas no convenio polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D., que é o que se obriga gratuitamente no convenio a favor do concello de Vigo, en atención a súa condición de «entidade especialmente beneficiada polas obras previstas no devandito Plan Director, como usuaria do Estadio e responsable do seu mantemento en virtude do convenio anteriormente referido» que determinaron ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. a «participar e colaborar na execución e financiamento deste proxecto».

As obrigas asumidas polo concello de Vigo, tal e como vai arriba dito, limítanse a colaborar e asistir o Real Club Celta, a través do seu persoal técnico, para o mellor e máis adecuado cumprimento por esta entidade deportiva das obrigas que asume a virtude do convenio e a recibir as prestacións, obxecto das ditas obrigas: as obras e os proxectos comprometidos no convenio polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D..

Daquela, quen incumpriu o convenio no prazo fixado no mesmo foi o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. e non o concello de Vigo, cuxas obrigas estaban subordinadas no seu cumprimento ao cumprimento das obrigas da entidade deportiva, pois so no momento en que esta executa as actuacións comprometidas no convenio pode o Concello de Vigo colaborar e asistir o Real Club Celta, a través do seu persoal técnico, para o mellor e máis adecuado cumprimento por esta entidade deportiva das obrigas asumidas e, posteriormente, recibir as obras resultado das actuacións desenvolvidas.

O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. incumpriu a súa obriga de realizar o resto das actuacións que a Comisión de Seguimento tiña de determinar, a vista da proposta de plan de actuación que o Club debía presentar, en cumprimento da cláusula segunda A do convenio, trala sinatura deste; plan de actuación que debía conter de maneira detallada as actuacións propostas e a súa cuantificación económica.

O Real Club Celta de Vigo non presentou tal plan de actuación, nin despois de ter sido requirido para isto, e para a adecuada xustificación das actuacións realizadas, polo concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, no escrito arriba transcrito.

Se ben o convenio sinala como prazo para o cumprimento das obrigas que nel se estipulan o ano 2017, o certo é que o dito prazo non ten carácter esencial e o seu vencemento non impide o cumprimento tardío, en forma específica, polo Real Club Celta de Vigo do resto das actuacións comprometidas no convenio ata completar os dous millóns de euros. Porén e en calquera caso, o que procede, en aplicación do artigo 1.101 do Código Civil, é esixir do Real Club Celta de Vigo, S.A.D. o cumprimento por equivalente económico das obrigas asumidas



Concello de Vigo

no convenio e non cumpridas, cuxa cantidade ven determinada pola diferenza entre as cantidades satisfeitas polas actuacións realizadas pola entidade deportiva, en cumprimento do convenio, adecuadamente xustificadas no termos esixidos na cláusula terceira do convenio, e os dous millóns sinalados no convenio como cifra máxima do importe económico das actuacións comprometidas.

Procede, por tanto, desestimar a solicitude de resolución do convenio, articulada como subsidiaria no escrito iniciador do presente expediente e declarar que é o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. e non o concello de Vigo o que ten incumprido o repetido convenio, polo que procede reclamar da dita entidade deportiva o cumprimento por equivalente económico das obrigas que restan por cumprir. Non obstante, para adoptar tales acordos, deberase abrir o trámite de audiencia, previsto no artigo 82 LPACAP/2015, antes de redactar a proposta de resolución en relación coa dita petición subsidiaria, así como requirir da entidade deportiva reclamante a xustificación, nos termos previstos na cláusula terceira do convenio, das actuacións e pagos realizados pola entidade deportiva en cumprimento do convenio, a fin de determinar o importe da débeda do Real Club Celta de Vigo, S.A.D. a favor desta Administración municipal, co apercibimento de que para o caso de que tal xustificación das actuacións e pagos realizados en cumprimento do convenio non se realice, procederá fixar, en principio, como importe da obriga por equivalente económico do Real Club Celta de Vigo S.A.D. a favor do concello de Vigo, dous millóns de euros.

Terceira.- Competencia.

É competente para adoptar o acordo que se propón a Xunta de Goberno Local, como órgano autor do acto impugnado ao que, de acordo co artigo 127.1 k) LRBRL, corresponde a facultade de revisión de oficio dos seus propios actos.

Por todo o exposto propónse á xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- inadmitir, por carecer manifestamente de fundamento, a solicitude formulada, con data 28 de xullo de 2020, polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. de declaración de nulidade de pleno dereito do convenio de colaboración, asinado o 28 de xaneiro de 2015 polo concello de Vigo e a dita entidade deportiva para a execución de actuacións incluídas no plan director de remodelación e modernización do estadio municipal de Balaídos.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo de inadmisión á interesada coa indicación de que o este é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

Terceiro.- Póñase de manifesto o expediente ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. para que, en relación á pretensión subsidiaria formulada de resolución do devandito convenio por incumprimento municipal, poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes, no prazo de quince días, a contar do seguinte ao da notificación deste acordo.

Cuarto.- Requerir do Real Club Celta de Vigo, S.A.D. a xustificación, nos termos previstos na cláusula terceira do convenio, das actuacións e pagos realizados pola entidade deportiva en cumprimento do mesmo, co apercibimento de que, de non realizar tal xustificación de actuacións e pagos, para o caso de non formular alegacións en relación coa desestimación do incumprimento municipal aducido pola entidade deportiva e en relación, tamén, á declaración do incumprimento do convenio pola entidade deportiva, que na parte expositiva deste acordo se afirma, ou se estas foran desestimadas, a Xunta de Goberno Local declarará, con carácter definitivo, o incumprimento do tan repetido convenio polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. e a obriga desta entidade deportiva de satisfacer ao concello de Vigo a cantidade de dosu millóns de euros, a fin de obter a Administración municipal o cumprimento por equivalencia das obrigas asumidas no convenio polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. e non cumpridas por este.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(113).- RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 19/11/2020, RELATIVO Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE “CONCURSO DE PROXECTOS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 677/441.

Visto o informe de fiscalización de data 12/02/2021, dáse conta do informe-proposta de data 10/02/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19.11.2020 acordou entre outros:

***Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación do concurso de proxectos, con intervención de xurado, a nivel de anteproxecto, para a “Conexión Peonil mediante elemento de transporte vertical entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte”, no Concello de Vigo.*

***Segundo.-** Aprobar as Bases reitoras que rexeran o concurso de proxectos, con intervención de xurado, asinadas pola Xefa do Servizo de Contratación de data 13 de novembro de 2020.*



Concello de Vigo

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SESENTA EUROS con SESENTA E DOUS CÉNTIMOS” (555.860,62 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 96.471,68 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.609.00.63 (VIGO VERTICAL, ASCENSOR URZAIZ VIALIA), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	354.180,51 €
2022	201.680,11 €
TOTAL	555.860,62 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

II.- Revisado o expediente detectase un erro material no citado acordo da Xunta de Goberno Local, en relación á aplicación orzamentaria de financiamento, indicándose 1539.609.00.63 (Vigo vertical, ascensor urzaiz vialia) cando debería indicar 1532.609.00.63 (1ª anual. Acceso peonil S. Avendaño V. Norte). O erro atópase no informe-proposta e no posterior acordo da Xunta de Goberno Local autorizando o gasto. Atópase correctamente indicada a aplicación orzamentaria tanto nas bases do concurso como no informe da intervención Xeral.

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- O artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o erro no Acordo da Xunta de Goberno de data 19 de novembro de 2020 no referente á aplicación orzamentaria de financiamento, e en consecuencia a parte dispositiva:

ONDE DI:

“(…)

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SESENTA EUROS con SESENTA E DOUS CÉNTIMOS” (555.860,62 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 96.471,68 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.609.00.63 (VIGO VERTICAL, ASCENSOR URZAIZ VIALIA), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	354.180,51 €
2022	201.680,11 €
TOTAL	555.860,62 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

(…)”

DEBE DICIR:

“(…)”

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SESENTA EUROS con SESENTA E DOUS CÉNTIMOS” (555.860,62 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 96.471,68 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.609.00.63 (1ª anual. Acceso peonil S. Avendaño V. Norte), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	354.180,51 €
2022	201.680,11 €
TOTAL	555.860,62 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

(…)”.



Concello de Vigo

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(114).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACION DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVD. EMILIO MARTÍNEZ GARRIDO”. EXPTE. 4689/443.

Visto o informe de fiscalización de data 15/02/2021, dáse conta do informe-proposta de data 12/02/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte do enxeñeiro Técnico Municipal Jorge Muñoz Rama preséntase proxecto de **“RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA. EMILIO MARTÍNEZ GARRIDO”**, cun orzamento base de licitación máis IVE de **OITENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (82.529,95 EUROS)**.

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 28.10.2020 en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

A actuación se desenrola na Avda. Martínez Garrido que abarca a numeración 82 a 86 o.e. consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Previamente procederáse a retirada do mobiliario existente na rúa, para a continuación a demolición de aceiras e retirada dos bordos existentes, e demolición dos pavimentos existentes.
- Una vez efectuada as demolicións procederáse a efectuar a escavación de zanzas para a nova instalación dos colectores de saneamento cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coa redes existentes. A continuación procederáse ao recheo das correspondentes zanzas a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con suficiente grado de compactación .
- Posteriormente, unha vez finalizada e compactada a zona afectada, procederáse a efectuar a reparación da pavimentación, diferenciado no tipo de pavimentación entre aceiras, estas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cm., de espesor e acabado con baldosa de granito gris de 6 cm., de espesor. Diferenciando entre

calzada e aceira colocación do bordo formado por pezas de granito flamexado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros coas ramplas de acceso aos garaxes. Na zona de rodadura previo reposición de zona firmes nas zanzas a ase de Formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor efectuarase o correspondente fresado capa de rego de adherencia e posterior mistura bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm.

- Unha vez finalizado a pavimentación procederase a finalización efectuando a recolocación de luminarias, xardinería, e mobiliario que estivese afectado

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de **DOUS (2) meses**.

III.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asistencia Municipal. emite en data 04.02.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

A efectos urbanísticos tratase da renovación dos servizos dun vial xa existente, polo que neste aspecto non se prevé ningún tipo de novo uso ni se consume dereito edificatorio, polo tanto as obras propostas non son contraditorias coa norma urbanística.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A súa vez tendo en conta as determinacións que fixa o art. 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e construtiva, prego de condicións, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de



Concello de Vigo

Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta do informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **““RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA. EMILIO MARTÍNEZ GARRIDO”**, cun orzamento base de licitación máis IVE de **OITENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (82.529,95 EUROS)** e con data da sinatura dixital de 03 de febreiro de 2021.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(115).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS DE A MADROA. EXPTE. 14995/306.

Visto o informe xurídico do 29/01/2021 e o informe de fiscalización do 11/02/2021, dáse conta do informe-proposta de data 29/01/2021, asinado polo técnico de Admon. Xeral, polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

I.1.-A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 3 de febreiro de 2017, aprobou o “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do refuxio de animais de A Madroa (expte. 12121/306)”.

I.2.- O convenio formalizouse en documento administrativo en data do 24 de febreiro de 2017.

I.3.- Dito convenio ten por finalidade, fundamentalmente, a colaboración na prestación dos servizos necesarios por parte da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo (en adiante, APAPV), para a recollida, albergue, custodia, coidado e alimentación de animais – cans e gatos - abandonados, vagabundos, confiscados ou retirados pola autoridade competente que se alberguen nas instalacións municipais do monte de A Madroa, coidando as instalacións e especialmente os aspectos hixiénico-sanitarios destas, sempre baixo a supervisión dos técnicos municipais e da concellería delegada competente.

O Concello achega a referida asociación unha cantidade anual de 96.000 euros (noventa e seis mil euros) en virtude do disposto no referido convenio.

I.4.- O convenio asinouse en data do 24/02/2017 e entrou en vigor o 1/03/2017, tendo vixencia ata o día 29/02/2020, e existindo a posibilidade da súa prorroga por un ano máis, é dicir, do 1/03/2020 ata o 28/02/2021, data da súa extinción.

I.5.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de novembro do 2019, acordou a prórroga do convenio polo prazo dun ano comprendido dende o 1 de marzo do 2020 ata o 28 de febreiro de 2021.

I.6.- A APAPV cumpriu coas obrigas establecidos no convenio de forma axeitada durante o período que levamos de vixencia deste, sen ningún tipo de incumprimentos nin incidencias significativas.

I.7.- A APAPV presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data do 22/09/2020 (doc. 200171397), manifestando a súa vontade de manter a súa colaboración co Concello de Vigo e instando a apertura dun procedemento administrativo para a elaboración e subscripción dun novo convenio ante a próxima extinción do vixente.

I.8.- Con data 05/10/2020, a concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, en virtude de resolución de delegación de competencias do alcalde de data 18 e 26 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2020), iniciou procedemento para a aprobación dun novo convenio de colaboración (expte. 14995/306).

En dito procedemento consta a seguinte documentación aportada pola APAPV:

- CIF da asociación (G36638955).
- Copia dos estatutos da asociación debidamente inscritos no Rexistro de Asociacións.
- Resolución de inscrición da composición da Xunta Directiva e da súa presentación nos Rexistros oficiais.
- Certificación conta bancaria da asociación.
- Certificacións da AEAT, TXSS, Axencia Tributaria de Galicia de estar ó corrente de pago nas súas obrigas tributarias e da seguridade social.
- Desglose de gastos relativos a xestión do refuxio da animais e programa de esterilización felina e da conta de perdas e ganancias da entidade referidos á unha anualidade.
- Acreditación de gastos de persoal (nóminas, seguridade social), facturación de gastos farmacéuticos, de servizos veterinarios, de alimentos, de xestión de residuos, de seguros



Concello de Vigo

referidos, fundamentalmente, a unha mensualidade e, por tanto, extrapolables a unha anualidade.

Asemade, constan os seguintes informes e documentos:

- Certificación da Tesourería municipal de 21/01/2021 de que APAPV está ó corrente de pago coas obrigas tributarias da facenda local.
- Informe dos Servizos Enerxéticos Municipais de 25/01/2021 relativo ó custe de subministro de enerxía eléctrica das instalacións municipais do refuxio de animais de A Madroa.
- Informe do Servizo de Administración Electrónica de 25/01/2021 relativo ó custe de telefonía fixa na antes dita instalación.
- Memoria xustificativa do xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado pola concelleira delegada da Área, de data 28/01/2021 na que se xustifica a conveniencia e oportunidade e obxecto do convenio, o orzamento, partidas orzamentarias para facer fronte ós gastos que o convenio conleva.
- Proxecto do Convenio de Colaboración redactado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado polo concelleira delegada da Área, de data 28/01/2021.
- Informe xurídico do técnico de Administración Xeral do Servizo de Medio Ambiente de data 29/01/2021.

II.- Contido do convenio

II.1.- Segundo o proxecto de convenio, a APAPV obrígase a realizar unha serie de tarefas tales como:

- a) O albergue, custodia, coidado e alimentación da totalidade dos cans, gastos e demais animais que se alberguen nas instalacións do centro de recollida.
- b) A recollida dos animais vagabundos ou extraviados que se atopen vagando polo termo municipal de Vigo, nas condicións que se especifican.
- c) A eutanasia dos animais nos casos e polos procedementos establecidos na lexislación vixente.
- d) O coidado, atención e vixilancia dos animais illados ou en observación no recinto.
- e) O cumprimento da normativa hixiénico-sanitaria aplicable.
- f) Facilitar ó Concello a documentación dos animais e levar a relativa á súa entrada e admisión, vacinacións, sacrificios, identificación, etc.
- g) Realizar os implantes electrónicos (microchips) nos cans e gatos que a APAPV destine a cesión ou doazón.
- h) Facilitar, en colaboración co Concello, a adopción dos animais acollidos nas instalacións da Madroa.

II.2. Como contrapartida, recoñécense á APAPV unha serie de dereitos, entre os que debemos salientar os seguintes:

- a) Á utilización da superficie, edificación e instalacións municipais da Madroa para o cumprimento dos fins previstos no convenio.
- b) A que o Concello realice pola súa conta as reparacións, reposicións ou modificacións nas instalacións que se consideren necesarias para o mantemento destas e a súa correcta funcionalidade, exceptuando aqueles casos que deriven de danos por negligencia ou a actuación dolosa do persoal da APAPV.
- c) A recibir a protección municipal precisa para o mellor cumprimento da normativa aplicable aos animais.

d) A recibir do Concello unha cantidade anual de 105.000 euros, (CENTO CINCO MIL EUROS) en doce mensualidades a razón de 8.750 euros mensuais a partires da entrada en vigor do convenio; Dos 8.750 euros mensuais a percibir pola Asociación Protectora, 1.750 euros deberán ser destinados, de conformidade co concello de Vigo, aos custos derivados da execución do programa en materia sanitaria para o control das colonias felinas da cidade de Vigo, e que deixará de percibir, minorándose a apartación municipal nesa cantidade de 1.750 euros, no momento en que o devandito programa deixe de executarse por acordo expreso do órgano municipal competente.

A forma de pagamento será a que segue: a APAPV solicitará mensualmente o pagamento e o centro xestor, Servizo de Medio Ambiente, emitirá certificación que acredite ou xustifique o cumprimento íntegro do convenio para os efectos de recoñecemento da obriga e o seu pagamento, nos termos da base 40ª.5. das Bases de execución do orzamento.

O gasto que se imputara á partida orzamentaria 1721.227.99.04 (*"Convenio Sociedade Protectora de animais"*) dos vixentes presupostos.

e) A dispor da subministración gratuíta de auga, luz e teléfono fixo.

II.3. Prohíbese expresamente á APAPV o establecemento de convenios ou concertos puntuais con propietarios ou posuidores de animais para a exclusiva custodia ou garda mediante prezo. Tampouco poderá concertar a custodia ou mantemento de animais con outras entidades, públicas ou privadas.

II.4. Para a aplicación e desenvolvemento do acordado así como para resolver as dúbidas e controversias que puidesen suscitarse ó longo da súa vixencia, constitúese unha Comisión Mixta, que estará integrada por dous representantes do Concello de Vigo e outros dous da APAPV.

II.5. O convenio entrará en vigor o día un de marzo do ano 2021 e terá unha vixencia de tres (3) anos, sendo prorrogable polo período máximo de un (1) ano, por acordo expreso do órgano municipal competente para a súa aprobación, trala conformidade da APAPV.

III.- Fundamentos de dereito

O técnico de Administración Xeral do Servizo de Medio Ambiente emite informe xurídico favorable ó proxecto de convenio en data 29/01/2021, reflectindo no seu apartado IV de consideracións xurídicas o seguinte:

"IV. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

IV.1. Analizado o texto do proxecto de convenio de colaboración agora proposto compre manifestar que é moi semellante aos aprobados no seu momento pola XGL do 20.12.2004 (Expte. 2959/306); 17.03.2008 (Expte 5512/306); 15/02/2013 (Expte. 8949/306) e do 03.02.2017 (Expte. 12121/306), cos informes favorables dos técnicos municipais e da Intervención municipal.

IV.2. A actuación municipal nesta materia viría expresamente amparada polo disposto nos Artigos 2.1 e 25 da LRBRL (na redacción dada trala reforma operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en adiante LRSAL), artigo 80 da LALGA, en relación có artigo 22 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, o cal establece como obriga municipal a recollida dos animais abandonados nos seguintes termos: «Os concellos recollerán os animais



Concello de Vigo

domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos nesta lei». Asemade, o artigo 6.1 do citado texto legal preceptúa que: «Atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal».

IV.3. De conformidade có que vai dito, o Servizo de recollida de animais abandonados no termo municipal esixe a necesidade do centro de recollida ou refuxio de animais que posúe o Concello en A Madroa. Segundo informou o xefe do servizo de Medio Ambiente con data 28.01.2021, o Departamento de Medio Ambiente non dispón de persoal suficiente para atender a prestación do servizo polo que se fai preciso unha actuación compartida entre o Concello de Vigo e unha asociación de protección e defensa de animais, actuación compartida que posibilita o artigo 22.2 da citada Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

IV.4. A formalización desta clase específica de convenios conta co respaldo legal explícito que lle presta o citado artigo 22.2 da Lei 4/2017, onde se faculta ás administracións locais para concertar convenios de colaboración coas asociacións protectoras de animais.

IV.5. A Asociación Protectora de animais e Prantas de Vigo é unha asociación constituída legalmente, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Administrativo Provincial de Asociacións de Pontevedra dependente da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia co número 1966/000058-1(PO), e co número PO-007-AP no Rexistro Xeral de Asociacións para a protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia (denominado na actualidade Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 4/2017), cuxos fins coinciden exactamente cos que establece o artigo 4.12 da Lei 4/2017 para as asociacións protectoras de animais que teñen por obxecto fundamental a defensa e protección dos mesmos.

IV.6. Este convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP: Art. 6.2) coa salvedade da aplicación supletoria dos seus principios para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar (LCSP:Art. 4) e ten, para todos os efectos, carácter xurídico-administrativo, rexéndose polas súas propias estipulacións e, no seu defecto, polas normas do Dereito administrativo.

IV.7. En relación con esta última cuestión, e tal e como se desprende do informe emitido pola xefatura do Servizo de Medio Ambiente en data 28.01.2021, compre por de manifesto que, aínda que é nota común a convenios e contratos o ser consecuencia dunha manifestación de vontade, reguladora das situacións xurídicas implicadas, a característica distintiva radica en que os convenios responden á idea de colaboración na consecución dun fin común. Así, o artigo 47.1 da LRXSP define os convenios como «(...)os acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Non teñen a consideración de convenios os protocolos xerais de actuación ou instrumentos similares que comporten meras declaracións de intención de contido xeral ou que expresen a vontade das administracións e partes subcritoras para actuaren cun obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e

exixibles. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustaranse ao previsto na lexislación de contratos do sector público».

Neste senso, e en canto o obxecto, fronte o intercambio de prestacións patrimoniais, servizos, ou cousas por prezo, característico dos contratos, nos convenios, de acordo co fin de cooperación que lle é propio, se contrapón unha obriga de comportamento, actividade ou conduta, non a un prezo certo –ao non existir causa solvendi no negocio- senón a unha compensación. É dicir, non se pode prescindir da idea de colaboración e da ausencia de prezo como peculiaridade definidora dos convenios, pois doutro xeito non existiría pauta de distinción entre estes e os contratos administrativos especiais ou atípicos.

IV.8. Segundo informa o xefe do Servizo de Medio Ambiente en data 28.01.2021, non consta ningunha solicitude por escrito doutra asociación de protección e defensa dos animais interesada en colaborar na prestación deste servizo.

IV.9. O contido do convenio axústase ó disposto no artigo 49 da LRXSP e na Base nº 40 das de execución dos orzamentos municipais.

IV.10. De conformidade co establecido no artigo 50 da LRXSP e na precitada Base nº40, consta no expediente de referencia unha Memoria xustificativa asinada polo xefe do servizo de Medio Ambiente en data 28.01.2021

IV.11. Segundo informou o xefe do Servizo de Medio Ambiente en data 28.01.2021, constan incorporadas ao expediente as certificacións xustificativas de estar a APAPV ó corrente das súas obrigas coa TXSS, AEAT, Axencia Tributaria de Galicia e Tesourería municipal.

IV.12. O Convenio deberá ser obxecto de publicación no Portal de Transparencia, en virtude do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

IV.13. O proxecto de convenio deberá ser obxecto de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Arts. 92Bis ap. 1.b] LRBRL, 214 TRLRFL e Base nº 40).

IV.14. .A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local (Art. 127 LRBRL).

Polo anterior, considérase que existe un claro interese público na conclusión deste convenio e que os pactos, cláusulas e condicións que contén son conformes ó interese xeral, ó ordenamento xurídico e ós principios de boa administración”.

Por tanto, visto o contido do expediente 14995/306, en especial, o texto do convenio proposto e os informes técnicos e xurídicos antes citados, e unha vez emita o preceptivo informe a Intervención xeral municipal, proponse á Xunta de Goberno Local ao abeiro das atribucións que lle confire o artigo 127 da 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO PARA A



Concello de Vigo

RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS, co texto que se recolle neste acordo.

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe 87.500 euros para o ano 2021 ao sinalar como inicio do convenio o 1 de marzo de 2021, en previsión do establecido na cláusula segunda e décima do texto do convenio; 105.000 euros para o ano 2022; 105.000 para o ano 2023; 17.500 euros para o ano 2024; pagadeiros a razón de 8.750 euros mensuais, subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo, en legal forma, a Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

TEXTO DO CONVENIO QUE SE APROBA

““CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS ABANDONADOS (Exp. Nº 14995/306).

R E U N I D O S

Dunha parte, D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez, provista del DNI 36157543W, concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, na representación legal que ostenta do Excmo. Concello de Vigo, de conformidade coas resolucións de delegación de competencias de alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019), asistida pola secretaria do Goberno local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

E doutra, D. Vicente Viso Vega, provisto do DNI 36033489X, con enderezo para efectos de notificacións nas instalacións municipais do Centro de acollida de animais de A Madroa (Candean), actuando, en calidade de presidente, en representación da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, inscrita no Rexistro Administrativo de Asociación co número 1966/000058-1 (PO), CIF nº G-36.638.955, en virtude das atribucións conferidas no artigo 30.2. dos seus Estatutos.

M A N I F E S T A N

–A Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, establece a obriga dos Concellos de recoller os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergalos en centros de recollida de animais abandonados ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos na lei, facultando aos Concellos a subscribir convenios de colaboración nesta materia con asociacións de protección e defensa dos animais.

–Consonte cos artigos 6 da precitada Lei 4/2017 e 26 da Ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo (BOP 22/06/2000), atínxelle á Alcaldía a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade no ámbito do seu termo municipal.

–O artigo 4.12 da Lei, define ás asociacións de protección e defensa dos animais como aquelas asociacións constituídas legalmente e inscritas no rexistro oficial correspondente, sen fin de lucro, que teñan por obxecto fundamental a defensa e protección dos animais no medio en que vivan.

–A Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo está inscrita no Rexistro Administrativo Provincial de Asociacións de Pontevedra dependente da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia co número 1966/000058-1(PO), e co número PO-007_AP no Rexistro Xeral de Asociacións para a protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en catividade de Galicia (denominado na actualidade Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 4/2017), e os seus fins coinciden cos que establece a Lei 4/2017.

Ámbalas dúas partes recoñécense competencia e capacidade legal suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes,

CLAUSULAS

PRIMEIRA: Este convenio ten por obxecto a prestación dos servizos necesarios por parte da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, para a recollida, albergue, custodia, coidado e alimentación de animais abandonados, vagabundos ou extraviados, confiscados ou retirados pola autoridade competente que se alberguen nas instalacións municipais do monte de A Madroa, coidando as instalacións e especialmente os aspectos hixiénico-sanitarios destas, sempre baixo a supervisión dos técnicos municipais e da concellería-delegada competente.

SEGUNDA: O prazo de vixencia deste convenio será de tres (3) anos, sendo prorrogable polo período máximo de un (1) ano, por acordo expreso do órgano municipal competente para a súa aprobación, trala conformidade da APAPV. O convenio entrará en vigor o día un de marzo do ano dous mil vinte e un.

TERCEIRA: A Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo obrígase polo presente convenio ao seguinte:

a) Ao albergue, custodia, coidado e alimentación da totalidade dos cans, gatos e demais animais que se alberguen nas instalacións do centro de recollida, especialmente dos feridos ou maltratados, tanto os entregados por particulares como polos servizos municipais, de acordo coa lexislación que en cada intre lle sexa de aplicación.

b) Á recollida dos animais vagabundos ou extraviados que deambulen polo termo municipal de Vigo así como os que sexan obxecto do Plan Sanitario de Esterilización Felina farase nas condicións que a seguir se indican:

1. Durante a xornada laboral do laceiro municipal, de 08:30 a 13:30 horas, a Asociación Protectora prestará un servizo de apoio en casos de urxencia. Este será determinado polo responsable do servizo de Medio Ambiente. O resto da xornada, os traballos de lacería serán desempeñados pola Asociación Protectora de Animais. Os períodos de vacacións, ausencias prolongadas da lacería municipal serán cubertos polo Concello.



Concello de Vigo

2. Os sábados, domingos e festivos, a Asociación Protectora asumirá en horario de mañá e tarde o servizo na súa totalidade.
3. Durante a noite a Asociación Protectora deberá atender os casos urxentes que lle sexan remitidos pola Policía Local.
4. Nos casos de agresividade ou especial perigosidade dos animais, a Asociación Protectora contará coa colaboración dos servizos municipais adecuados.

c) Á atención ao público no refuxio que será todos os días laborables e sábados en horario de 9:00 a 13:30 horas, debendo, en todo caso, ter operativo un teléfono de urxencias as 24 horas do día. No caso de que as necesidades do servizo así o demanden, a APAPV comprométese a atender ao público un día á semana en horario de tarde.

d) A dispensar ao público un trato cortés e cooperador no exercicio das súas funcións.

e) A fomentar, en colaboración co Concello e respectando a normativa aplicable, as adopcións, destino prioritario dos animais do refuxio. Os animais albergados serán declarados aptos para a adopción polo veterinario ou pola veterinaria responsable do centro de recollida. Os animais deben ser entregados en adopción identificados, vacinados, desparasitados e esterilizados segundo prescrición da veterinaria ou do veterinario responsable, co fin de garantir o seu correcto estado hixiénico-sanitario.

Para estes efectos, o Concello poderá por en funcionamento unha aplicación informática que permita realizar todos os trámites da adopción vía internet, encargándose a Asociación Protectora de xestionar o proceso de altas e baixas. En calquera caso, a Concellería de Medio Ambiente terá acceso permanente a esa información e resérvase a decisión última sobre as solicitudes de adopción que se formulen.

A adopción deberá ser gratuíta, sen prexuízo de que o propio centro de recollida poida repercutir sobre quen o adopte os custos derivados da identificación, segundo proceda.

Cando non sexa posible a adopción ou cando concorran circunstancias que o aconsellen, o centro de recollida, cumprindo o establecido na normativa aplicable, poderá entregar o animal abandonado, en réxime de acollemento temporal, a persoas físicas que poidan garantir o coidado, a atención e as condicións hixiénico-sanitarias que precise. O acollemento estará condicionado á devolución inmediata do animal de aparecer unha persoa adoptante.

f) Á recollida dos animais realizarase cumprindo as condicións hixiénico-sanitarias establecidas na normativa vixente e mediante un vehículo da asociación adecuado e con toda a dotación material suficiente para desenvolver os traballos especificados no punto b) anterior, empregándose equipos axeitados na carga e descarga que non produzan danos ou sufrimentos. Este vehículo permanecerá en perfectas condicións mecánicas, de salubridade e de dotación, e estará ao corrente en toda a documentación, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelado en materia de inspección técnica, pólizas de seguros, impostos, etc.

g) Á eutanasia dos animais será prescrita e realizada por unha ou un facultativo veterinario, de forma rápida e indolora, polos procedementos e nos casos establecidos na lexislación vixente.

h) Á xestión e custo dos residuos producidos nas instalacións, debendo respectar a normativa vixente nesta materia.

i) Ao coidado, atención e vixilancia dos animais illados ou en observación no recinto, cando as circunstancias así o requiran ou o determinen os facultativos do servizo que os controlasen sanitariamente.

j) Ao cumprimento da normativa establecida ou que se estableza sobre a protección dos animais, en especial, as condicións hixiénico-sanitarias e ambientais relativas aos cans e demais animais, así como as disposicións contidas na vixente Ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo (BOP, 22/06/2000), referidas especialmente á recollida e tratamento dos animais abandonados e vagabundos ou extraviados.

k) Á recollida e retención no centro efectuarase sempre en condicións totalmente compatibles cos imperativos biolóxicos da súa especie.

l) A Poñer a disposición da Administración Municipal a documentación relativa aos cans e outros animais, relacionada directa ou indirectamente co obxecto do convenio.

m) A levar de xeito actualizado a documentación relativa aos rexistros de entrada e saída de animais nas condicións e co contido establecido pola normativa aplicable, recollendo como mínimo nestes rexistros: a data de entrada do animal; a procedencia ou orixe; a especie, a raza, e, se é o caso, a identificación individual; as incidencias sanitarias, a data e a causa da baixa e o destino. Para o caso de que o Concello de Vigo poña en funcionamento unha aplicación informática para esta finalidade a Asociación Protectora será a encargada de xestionar o proceso de altas, baixas e demais datos que deberán actualizarse diariamente.

n) Ao especial cumprimento das instrucións e ordes que dite o persoal facultativo de saúde, dos servizos veterinarios en relación cos animais que causasen lesión ou resultasen sospeitosos de padecer enfermidades contaxiosas, adoptando as medidas necesarias para evitar os contaxios entre os animais albergados.

o) Á identificación, conforme estableza a normativa de aplicación en desenvolvemento da lexislación vixente, a nome do concello dos animais que teñan a condición de abandonados, así como os que sexan obxecto do Plan Sanitario de Esterilización Felina. O custe do subministro dos microchips de identificación será por conta do Concello de Vigo.

No caso dos animais que a Asociación Protectora devolva aos seus lexítimos propietarios e que non estean identificados por este ou outro método, solicitará o seu permiso para implantarlles o microchip; de se negar, daráselle un prazo ao interesado de tres días para que proceda á devandita identificación por medio dun facultativo da súa elección. Pola implantación deste microchip poderá percibir a cantidade que corresponda ao prezo de mercado.

p) A Asociación Protectora entregará aos seus donos os animais aos que teñan dereito a reclamar de acordo cos requisitos e nos prazos establecidos na normativa vixente, sen prexuízo da satisfacción de todos os gastos, incluídos os veterinarios, derivados da súa recollida e estancia no centro. Transcorridos os prazos legalmente previstos sen se ter retirado o animal, a Asociación Protectora poderá darlle o destino que legalmente proceda, de acordo coa Concellería de Medio Ambiente.

q) Será de conta da Asociación Protectora dispor do persoal necesario e adecuado para o cumprimento das obrigas establecidas no presente convenio, incumbíndolle tamén o cargo das obrigas sociais, laborais, económicas e fiscais que correspondan, sen que o eventual incumprimento destas implique responsabilidade ningunha para o Concello.

r) Ao cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.

s) A concertar as pólizas de responsabilidade civil necesarias para cubrir calquera incidente que se poida producir derivado da prestación do servizo.



Concello de Vigo

t) A Asociación Protectora non poderá percibir dos particulares taxas nin contraprestación ningunha polos servizos que se establecen neste convenio, agás pola implantación do microchip, apdo. o).

u) Disporá dos servizos profesionais dun veterinario, que asumirá a dirección técnica das instalacións e será responsable, como mínimo, das seguintes funcións e tarefas:

- Control e seguimento do estado sanitario dos animais.
- Control das altas e baixas que se produzan.
- Programa de esterilizacións, que será establecido ou modificado de acordo cos servizos técnicos da Concellería de Medio Ambiente.
- Programa de limpeza e desinfección das instalacións.
- Programa de vacinacións e desparasitacións.
- Emitir os informes que lle solicite o Concello en relación coas súas funcións e, en especial, respecto dos animais que se atopan na caneira.

v) Manter as instalacións en boas condicións hixiénico-sanitarias e ambientais, velando polo correcto funcionamento das mesmas e comunicando coa maior dilixencia posible aos servizos municipais calquera circunstancia que poida producirse, correspondente ao Concello a súa reparación, agás cando concorran as circunstancias indicadas no apartado b) da Cláusula cuarta deste Convenio.

w) A seguir as indicacións técnicas que se poidan dar desde a concellería de Medio Ambiente co Concello.

x) A prestar a colaboración requirida polo Concello naqueles programas de socialización e adestramento realizado por adestradores caninos e voluntarios.

CUARTA: En virtude deste convenio, a Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo terá dereito a:

a) Á utilización da superficie, edificación e instalacións da propiedade municipal emprazada no monte de A Madroa para o cumprimento dos fins previstos no presente convenio.

b) A que a Administración Municipal realice pola súa conta as reparacións, reposicións ou modificacións nas instalacións que se consideren necesarias para o mantemento destas e a súa correcta funcionalidade, exceptuando aqueles casos que deriven de danos por negligencia ou actuación dolosa do persoal da Asociación Protectora.

c) Recibir a protección municipal precisa para o mellor cumprimento da normativa aplicable aos animais.

d) O Concello achegará á Asociación Protectora de Animais e Prantas unha cantidade anual de 105.000 euros (CENTO CINCO MIL EUROS), a percibir en doce mensualidades, a razón de 8.750 euros mensuais, a partir da entrada en vigor do convenio. Dos 8.750 euros mensuais a percibir pola Asociación Protectora, 1.750 euros deberán ser destinados, de conformidade co Concello de Vigo, aos custos derivados da execución do programa en materia sanitaria para o control das colonias felinas da cidade de Vigo, e que deixará de percibir, minorándose a aportación municipal nesa cantidade de 1.750 euros, no momento en que o devandito programa deixe de executarse por acordo expreso do órgano municipal competente.

Forma de pagamento: A APAPV solicitará mensualmente o pagamento e o centro xestor, Servizo de Medio Ambiente, emitirá certificación que acredite ou xustifique o cumprimento íntegro do convenio para os efectos de recoñecemento da obriga e o seu pagamento, nos termos da base 40ª.5. das de execución do orzamento.

e) A dispor da subministración gratuíta de auga, electricidade e telefonía fixa. O subministro de auga, a día de hoxe, non xera gasto xa que se realiza a través de pozos existentes nas instalacións. Os gastos de electricidade e telefonía fixa serán asumidos polo Concello, trala presentación das facturas correspondentes, sendo os órganos xestores encargados da súa verificación e conformidade os servizos Enerxéticos e de Administración Electrónica, respectivamente, con cargo ás partidas 9200.221.00.00 (subministro enerxía eléctrica dependencias municipais), 9220.222.00.00 (gastos telefónicos das dependencias municipais). Estímase un gasto anual en subministro de enerxía eléctrica de 5.400 euros (IVE engadido) e en telefonía fixa de 589,80 euros (IVE engadido).

f) Será da propiedade do Concello de Vigo todo animal que teña entrada nas instalacións que sexan propiedade municipal, respectando en todo caso o sinalado na cláusula terceira, apdo. p), do presente convenio.

g) Resérvase á Asociación Protectora de Animais a cesión ou doazón daqueles animais que pola súa idade, destreza, entrenamiento ou beleza sexan de interese, coa única salvidade de respectar o prazo previsto para a súa reclamación polos donos que o acrediten, así como que non estean suxeitos a retención ou observación por disposición administrativa ou xudicial.

h) A Asociación Protectora de Animais non poderá establecer convenios nin concertos puntuais con propietarios ou posuidores de animais para a exclusiva custodia ou garda mediante prezo. Tampouco poderá concertar a custodia ou mantemento de animais con outras entidades, públicas ou privadas.

QUINTA: Os gastos imputables a cada exercicio, segundo se especifica na cláusula cuarta, apdo. d), deste convenio, faranse con cargo á partida orzamentaria 1721.227.99.04 ("Convenio Sociedade Protectora de animais") dos vixentes presupostos.

SEXTA: A Asociación Protectora de Animais estará obrigada a satisfacerlle á Administración Municipal a indemnización correspondente aos danos e prexuízos que ocasionasen por culpa, negligencia ou actuación dolosa nos bens e instalacións municipais no centro ou aos animais nel aloxados.

SÉTIMA: Para a correcta aplicación do aquí pactado, así como para resolver as dúbidas e controversias que puidesen suscitarse, constitúese unha Comisión Mixta de Seguimento, que estará integrada por dous representantes do Concello de Vigo, do Departamento municipal de Medio Ambiente que actuarán como Presidente/a e secretario con voz e voto, e outros dous representantes da Asociación Protectora.

As posibles discrepancias, de existir, procuraranse resolver amigablemente no seo desta Comisión e, en última instancia, pola Concellería delegada de Medio Ambiente; resolución que poñerá fin á vía administrativa e que poderá ser obxecto dos recursos administrativos e xurisdicionais que en Dereito procedan.

A Comisión reunirse cantas veces o solicite, xustificadamente, calquera das partes para avaliar en detalle a execución do convenio.

OITAVA: Este convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público ao abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE e ten, para todos os efectos, carácter xurídico-administrativo, rexéndose polas súas propias estipulacións e, no seu defecto, polas normas do Dereito administrativo. As cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA: Constituirán causas de resolución do convenio as seguintes:



Concello de Vigo

- a) O incumprimento grave das obrigas adquiridas pola Asociación Protectora de Animais e Prantas e, en especial, as establecidas en cuestións hixiénico-sanitarias ditadas pola Administración.
- b) A falla ou insuficiencia notoria de medios, persoal ou materiais para o coidado, atención ou manutención dos animais, en especial, que poidan chegar a entrañar risco sanitario.
- c) Impedir ou dificultar as tarefas de inspección e control dos servizos municipais.
- d) O incumprimento grave das obrigas asumidas polo Concello en virtude do convenio.

DÉCIMA: O convenio entrará en vigor o día un de marzo do ano dous mil vinte e un.

En proba de conformidade, os comparecentes asinan electronicamente o presente convenio de colaboración en Vigo, na data da sinatura electrónica."

Vigo, na data da sinatura electrónica.

O XEFE DE MEDIO AMBIENTE, SANIDADE
E CONSUMO,
Asdo. Secundino Otero Faílde

O TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL
Ramón A. Hermida-Cachalvite Vázquez

CONFORMES,

A CONCELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE
E VIDA SAUDABLE
Asdo.: Nuria Rodríguez Rodríguez

O CONCELLEIRA DE ORZAMENTOS
E FACENDA
Asdo.: Jaime Aneiros Pereira

15(116).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE XANEIRO DE 2021. EXPTE. 2892/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/02/2021, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira-delegada de área:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de xaneiro de 2021.

Expediente	2882-334. IMPARTIÇÃO (TELEMATICAMENTE) DE 20 SESIÓNS DE 2 HORAS CADA UNHA DE CHARLAS SOBRE A IMPROVISACIÓN ORAL EN VERSO IMPARTIDAS POR REGUEIFEIRO, ENTRE OS MESES DE XANEIRO A MAIO, NO CIOV, E UNHA SESIÓNS MAXISTRAL DE FIN DE CURSO
Resolución concelleira	data 22 de xaneiro de 2021
Informe Intervención	RC 4398
Adxudicatario	ORAL de Galicia
Importe	1.550,00 euros

Expediente	2883-334. IMPARTIÇÃO DE 2 OBRADOIROS DE NARRACIÓN ORAL: INICIACIÓN Á NARRATIVA ORAL E REINVENTAR A TRADICIÓN ORAL (CADA UN DE 12 HORAS) E 6 HORAS DE ADAPTACIÓN E PREPARACIÓN DE CONTIDOS EN LIÑA (POR OBRADOIRO, TOTAL 12 HORAS) PARA PERSOAS ADULTAS, NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2021
Resolución concelleira	data 27 de xaneiro de 2021
Informe Intervención	RC 6579
Adxudicatario	Berrobambán, S.L.
Importe	784,08 euros

Expediente	2884-334. IMPARTIÇÃO DUN OBRADOIRO DE ESCRITA CREATIVA EN LINGUA GALEGA, DIRIXIDO A PÚBLICO ADULTO
Resolución concelleira	data 20 de xaneiro de 2021
Informe Intervención	RC 4432
Adxudicatario	Andreia Costas Otero
Importe	936,00 euros

Expediente	2885-334. REALIZACIÓN DE DOUS CURSOS DE INICIACIÓN Á LINGUA GALEGA (GALEGO NIVEL 0; GALEGO NIVEL 1) ENTRE OS MESES DE FEBREIRO E ABRIL, DIRIXIDOS A PÚBLICO ADULTO
Resolución concelleira	data 20 de xaneiro de 2021
Informe Intervención	RC 4433
Adxudicatario	Ana María Vázquez Facchini
Importe	3.024,00 euros

Expediente	2888-334. IMPARTIÇÃO DE DOUS OBRADOIROS DE ESCRITA DE DRAMATURXIA EN LINGUA GALEGA, DE 20 E 12 HORAS DE DURACIÓN, RESPECTIVAMENTE (XUNTO CON 8 HORAS PARA PREPARAR E AXEITAR O MATERIAL PARA SER IMPARTIDO TELEMATICAMENTE) DIRIXIDOS A PÚBLICO ADULTO
Resolución concelleira	data 29 de xaneiro de 2021
Informe Intervención	RC 7195
Adxudicatario	Ernesto Suárez Is
Importe	1.440,00 euros



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

16(117).- PRÓRROGA DO PROGRAMA “ANÁLISE, AVALIACIÓN, DIAGNOSE, EXECUCIÓN DE CONTROL DA NORMATIVA DE APLICACIÓN PARA INSTALACIÓNS DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 37057/220.

Visto o informe de fiscalización de data 09/02/2021, dáse conta do informe-proposta de data 08/02/2021, asinado pola técnica de Admon. Xeral, pola xefa de Área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada da Área de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión na sesión extraordinaria e urxente do 22 de febreiro de 2018, adoptou o seguinte acordo: “APROBACIÓN DO PROGRAMA PARA A ANÁLISE, AVALIACIÓN, DIAGNOSE, EXECUCIÓN DE CONTROL DA NORMATIVA DE APLICACIÓN PARA INSTALACIÓNS DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 10360/446.”

II.-A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 09/04/2018 acordou o nomeamento interino por execución de programa temporal (programa para análise, avaliación, diagnose, execución de control da normativa de aplicación do para instalacións do servizo de montes, parques e xardíns), por un período máximo de 3 anos: como Enxeñeiro Industrial, a D. R. C. González Fernández, con DNI *****134-V, e como Auxiliar de administración xeral, a D^a B. Bernárdez Rodríguez, con DNI *****333-Y,(expte 31555-220)

III.- Na data de sinatura electrónica, se recibiu solicitude asinada pola Xefatura da Área de Servizos Xerais e conformada polo concelleiro delegado competente, solicitando a *prórroga por un periodo de doce meses do programa referido e do nomeamento dos funcionarios interinos adscritos ao mesmo.*

IV.- En base ao anterior a concelleira-delegada da Área de Organización Municipal, a través de instrución de servizo de data 04/02/2021, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao sometemento e aprobación na Xunta de Goberno Local da prórroga do referido programa temporal e o nomeamento interino solicitado.

V.- Consta no expediente informe de cuantificación económica do gasto a incidencia do mesmo no capítulo I (trámite 12 do expte ao cal nos remitimos na súa integridade).

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- **Prórroga do programa de ““APROBACIÓN DO PROGRAMA PARA A ANÁLISE, AVALIACIÓN, DIAGNOSE, EXECUCIÓN DE CONTROL DA NORMATIVA DE APLICACIÓN PARA INSTALACIÓNS DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 10360/446.”.**

Segundo consta na solicitude recibida asinada pola Xefatura de Área de Servizos Xerais e Concellería delegada competente, *“As causas expresadas na memoria xustificativa aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 22 de febreiro de 2018, que produciu o citado acordo (consta no exp. 10360/446) mantense na actualidade, inclusive incrementadas debido ao que o volume de traballo no servizo de Montes, Parques e Xardíns incrementouse motivado por:*

- Execución de grandes instalacións non habituais no Concello de Vigo coma son os Mega parques infantís (Venezuela, Maruja Mallo, Pedro Alvarado, Jenaro de la Fuente,...), así como as novas instalacións de Parques Biosaludables e Ximnásticos, Palcos, Bebedoiros, Bancos e Instalacións Fotovoltáicas entre outras.

- Licitación de grandes contratos do servizo (Expte. 12853-446. SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. Expte. 12887-446. MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, MOBILIARIO URBANO, FONTES ORNAMENTAIS E ESPAZOS RECREATIVOS DE AUGA DO CONCELLO DE VIGO).

- Aumento das instalacións obxecto do Programa debido a actualización de inventarios e ao incremento de áreas nas novas licitacións

- A non incorporación do Delineante previsto no Programa de Traballo, conlevou un retraso importante nas tarefas a desenvolver tales como os traballos de inspección, actualización da cartografía e inventarios dos equipos e instalacións competencia do servizo, tarefas que necesariamente tiveron que ser realizadas polo Enxeñeiro Industrial, co conseguinte retraso do Programa nas datas inicialmente previstas.

- Así mesmo a situación acaecida pola pandemia COVID-19, introduciu novas normativas de aplicación ás áreas obxecto do programa, o que conleva necesariamente a adopción dunha serie de medidas adicionais sanitarias e de seguridade no relativo a desinfección das instalacións e control de aforo das mesmas para dar cumprimento as medidas COVID- 19, a tal efecto estase desenrolando un programa que abarca todas as instalacións e áreas de xogo que son competencia do servizo de Montes, Parques e Xardíns, o cal recollerá as actuacións sanitarias e de seguridade a levar a cabo adaptadas a cada tipo de instalación.

SEGUNDO: A planificación temporal establecida no programa atendendo ao volume das instalacións, á carga laboral para cada un dos perfís descritos e para cada grupo de instalación, se presenta modificada e se replanifica para a duración coa ampliación do programa previsto, por un periodo adicional de doce meses”.

II.- Prórroga dos nomeamentos interinos.

II a) Lexislación aplicable

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los*



Concello de Vigo

criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II b) Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente

xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Consecuencia da prórroga do programa inicial aprobado pola Xunta reitora, procede a prórroga dos nomeamentos interinos solicitados, que están a desenvolver o programa na actualidade, como Enxeñeiro Industrial, a D. R. C. González Fernández, con DNI *****134-V, e como Auxiliar de administración xeral, a D^a B. Bernárdez Rodríguez, con DNI *****333-Y,

Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate da prórroga do programa temporal, que acontecerá o día 15/04/2022.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección



Concello de Vigo

de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II c) Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica que obra no expediente unido (48927-446), resulta precisa a prórroga polo prazo máximo legalmente establecido de doce meses máis. Nos remitimos ao punto I dos Fundamentos xurídicos de este Informe.

Así mesmo na instrución de servizo do concelleira-delegada da Área de Organización Municipal de data de sinatura electrónica, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

II d) Proposta de gasto:

De acordo co informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente os nomeamentos interinos propostos supón o coste seguinte:

CUADRO RESUMO CUSTE TOTALIDADE PRÓRROGA PROGRAMA 1 ANO (16/04/2021 A 15/04/2022 – 2 POSTOS)

ENXEÑEIRO INDUSTRIAL / AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL

CUSTE TOTAL PROPOSTA	ANO-2021	ANO-2022	Periodo (16/04/2021 a 15/04/2022) – UN ANO x 2 postos-
Retribucións totais	49.956,30 €	20.981,64 €	70.937,94 €
Seguridade Social	14.146,43 €	5.941,49 €	20.087,92 €
TOTAIS 5 POSTOS	64.102,73 €	26.923,13 €	91.025,86 €

Con respecto ao apartado I.a) **pronunciamento expreso de si hai ou non disponibilidad orzamentaria para afrontar os custes retributivos e de seguridade social**, infórmase que o custo da referida prórroga dos nomeamentos formalizados en data 16/04/2018 imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2021(oito meses e medio) e, do periodo comprendido entre o 01/01/2022 e o 15 de abril de

2022 (3 meses e medio) no que respecta a custes retributivos, e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

A aprobación do presente expediente levaría consigo a incorporación dun novo AFUT para o vindeiro exercicio 2022, por importe de 20.981,64€ e outro por importe de 5.941,49€ en concepto de seguridade social correspondente ao ano 2022.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira. No informe de fiscalización debería considerarse expresamente as indicacións contidas no informe técnico de data 04/02/2021. (trámite 12 do expte)

IV. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sra. Concelleira-Delegada da Área de Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 20/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

I.- Prorrogar, en base aos informes que constan no expediente, por 12 meses (ata o 15/04/2022), o Programa "PARA A ANÁLISE, AVALIACIÓN, DIAGNOSE, EXECUCIÓN DE CONTROL DA NORMATIVA DE APLICACIÓN PARA INSTALACIÓN DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 10360/446."

II.- Prorrogar, en base aos informes emitidos no expediente, os nomeamentos dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados para a execución do programa de carácter temporal referido no punto anterior:

- Enxeñeiro Industrial, a D. R. C. González Fernández, con DNI *****134-V
- Auxiliar de administración xeral, a D^a B. Bernárdez Rodríguez, con DNI *****333-Y

En consecuencia, autorizar o gasto total de 91.025,86 €, das que 70.937,94 € corresponden a retribucións e, 20.087,92 € a custes de seguridade social. En canto a retribucións, 49.956,30€, corresponde a presente exercicio e, 20.981,64 € ao vindeiro exercicio 2022; e no que respecta ao custe de seguridade social, 14.146,43€, corresponde a presente exercicio e, 5.941,49 € ao vindeiro exercicio 2022, de conformidade co establecido no informe técnico que consta no informe económico anexado ao expediente.

Elo con cargo á aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2021 (oito meses e medio) e, do período comprendido entre o 01/01/2022 e o 15/04/2022 (3 meses e medio) no que respecta a custes retributivos, e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.



Concello de Vigo

III.- Dispoñer que a referida prórroga dos nomeamentos, faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da prórroga do programa (15/04/2022) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: enxeñeiro industrial (posto cod. 281), e auxiliar de admon xeral (posto cod.138). Todo elo, sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

IV.- Establecer que a xornada laboral dos citados funcionarios interinos desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

V.- Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, á Xefatura da Área de Servizos Xerais, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación a Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(118).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN OEP 2020. EXPTE. 37025/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 11/02/2021, asinado pola técnica de Admon. Xeral, pola xefa de Área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada da Área de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 23/12/2020 aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2020, que foi publicada no BOP de data 30/12/2020, e no DOG de 30/12/2020.

II.- O 20/01/2021, a letrada Sra. Carpintero Vázquez, en representación de UGPOL (Unión de Policías Locais de Galicia), interpón recurso de reposición contra o referido acordo, “*Tenga por presentado este escrito y por formulado recurso de reposición contra el Acuerdo de 30 de diciembre de la Junta Local de Vigo por la que se aprueba la OEP y estimando el mismo, acuerde modificar el Acuerdo y la OEP 2020 en la que se respete en la convocatoria de plazas vacantes del Cuerpo de la Policía Local del Concello de Vigo la reserva del 25% en cada categoría de inspector, oficial y policía para el turno de movilidad voluntaria entre los cuerpos de la Policía Local de Galicia.*”

Igualmente solicita se acorde a suspensión da execución do acto impugnado.

III.- Segundo consta no informe técnico de data 10/02/2021: “*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 23/12/2020 aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2020, que foi publicada no BOP de data 30/12/2020, e no DOG de 30/12/2020.*

Na dita Oferta foron incluídas 6 prazas de Inspector/a e 11 de Oficial do Corpo da Policía Local, reservadas pola quenda de promoción interna e, 24 prazas de Policía pola quenda libre, das que 10 computan na taxa normal de reposición de efectivos e as 14 restantes pola taxa adicional por xubilacións do referido colectivo en aplicación da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para dito ano.

De igual xeito e como antecedente, reseñar que nas últimas ofertas de emprego, foron aprobadas as seguintes prazas do Corpo da Policía, sen facer ningunha referencia a dita reserva para mobilidade horizontal entre os Corpos das Policías Locais de Galicia seguintes:

** OEP-2017, aprobada pola Xunta de Goberno Local extraordinaria de 28/12/2017, expte. 29567/220, publicada no BOP núm. 249 de 29 de decembro de 2017, rectificada por acordo da XGL de dta 22/03/2018, publicada no BOP DE 26/04/2018 e no DOG de 21/06/2018, modificada por acordo da XGL de 26 de xuño de 2019 e publicada no BOP DE 14/08/2019 e no DOG de 12/09/2019, no que se incluíron 5 prazas de policía pola quenda libre, sen facer ningunha referencia a reserva para mobilidade horizontal.*

- OEP-2018, Aprobada Xunta de Goberno Local sesión extraordinaria e urxente do 23/11/2018, expte. 31180/220, e modificada por acordo do mesmo Órgano de 21/01/2019, e publicada no BOP de 26/11/18, BOP de 07/02/19 e no DOG de 19 de febreiro de 2019), no que foron incluídas 8 prazas de policía.

** OEP-2019, aprobada pola XGL en sesión ordinaria de 30/08/2019, expte. 33237/220, publicada no BOP de data 11/09/2019, e no DOG de 25/09/2019), na que se incluíron 1 praza de Inspector pola quenda de promoción interna e, 48 prazas de policía, das que 12 computan na taxa normal de reposición de efectivos e as 36 restantes pola taxa adicional por xubilacións do referido colectivo en aplicación da Lei 6/2018, de 3 de xullo de Orzamentos xerais do Estado para dito ano, prorrogado para o ano 2019.*

Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 12/03/2020, BOP núm. 128 de 07/07/2020 aprobou as bases xerais destas tres convocatorias e as específicas, entre outras, das 61 prazas de Policía incluídas nestras tres ofertas, reservándose nese intre, a porcentaxe do 25% das mesmas (15 prazas) para a quenda de mobilidade horizontal en aplicación do artigo 35.4 da Lei 4/2007, de 20 de abril de Coordinación de Policías Locais de Galicia, modificada pola Lei 9/2016, de 8 de xullo.



Concello de Vigo

Tendo en conta que nestas tres ofertas de emprego (2017, 2018 e 2019) só se convoca unha praza de Inspector/a Policía Local, non se procederá a reserva desta praza pola quenda de mobilidade horizontal, quedando pendente o 0,25% para sucesivas convocatorias.

En conclusión, entende o funcionario que subscribe que a proposta de acordo foi ben formulada, así como o acordo adoptado, ao terse que aprobar a totalidade das 24 prazas de Policía, aínda que no momento de aprobar as bases específicas da convocatoria sexan reservadas 6 delas (25% das 24 prazas aprobadas) pola quenda de mobilidade horizontal en aplicación do disposto na referida Lei, ao igual que a correspondente reserva de prazas de Inspector ($6 \times 25\% = 1,50$ ao que hai que engadir un 0,25% correspondente a praza convocada na OEP-2017, resultando un total de $1,75\% =$ dúas prazas, quedando pendente de acumular para sucesivas ofertas o 0,25% restante)) e Oficial ($11 \text{ prazas} \times 25\% = 2,75\% + 0,25\%$ da praza incluída na OEP-2016 que quedara pendente) = 3 prazas).

En resume, na posterior execución da Oferta de Emprego Público correspondente a ano 2020, publicada no BOP e no DOG de 30 de decembro de 2020, deberán reservarse pola quenda de mobilidade horizontal as seguintes prazas:

- * 2 prazas de Inspector, das 6 prazas convocadas.*
- * 3 prazas de Oficial, das 11 prazas convocadas.*
- * 6 prazas de Policía, das 24 prazas convocadas.*

Todo elo sen prexuízo de que si así fose disposto facer a oportuna aclaración ao respecto no Boletín Oficial da Provincia.”

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

I.- Constitución Española.

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

III.- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia

IV.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

V.- - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

VI.- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba el Regulamento Xeral de Ingreso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Con carácter previo, resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica,

doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Lexitimación e prazo.

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Se considera interesados a quen promove un procedemento administrativo como titulares de dereitos ou de intereses lexítimos individuais ou colectivos, así como a quen, sen haber iniciado o procedemento, teñan dereitos que resulten afectados pola resolución administrativa.

En canto a lexitimación de asociacións e organizacións representativas, dicir que as asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais son titulares de intereses lexítimos colectivos nos términos que a Lei lles recoñeza. A satisfacción do interese común é a forma de satisfacer o de todos e cada un dos que compoñen a sociedade, polo que pode afirmarse que cando un membro da sociedade defende un interese común sostén simultaneamente un interese persoal, o dende outra perspectiva, que a única forma de defender o interese persoal é o interese común (TCo 62/1983). En canto aos requisitos para que as asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais teñan lexitimación para recorrer en vía administrativa é necesario:

a) Que estean validamente constituídas, de conformidade coa normativa que no seu caso lles sexa aplicable.

b) Que o acto recorrido afecte aos intereses sociais, económicos, profesionais e culturais de seus membros (TS 25-11-98, EDJ 25704).

No caso de UGPOL, é público e notorio a constitución da Asociación “UNIÓN GALEGA DE POLICÍAS LOCAIS-UGPOL” integrada por Policía Local que presten ou prestan servizos de Policía Local no Corpo da Policía Local de Galicia, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar. Segundo o artigo 2 dos seus Estatutos a asociación UGPOL, ten o seguinte ámbito de actuación “*Esta asociación se constitúe por tempo indefinido, el ámbito territorial de actuación de la misma será la Comunidad Autónoma de Galicia y el ámbito profesional la Policía Local de Galicia*”.



Concello de Vigo

Polo tanto, estando validamente constituída a asociación recorrente, e afectando o acto recorrido aos intereses profesionais dos seus membros; cabe concluír que ostenta lexitimación para a interposición do recurso.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado.

Neste caso, o recorrente impugna a Oferta de Emprego Público para o ano 2020, que foi publicada no BOP de data 30/12/2020, interpoñendo o recurso o día 20/01/2021, polo tanto dentro do prazo do mes establecido para a interposición do recurso.

III.- En canto a solicitud de suspensión, no ámbito do procedemento administrativo, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas parte da executividade dos actos administrativos, *son inmediatamente executivos (artigo 98). En concreto, cando se interpoña un recurso administrativo o artigo 117 prevé como regra xeneral que “no suspenderá la ejecución del acto impugnado, si bien el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:*

- **a)** Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.
- **b)** Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esa Ley.

A estos efectos se regula un silencio positivo en el artículo 117.3 pues la ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. Por otra parte, si de la suspensión pueden derivarse perjuicios de cualquier naturaleza, aquélla sólo producirá efectos previa prestación de caución o garantía suficiente para responder de ellos, en los términos establecidos reglamentariamente.”

No presente caso, e sen prexuízo do que exporase a continuación en canto ao fondo do asunto, que xa adiantamos que o acto administrativo recorrido non está incurso en causa de nulidade xa que logo, a posterior convocatoria das prazas ofertadas, respetará o 25 % da quenda de mobilidade horizontal; a hora de valorar a suspensión do acto polo que se aproba a Oferta de Emprego público 2020, procedería unha ponderación razoada dos intereses en xogo (o interese público e de terceiros e o interese do recorrente). Entendo non procede a suspensión do acto impugnado toda vez que causaría un prexuízo evidente ó interese xeral que se pon de manifesto na necesidade da cobertura das prazas de referencia co fin de atender con prontitude os servizos da Administración, ademais do prexuízo que se causaría aos posibles candidatos que sen máis culpa se verían abocados a un retraso na execución da oferta de emprego. En atención ao exposto, entendo que é preciso dar preferencia ao intereses públicos vinculados á execución da oferta de emprego correspondente pois, de no ser así, impediríase a provisión das prazas incluídas na oferta de emprego, prexudicando a actuación administrativa e aos posibles terceiros afectados.

IV.- Oferta de emprego público.

O artigo 70 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, dispón:

1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.
2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.
3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.

Pola súa banda a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia, en exercicio das competencias que ten atribuídas na materia, contempla no seu artigo 48, con carácter xeral, en desenvolvemento do previsto no artigo 70 do TREBEP, e polo que atinxe ás ofertas de emprego público, que:

“1. Las necesidades de recursos humanos con asignación presupuestaria que no puedan ser cubiertas con los efectivos de personal existentes, incluidas las vacantes desempeñadas por personal funcionario interino o laboral temporal, serán objeto de oferta de empleo público, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por ciento adicional, salvo que se decida su amortización, estén incursas en un procedimiento de provisión de puestos de trabajo por concurso o, en el caso del personal docente, la planificación educativa lo impida.

2. En las ofertas de empleo público se reservará un porcentaje no inferior al siete por ciento de las plazas convocadas para ser cubiertas entre personas con discapacidad, siempre que superen las pruebas selectivas y acrediten su discapacidad y la compatibilidad de esta con el desempeño de las tareas y funciones, de forma que progresivamente se alcance el dos por ciento de los efectivos totales de cada Administración pública incluida en el ámbito de aplicación de la presente ley.

La reserva del mínimo del siete por ciento se realizará de manera que, al menos el dos por ciento de las plazas ofertadas lo sea para ser cubiertas por personas que acrediten discapacidad intelectual, y el resto de las plazas ofertadas lo sea para personas que acrediten cualquier otro tipo de discapacidad.

La reserva se hará sobre el número total de las plazas incluidas en la respectiva oferta de empleo público, pudiendo concentrarse las plazas reservadas para personas con discapacidad en aquellas convocatorias que se refieran a cuerpos, escalas o categorías que se adapten mejor a las peculiaridades de las personas con discapacidad. Cuando de la aplicación de los porcentajes resulten fracciones decimales, se redondearán por exceso para su cómputo.

Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente ofer-



Concello de Vigo

ta de emprego público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento.

3. Las ofertas de empleo público pueden prever que las plazas reservadas para personas con discapacidad se convoquen conjuntamente con las plazas ordinarias o mediante convocatorias independientes, garantizándose, en todo caso, el carácter individual de los procesos selectivos. Las pruebas de los procesos objeto de convocatoria independiente tendrán el mismo contenido que las que se realicen en las convocatorias ordinarias y las personas que participen en ellas deberán acreditar el grado de discapacidad indicado. Las plazas incluidas en estas convocatorias se computarán en el porcentaje reservado en la oferta de empleo público para su cobertura entre personas con discapacidad.

4. Una vez aprobada y publicada la oferta de empleo público, los respectivos procesos selectivos se convocarán en el plazo máximo fijado en la misma. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público debe desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años, a contar a partir del día siguiente al de la publicación de aquella en el correspondiente diario oficial.

5. La oferta de empleo público podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”

Da regulación legal deriva seu ámbito:

- . Se extiende, tanto a prazas de funcionario, como de persoal laboral.
- . Se refire a prazas de novo ingreso.
- . Comporta a obriga de convocar as prazas dentro do prazo indicado.
- . Se contemplan as prazas que é obrigado convocar.
- . A oferta de emprego, pode ser substituída por un instrumento de funcionalidade equivalente.
- . Poderá incorporar medidas complementarias de xestión de recursos humanos.

A oferta de emprego público, é polo tanto o presupuesto da convocatoria, pero a súa eficacia é limitada. Así, en termos da Sentencia del Tribunal Supremo de 1 de abril de 2009: “Sobre el alcance que debe otorgarse a una Oferta de empleo público, ha de señalarse lo siguiente: consiste tan solo en determinar las plazas vacantes que podrán ser objeto de cobertura en el ejercicio anual a que está referida; no conlleva ni produce la iniciación del correspondiente proceso administrativo destinado a seleccionar y nombrar las concretas personas que habrán de ocupar dichas plazas, pues esto corresponde a la ulterior convocatoria que ha de realizarse con esa finalidad”.

Polo tanto e a tenor do exposto, na Oferta de Emprego público, solo é obrigado determinar as prazas vacantes que poderán ser obxecto de cobertura. Será nun momento posterior, cando en execución da OEP correspondente, se elaboren as bases xerais específicas, e se proceda a convocatoria das prazas, cando será preciso determinar as que se reservan para as diferentes quendas.

Así, no momento de elaboración das Bases xerais e específicas de cada convocatoria, non pode obviarse a aplicación directa do previsto no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o pro-

cedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, en cuxo artigo 6 se establece expresamente que:

“1. Las bases de las pruebas selectivas, así como las correspondientes convocatorias, se publicarán en el «Boletín Oficial» de la provincia, en el «Boletín Oficial» de la Comunidad Autónoma, y en su caso, en otros diarios oficiales o en el período oficial de la Corporación interesada.

2. El anuncio de las convocatorias se publicará en el «Boletín Oficial del Estado» y deberá contener:

Denominación de la Escala, subescala y clase para cuyo ingreso se convocan las pruebas selectivas, Corporación que las convoca, clase y número de plazas, con indicación de las que se reserven, en su caso, a promoción interna, así como las que se reserven para personas con minusvalías, fecha y número del Boletín o diarios oficiales en que se han publicado las bases y la convocatoria.”

O recurso de reposición presentado, solicita textualmente: *“Tenga por presentado este escrito y por formulado RECURSO DE REPOSICIÓN contra el Acuerdo de 30 de diciembre de la Junta Local de Vigo por la que se aprueba la OEP y estimando el mismo, acuerde modificar el Acuerdo y la OEP 2020 en la que se respete en la convocatoria de plazas vacantes del Cuerpo de la Policía Local del Concello de Vigo la reserva del 25% en cada categoría de inspector, oficial y policía para el turno de movilidad voluntaria entre los cuerpos de la Policía Local de Galicia”*

En atención ao exposto, a oferta de emprego público aprobada por acordo de 23/12/2020 da Xunta de goberno local, acto administrativo agora recorrido; non convoca o proceso selectivo. Será por acordo posterior, cando se aprobe a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo 2020 xunto ás bases xerais e específicas, no momento en que por obriga legal, se reserva o 25 % de cada categoría á quenda de mobilidade horizontal.

Así, segundo o informe técnico que obra no expediente: *“En resume, na posterior execución da Oferta de Emprego Público correspondente a ano 2020, publicada no BOP e no DOG de 30 de decembro de 2020, deberán reservarse pola quenda de mobilidade horizontal as seguintes prazas:*

- * 2 prazas de Inspector, das 6 prazas convocadas.*
- * 3 prazas de Oficial, das 11 prazas convocadas.*
- * 6 prazas de Policía, das 24 prazas convocadas.”*

Non obstante, aínda que polos motivos expostos, non cabe falar de vulneración da reserva do 25% legal para a quenda de mobilidade horizontal, certo é que o anuncio publicado da Oferta de emprego público do ano 2020, pode inducir a confusión, polo que procede a rectificación do mesmo nos termos do informe técnico referido.

Así:



Concello de Vigo

PRAZAS	Nº PRAZAS	QUENDA
INSPECTOR/A POLICÍA	6	PROMOCIÓN INTERNA 2(mobilidade horizontal)
OFICIAL POLICÍA	11	PROMOCIÓN INTERNA 3(mobilidade horizontal)
POLICÍA	24	LIBRE 6(mobilidade horizontal)

V.- Competencia.-

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar, de conformidade cos informes emitidos no expediente, e pola motivación legal exposta, a petición de suspensión do acto impugnado (acordo da Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria de 23/12/2020 polo que se aproba a Oferta de Emprego Público para o ano 2020- BOP 30/12/2020 e DOG de 30/12/2020), formulada pola representación de UGPOL - Unión de Policía Locais de Galicia.

Segundo.- Desestimar, en base aos informes emitidos no expediente, e pola motivación legal exposta, o recurso formulado pola representación de UGPOL - Unión de Policía Locais de Galicia.

Terceiro.- Rectificar o punto primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria de 23/12/2020 polo que se aproba a Oferta de Emprego Público para o ano 2020- BOP 30/12/2020 e DOG de 30/12/2020, no relativo as seguintes prazas:

PRAZAS	Nº PRAZAS	QUENDA
INSPECTOR/A POLICÍA	6	PROMOCIÓN INTERNA 2(mobilidade horizontal)
OFICIAL POLICÍA	11	PROMOCIÓN INTERNA 3(mobilidade horizontal)
POLICÍA	24	LIBRE 6(mobilidade horizontal)

Cuarto.- Ordenar a publicación da rectificación e notifíquese o presente acordo ao recorrente, ao Comité de Persoal, Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(119).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DE APARELLOS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 2696/341.

Visto o informe xurídico do 05/02/2021 e o informe de fiscalización do 10/02/2021, dáse conta do informe-proposta de data 04/02/2021, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado de Cultura e Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 20 de xaneiro de 2020.
- Resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 21 de xaneiro de 2020, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e resolución de continuidade do expediente asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 10 de decembro de 2020.
- Memoria económica redactada, con data 11 de decembro de 2020, polo xefe do servizo de Museos Municipais e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.



Concello de Vigo

- Documento económico de retención de crédito da Intervención Xeral de data 14 de decembro de 2020.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 14 de decembro de 2020, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 25 de xaneiro de 2021, redactada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Informe de data 25 de xaneiro de 2021, da técnica de Administración Xeral sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 3 de febreiro de 2021, redactado polo servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local da mesma data.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación de servizos de mantemento de aparellos de climatización e calefacción en dependencias da Rede de Museos Municipais.

Cuarto: En cumprimento do establecido no artigo 116.1. LCSP, consta no expediente, o decreto da orde de inicio asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Quinto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnico de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación.

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións, a insuficiencia de medios (art. 116 da LCSP), a non división en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (art. 29 LCSP), o prezo do contrato, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) ao que fai referencia o art. 102 da LCSP, que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), as condicións especiais de execución (art 202.1 da LCSP), a elección dos criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (art. 145.1 da LCSP), a forma de aboamento do prezo (art 67.2ñ do RL-CAP) e o lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (art. 67,5f e 67.7.e do RL-CAP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O

contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto, simplificado e abreviado, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Oitavo: De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 14 de decembro de 2020.

Décimo: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto, simplificado e abreviado, dos servizos de mantemento de aparellos de climatización e calefacción en dependencias da Rede de Museos Municipais.

2º.- Aprobar o Prego de prescripcóns técnicas que rexerá a citada contratación, de data 14 de decembro de 2020, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 3 de febreiro de 2021, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **27.726,44 €** (vinteseite mil setecentos vinteseis euros con corenta e catro céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 4.812,03 € (catro mil oitocentos doce euros con tres céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 3330.227.99.11 "Mantemento sistemas climatización", según o seguinte detalle:

2021 (abril-décembro)	2022	2023 (xaneiro-marzo)
10.397,42 €	13.863,22 €	3.465,80 €



Concello de Vigo

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(120).- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO, CORRECTIVO E REGULAMENTARIO DE APARELLOS ELEVADORES E PORTAS CORREDOIRAS AUTOMÁTICAS EN DEPENDENCIAS DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 3166/330.

Visto o informe xurídico do 26/01/2021 e o informe de fiscalización do 10/02/2021, dáse conta do informe-proposta de data 04/02/2021, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado de Cultura e Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 9 de xaneiro de 2020.
- Resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 9 de xaneiro de 2020, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e resolución de continuidade do expediente asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 2 de decembro de 2020.
- Memoria económica redactada, con data 4 de decembro de 2020, polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Documento económico de retención de crédito da Intervención Xeral de data 4 de decembro de 2020.

- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 7 de decembro de 2020, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 8 de xaneiro de 2021, redactada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Informe de data 25 de xaneiro de 2021, da técnica de Administración Xeral sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 25 de xaneiro de 2021, redactado polo servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local da mesma data.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación de servizos de mantemento preventivo, correctivo e regulamentario de aparellos elevadores e portas corredeiras automáticas en dependencias das Bibliotecas Públicas adscritas á Área de Cultura.

Cuarto: En cumprimento do establecido no artigo 116.1. LCSP, consta no expediente, o decreto da orde de inicio asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Quinto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnico de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación.

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións, a insuficiencia de medios (art. 116 da LCSP), a non división en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (art. 29 LCSP), o prezo do contrato, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) ao que fai referencia o art. 102 da LCSP, que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), as condicións especiais de execución (art 202.1 da LCSP), a elección dos criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (art. 145.1 da LCSP), a forma de aboamento do prezo (art 67.2ñ do RL-CAP) e o lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (art. 67,5f e 67.7.e do RL-CAP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O



Concello de Vigo

contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto, simplificado e abreviado, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Oitavo: De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 4 de decembro de 2020.

Décimo: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto, simplificado e abreviado, dos servizos de mantemento preventivo, correctivo e regulamentario de aparellos elevadores e portas corredeiras automáticas en dependencias das Bibliotecas Públicas adscritas á Área de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 7 de decembro de 2020, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 25 de xaneiro de 2021, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **10.568,24 €** (dez mil cincocentos sesenta e oito euros con vintecatros céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 1.834,16 € (mil oitocentos trinta e catro euros con dezaseis céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 3321.227.99.06 "Mantemento de ascensores en Bibliotecas", según o seguinte detalle:

2021 (abril-decembro)	2022	2023 (xaneiro-marzo)
3.963,08 €	5.284,12 €	1.321,04 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(121).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA JACINTO BENAVENTE”- OBRAS DO PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 3403/440.

Dáse conta do informe-proposta do 22/02/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do servizo xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 22 de xullo de 2015 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Obras D. Jerónimo Centrón Castaños emite informe sobre a necesidade de iniciar actuacións de **MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA RUA JACINTO BENAVENTE”**. Á vista deste informe, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 28 de xullo de 2015, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do



Concello de Vigo

correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 7 de agosto de 2015, na que se acordou encomendar á entidade concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **“MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA RUA JACINTO BENAVENTE”**.

IV.- O 1 de Xullo de 2016 a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia resolve autorizar dita actuación, condicionado á realización dunhas sondaxes arqueolóxicas. Mediante resolución de data 13/01/2017, a Dirección Xeral de Patrimonio autorizou a realización do proxecto de sondaxes arqueolóxicas. Ditas sondaxes foron executadas en abril de 2018. O informe valorativo das sondaxes arqueolóxicas remítese á Dirección Xeral de Patrimonio con data 28/05/2018.

En data 16/07/2018 recíbese resolución da Dirección Xeral de Patrimonio, na que resolve *“dar por rematada a intervención de sondaxes arqueolóxicas derivadas da obra de renovación da rede de saneamento na rúa Jacinto Benavente, non habendo inconveniente, desde o punto de vista arqueolóxico, na realización das obras de saneamento previstas”*.

O 14 de setembro de 2018 solícitase autorización á Autoridade Portuaria de Vigo para a realización das citadas obras, que as informa favorablemente con data 19 de setembro de 2018.

V.- Con data 20 de decembro de 2019, Aqualia-FCC Vigo UTE presentou o proxecto **MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA RUA JACINTO BENAVENTE”**, redactado pola empresa de enxeñería GalaiControl e suscrito pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos TRINIDAD LOPEZ RODRIGUEZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SESENTA E NOVE MIL CENTO DEZANOVE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (369.119,50) e TRESCENTOS CINCO MIL CINCUENTA E SETE EUROS CON CORENTA E CATRO CENTIMOS (305.057,44 €), sen IVE, dito documento consta de firma dixital de 5/12/2019, e un prazo de execución de SEIS (6) meses. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

VI.- Con esa mesma data 20 de decembro de 2019, a empresa concesionaria presenta os custos asociados correspondentes ao proxecto de referencia (redacción de proxecto, asistencia técnica, coordinación de seguridade e saúde e control arqueolóxico) por un importe de 24.872,65 € (IVE excluído) que foron informados favorablemente polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castañón.

VII.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de abril de 2020 acordouse aprobar o proxecto técnico e os custos asociados para a execución das obras de “Mellora de saneamento na rúa Jacinto Benavente”, cun orzamento de TRESCENTOS CINCO MIL CINCUENTA E SETE EUROS CON CORENTA E CATRO CENTIMOS (305.057,44 €) IVE excluído e uns custos asociados de 24.872,65 € (IVE excluído). Figura no expediente Acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2020, no cal se procede a corrixir un erro material no anterior acordo e que queda do xeito indicado anteriormente.

VIII.- En data 30 de xuño de 2020 Aqualia-FCC Vigo UTE presenta a documentación referida as características do contrato de obra, requirida no Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2013, ao que se fai referencia no expositivo II. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 3403/440
- Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.
- NIF: A28223741.
- Presuposto de execución material: 256.350,79 €
- Presuposto de contrata: 305.057,44 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 6 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Non se exige.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: Galaicontrol.
- Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM.

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente "**MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA RUA JACINTO BENAVENTE**", cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, que aproba o procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

21(122).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez